



MEMORIA DE CALIDADE 23-24

Facultade de Dereito

Curso Académico: 2023/2024

Fase	Unidade / Órgano	Data
Aprobación por	Comisión de Docencia e Calidade	14/07/2025
Informe técnico por	Sección de Calidade. Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización	15/10/2025
Aprobada por	Comisión Permanente da Xunta de Facultade	04/11/2025
Aprobada por	Comisión de Calidade e Planificación da USC Comisión de Calidade e Planificación da USC	26/11/2025

Índice

1. Introducción	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	24
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	24
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	60
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.....	115
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	132
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	151
Directriz 6. Información pública	177
3. Plan de Melloras do centro	185
4. Modificacións nos diferentes títulos	215
5. Listaxe de evidencias e indicadores	218

1. Introducción

1.1. Presentación da Memoria de Calidade

En consonancia co **procedemento PE-02 de Revisión e Mellora do Sistema de Garantía de Calidade (en adiante, SGC)**, a **Memoria de Calidade da Facultade de Dereito** constitúe o **instrumento institucional** mediante o cal se recolle a **análise do grao de implantación e desenvolvemento do SGC no centro**. Así mesmo, este documento **dá conta do desenvolvemento e dos resultados acadados polos programas formativos oficiais adscritos á Facultade durante o curso académico 2023/2024**.

1.2. O Centro

1.2.1. Orixe do Centro

Os estudos xurídicos estiveron presentes na universidade europea desde as súas orixes, no século XI, sempre tendo en conta que a existencia de escolas de formación de xuristas é anterior.

No caso concreto da USC, as orixes da Facultade de Dereito remóntanse ao ano 1649. Desde entón e ata a actualidade ocupouse da formación xurídica universitaria en Galicia de xeito exclusivo ata os anos noventa do século pasado, década en que se implantaron outras facultades con ensinanzas xurídicas no Sistema Universitario de Galicia.

1.2.2. Títulos oficiais impartidos na Facultade de Dereito no curso obxecto desta Memoria

Durante o curso académico correspondente a esta Memoria, a Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela impartiu os seguintes títulos oficiais:

1.2.2.1. Graos

- Grao en Dereito (GD) Código RUCT: 2502227
- Dobre itinerario en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos (DIDRLRH) Código RUCT: 7000604

Cómpre salientar que este itinerario é habitualmente denominado como Dobre Grao (DG), aínda que non constitúe unha titulación autónoma, senón un programa de simultaneidade de graos. Así o recolle a Instrución da Secretaría Xeral de Universidades do 16 de decembro de 2019 sobre a oferta de programas de simultaneidade no SUG, onde se indica: *“É necesario lembrar, polo tanto, que os programas de simultaneidade de graos (comunmente mal chamados 'dobres graos') (...) trátase de dúas titulacións distintas que son cursadas á vez polo alumnado integrado no programa e que, ao superar a totalidade dos créditos comprendidos no mesmo, recibe dous títulos de grao diferentes”*.

Por esta razón, resulta importante subliñar que o alumnado matriculado no DG recibe unha formación idéntica á do alumnado dos graos individuais, compartindo as mesmas materias, horarios, aulas, profesorado, sistemas de avaliación e contidos.

- Grao en Criminoloxía (GC) Código RUCT: 2503038

1.2.2.2. Mestrados

- Mestrado Universitario en Avogacía (MUA) Código RUCT: 4313724
- Mestrado Universitario en Estudos Internacionais (MUEI) Código RUCT: 4311758
- Mestrado Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais (MUDTETD) Código RUCT: 4317810

1.2.3. Comunidade académica do centro

1.2.3.1. Estudantado: matrícula global

Durante o **curso académico 2023/2024**, un total de **1.348** estudantes cursan algunha das **titulacións oficiais adscritas á Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela**. Este dato inclúe o conxunto de **graos e másteres oficiais impartidos no Centro**.

Matrícula global Facultade de Dereito (2023/2024)



A **distribución por titulación**, así como a **evolución respecto dos cursos anteriores**, é obxecto de seguimento nos **informes estatísticos anuais** e nas **reunións da Comisión de Docencia e Calidade**. Estes datos resultan **fundamentais para a planificación académica**, a **xestión dos recursos docentes** e a **toma de decisións estratéxicas** no marco do **Sistema de Garantía de Calidade**.

A **evolución do número de estudantes matriculados** constitúe un **indicador clave para avaliar a demanda**, o **grao de consolidación das titulacións** e a **súa capacidade de atracción**, tanto no ámbito **local como nacional e internacional**.

1.2.3.2. Persoal Docente e Investigador (PDI)


1.2.3.2.1. Grao en Dereito

O persoal docente e investigador (PDI) que imparte docencia no **Grao en Dereito** está composto polos seguintes perfís:

- **Catedrático/a de Universidade:** 29 (28,43 %)
- **Titular de Universidade:** 33 (32,35 %)
- **Profesor/a Contratado/a Doutor:** 11 (10,78 %)
- **Profesor/a Axudante Doutor:** 6 (5,88 %)
- **Profesor/a Interino:** 7 (6,86 %)
- **Profesor/a Asociado:** 5 (4,9 %)
- **Profesor/a Lector/a:** 2 (1,96 %)

En total, o número de PDI que imparte docencia no Grao en Dereito é de **102 persoas**.

Categoría PDI do Grao en Dereito



1.2.3.2.2. Grao en Criminoloxía

O persoal docente e investigador (PDI) que imparte docencia no **Grao en Criminoloxía** está composto polos seguintes perfís:

- **Catedrático/a de Universidade:** 14 (21,88%)
- **Titular de Universidade:** 17 (26,56%)
- **Profesor/a Contratado/a Doutor:** 7 (10,94%)
- **Profesor/a Axudante Doutor:** 10 (15,62%)
- **Profesor/a Interino:** 4 (6,25%)
- **Profesor/a Asociado:** 6 (9,38%)
- **Posdoutoral:** 1 (1,56%)
- **Predoutoral:** 5 (7,81%)

En total, o número de PDI que imparte docencia no Grao en Dereito é de **64 persoas**.




1.2.3.2.3. Máster Universitario en Avogacía

O persoal docente e investigador (PDI) que imparte docencia no **Máster Universitario en Avogacía** está composto polos seguintes perfís:

- **Catedráticos/as de Universidade:** 3 (4,84%)
- **Titulares de Universidade:** 7 (11,29%)
- **Profesores/as Contratados/as Doutores/as:** 6 (9,68%)
- **Profesores/as Axudantes Doutores/as:** 1 (1,61%)
- **Profesores/as Interinos/as:** 1 (1,61%)
- **Profesionais externos/as:** 43 (69,35%)

En total, o número de PDI que imparte docencia no MUA é de **62 persoas**.




1.2.3.2.4. Máster Universitario en Estudios Internacionais

O persoal docente e investigador (PDI) que imparte docencia no **Máster Universitario en Estudios Internacionais** está composto polos seguintes perfís:

- **Catedráticos/as de Universidade:** 3 (20 %)
- **Titulares de Universidade:** 5 (33,33 %)
- **Profesores/as Contratados/as Doutores/as:** 1 (6,67 %)
- **Profesores/as Axudantes Doutores/as:** 3 (20 %)
- **Profesores/as Interinos/as:** 1 (6,67 %)
- **Profesionais externos/as:** 2 (13,33 %)
- **Profesores/as Lectores/as:** 2 (1,96 %)

En total, o número de PDI que imparte docencia no MUESINT é de **17 persoas**.




1.2.3.2.5. Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais

O persoal docente e investigador (PDI) da Universidade de Santiago de Compostela que imparte docencia no **Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais** está composto polos seguintes perfís:

- **Catedráticos/as de Universidade:** 3 (75 %)
- **Profesores/as Contratados/as Doutores/as:** 1 (25 %)

En total, o número de PDI da USC que imparte docencia no MUDTETD é de **4 persoas**.

Categoría PDI da USC MUDTETD



1.2.3.3. Departamentos implicados na docencia das titulacións oficiais impartida na Facultade de Dereito

Un total de 14 departamentos e 34 áreas de coñecemento son os implicados na docencia das materias que compoñen os títulos oficiais que se imparten na Facultade de Dereito, concretamente:

- Departamento externo vinculado ás titulacións (Área externa M.U en Avogacía, Área externa M.U en Avogacía e Procura, Área externa M.U en Estudos Internacionais).
- Dereito Común (Dereito Civil, Dereito Eclesiástico do Estado, Dereito Internacional Privado, Dereito Romano).
- Dereito Público Especial e da Empresa (Dereito do Traballo e da Seguridade Social, Dereito Financeiro e Tributario, Dereito Mercantil, Dereito Penal, Dereito Procesual, Filosofía do Dereito, Historia do Dereito e das Institucións).
- Dereito Público e Teoría do Estado (Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais, Dereito Administrativo, Dereito Constitucional, Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais).
- Economía Aplicada (Economía Aplicada).
- Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia e Pediatría (Medicina Legal e Forense, Toxicoloxía).
- Ciencia Política e Socioloxía (Ciencia Política e da Administración, Socioloxía, Psicoloxía Organizacional e Xurídico-Forense).
- Ciencias da Comunicación (Comunicación Audiovisual e Publicidade, Xornalismo).

- Electrónica e Computación (Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial).
- Filoloxía Inglesa e Alemá (Filoloxía Inglesa).
- Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía (Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos).
- Psicoloxía Evolutiva e da Educación (Psicoloxía Evolutiva e da Educación).
- Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía (Metodoloxía das Ciencias do Comportamento, Psicoloxía Básica).
- Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina (Psiquiatría).

1.2.3.4. *Persoal técnico, de xestión e de administración e servizos*

A USC dispón de servizos centralizados de Xestión Académica, en cuxa estrutura se enmarca a **Unidade de Xestión de Centro e Departamentos**, que **coordina a xestión de toda a actividade administrativa derivada da xestión académica, económica e de recursos humanos do Centro**, e presta apoio ás autoridades académicas na **planificación e programación docente**. Nela se enmarcan os **servizos de administración e xestión propios da Facultade de Dereito**. Ao persoal adscrito á **Unidade de Xestión de Centro e Departamentos da Facultade de Dereito** debe engadirse o **persoal de apoio que está no centro**, se ben **non presta servizos directos a ningunha das titulacións oficiais**, como o **Técnico Superior de Información do CEDE**.

Persoal adscrito á Unidade de Xestión de Centro e Departamentos da Facultade de Dereito.

Nº de efectivos	Denominación do posto
1	Responsable da Unidade
1	Responsable de Asuntos Económicos
1	Secretaría de Decanato
2	Secretaría de Departamentos
1	Posto base da Unidade
1	Responsable do Punto de Atención, Información e Servizos
3	Postos base do Punto de Atención, Información e Servizos
1	Negociado Instituto de Criminoloxía
1	Negociado Facultade de Dereito

Outro persoal de apoio Facultade de Dereito

Nº de efectivos	Denominación do posto
1	Técnico Superior de Información CEDE

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULDADE DE DEREITO	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 9 de 224

1.3. Sistema de Calidade do Centro: Sistema Interno (SIGC) ou Sistema de Garantía de Calidade (SGC)

1.3.1. O Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC)

De acordo co Sistema de Garantía de Calidade marco establecido pola Universidade de Santiago de Compostela, a Facultade de Dereito conta cun Sistema de Garantía de Calidade (SGC) propio, deseñado e desenvolvido conforme ás directrices do Programa Fides-Audit. Este sistema foi avaliado positivamente no ano 2013, tal e como consta no Informe Final de Avaliación e na certificación emitida pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

Desde a súa implantación, o SGC da Facultade foi evolucionando de forma paralela ao Sistema Marco da USC, adaptándose ás necesidades e particularidades propias do centro. Esta evolución quedou recollida nas sucesivas Memorias de Calidade e nas actas da Comisión de Docencia e Calidade.

Na actualidade, permanecen vixentes a **quinta edición do Manual do SGC** e o **Manual de Procesos da Facultade de Dereito**, documentos aprobados o **6 de outubro de 2021** pola Comisión de Calidade e Planificación —órgano delegado do Consello de Goberno da USC—, tras a súa validación previa pola Comisión Permanente da Facultade de Dereito na sesión do **4 de outubro de 2021**. Ambos documentos están dispoñibles para consulta na páxina web da Facultade:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-dereito/calidade/documentación-sgc>

Con periodicidade anual, elabórase e apróbase a **Memoria de Calidade do Centro**, documento no que se recolle información relevante sobre:

- o seguimento do SGC,
- os informes de seguimento e/ou renovación da acreditación das titulacións adscritas á Facultade, e
- as accións de mellora previstas ou implementadas a nivel de centro.

Esta memoria forma parte da estratexia de avaliación e mellora continua da calidade académica e da xestión institucional da Facultade de Dereito.

1.3.2. Órganos responsables do desenvolvemento e seguimento do SGC

A Facultade de Dereito dispón dun conxunto de órganos, tanto unipersoais como colexiados, responsables do desenvolvemento, implementación e seguimento do seu Sistema de Garantía de Calidade (SGC), de acordo co establecido no Sistema de Garantía Interna de Calidade da Universidade de Santiago de Compostela (SGIC-USC).

Órganos unipersoais

- Sr./a Decano/a da Facultade de Dereito

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE DEREITO	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 10 de 224

- Responsable de Calidade do Centro (RCC)
- Coordinador/a de Calidade do Centro (CCC)
- Coordinadores/as de titulación

Órganos colexiados

- Equipo Decanal
- Comisión de Docencia e Calidade do Centro (CDC)

Por riba destes órganos sitúase a **Xunta de Facultade**, órgano colexiado de goberno ao que lle corresponde a aprobación da Memoria de Calidade, así como a proposta de implantación de novas titulacións e a modificación das existentes.

A **documentación de referencia** empregada no marco do SGC inclúe, ademais dos documentos recollidos no punto 2 (Manual do SGIC, Manual de Procesos e Procedementos), a normativa vixente de ámbito estatal, autonómico e universitario, así como os informes de seguimento das seguintes titulacións impartidas pola Facultade:

- Grao en Dereito
- Grao en Criminoloxía
- Mestrado Universitario en Avogacía
- Mestrado Universitario en Estudos Internacionais

De conformidade co **Manual Simplificado do SGIC**, a Facultade de Dereito acordou que a súa Comisión de Calidade coincidise na súa composición coa Comisión de Docencia, incorporando ademais as seguintes figuras:

- Coordinadores/as dos másteres oficiais adscritos á Facultade
- Persoa responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos da Facultade

Na actualidade, e segundo o disposto no artigo 34 do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Dereito, a **Comisión de Docencia e Calidade** está constituída polos seguintes membros:

- O/a Sr./a Decano/a, que exerce a presidencia
- O/a Vicedecano/a de Asuntos Económicos e Infraestruturas
- O/a Vicedecano/a de Organización Académica
- O/a Secretario/a da Facultade
- Coordinadores/as das titulacións oficiais adscritas
- Persoa responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos
- Representación proporcional dos distintos sectores presentes na Xunta de Facultade, integrada por **12 membros**, distribuídos do seguinte xeito:
 - 4 docentes con vinculación permanente
 - 2 representantes do resto do persoal docente e investigador e do persoal investigador en formación
 - 5 estudantes de grao

- 1 estudante de máster ou doutoramento

Tamén asisten ás reunións da Comisión de Docencia e Calidad a persoa Responsable de Calidade do Centro (RCC) -cargo que, na actualidade, ostenta a Secretaria da Facultade e o Coordinador/a de Calidade do Centro (CCC).

1.4. Plan Estratéxico de Centro (PEC)

No curso 2017/2018 aprobouse o primeiro Plan Estratéxico da Facultade de Dereito (2017-2020). A posta en marcha do proceso da súa elaboración foi iniciada polo **Grupo de Traballo para a Elaboración do Plan Estratéxico**, na xuntanza celebrada o **19 de xaneiro de 2017**, tras o acordo da **Comisión de Docencia e Calidade do Centro**. As **liñas estratéxicas definidas e os obxectivos que as desenvolven** están aliñados co **Plan Estratéxico da USC 2011-2020**.

O **Plan Estratéxico da Facultade (2017-2020)** rematou a súa vixencia o **31 de decembro de 2020**, polo que se procedeu, con data de **26 de xaneiro de 2021**, á súa **prórroga e renovación**, tomando como referencia a **Programación Plurianual da USC (2019-2022)**. Dita prórroga e renovación do Plan Estratéxico foi **aprobada pola Comisión de Calidade e Planificación**, delegada do **Consello de Goberno da USC**, na sesión do **3 de marzo de 2021**. A renovación presentada consistiu na **eliminación de obxectivos e/ou liñas** que, ou ben **xa estaban acadadas**, ou ben **non se consideraban axeitadas no momento actual**, así como na **inclusión doutras novas**, de acordo coas **directrices da programación plurianual da USC** ou **adaptadas á conxuntura actual** (dispoñible en: https://assets.usc.gal/sites/default/files/documents/2021-04/prorroga-y-renovacion-plan-estrategico_0.pdf).

As **liñas estratéxicas definidas na Facultade de Dereito** estrutúranse arredor de **cinco grandes áreas prioritarias**, cada unha delas concretada en obxectivos e accións estratéxicas:

LIÑAS ESTRATÉXICAS DO CENTRO	Obxectivos estratéxico Accións
LEC 1. Calidade da Docencia	OE 1.1. Incrementar a oferta docencia de posgrao no centro. OE 1.2. Mellorar as infraestructuras docentes da Facultade. OE 1.3. Mellorar o rendemento académico do estudantado

OE 1.4. Potenciar a interlocución co alumnado

OE 1.5. Reforzar a formación docente do profesorado

OE 1.6. Mellorar a información sobre inserción laboral dos egresados das titulacións do centro.

OE 1.7. Abrir unha reflexión académica sobre os contidos das guías docentes do Grao en Dereito, con especial atención á actualización de materias, coordinación de contidos e posible inclusión de novas disciplinas, tras 10 anos de implantación do título.

OE 1.8. Ampliar a oferta de prácticas externas no Grao en Dereito e implementar plenamente as prácticas no Grao en Criminoloxía.

OE 1.9. Fomentar a formación integral

	do alumnado (ética, competencias transversais, etc.).
	OE 1.10. Incrementar os programas de mobilidade, especialmente no Grao en Criminoloxía.
LEC 2. Calidade da investigación	OE 2.1. Visibilizar a actividade investigadora do PDI na web da Facultade. OE 2.2. Avanzar no proceso de internacionalización da investigación desenvolvida polo PDI.
LEC 3. Sistema de Garantía Interno de Calidade	OE 3.1. Fomentar a cultura da calidade no centro. AC 3.1.1. Incrementar a participación nas enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese. AC 3.1.2. Divulgar o SGIC entre a comunidade universitaria. AC 3.1.3. Certificar o SGIC do centro. AC 3.1.4. Acadar a acreditación institucional.

LEC 4. Relacións cos grupos de interese externos	OE 4.1. Coñecer as demandas sociais en materia de formación xurídica. OE 4.2. Potenciar a ofertar de cursos, seminarios e congresos cunha programación temática de interese para a sociedade.
LEC 5. Xestión	OE 5.1. Reducir a carga de traballo administrativo do PDI, procurando fórmulas no marco da USC que permitan rebaixar esa sobrecarga. OE 5.2. Fortalecer a Unidade de Xestión de Centros e Departamentos AC 5.2.1. Mellorar e redimensionamento dos espazos administrativos do centro. AC 5.2.2. Adaptación da estrutura organizativa de xestión e servizos á realidade actual da Facultade. AC 5.2.3. Fortalecemento da coordinación entre o PAS para optimizar a xestión das actividades do centro.

Finalizada a vixencia da prórroga descrita, é **necesario aprobar un novo plan estratéxico para a Facultade de Dereito** que, a falta dun **Plan estratéxico da Universidade**, seguirá a senda establecida na **Programación plurianual da USC 2023-2026** (dispoñible en: <https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/sxeco/orc/programacion>). Prevista

como **acción de mellora**, a **execución desta medida** foi **adiada ao curso 2023/2024** debido ao anuncio por parte do **Goberno da USC** da súa intención de elaborar o Plan Estratéxico da Universidade. Así, na **acta da Comisión de Docencia e Calidade de 16 de febreiro de 2024** adoptouse o **acordo da posta en marcha dos traballos para a elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Dereito**, constando na mesma o seguinte:

“A Sra. Decana indica que non se teñen iniciado ata o momento os traballos para a elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Dereito a espera de que a propia USC presentase o seu. Nun determinado momento, sendo así informado o Colexio de Decanos, dende o equipo reitoral comunícase que non se vai a proceder a aprobar un Plan Estratéxico da USC polo que cada centro terá que ir elaborando o seu da forma en que decida. No caso da Facultade de Dereito é unha cuestión que nos urxe xa que o vindeiro mes de abril terá lugar a renovación da acreditación do Grao en Criminoloxía e o feito de contar un Plan Estratéxico de centro é algo que se valora positivamente. A primeira medida a este respecto será que a Comisión de Docencia e Calidade nomee a un grupo de traballo que se encargue da súa elaboración”.

Adoptado este acordo, o Goberno da USC iniciou o proceso de elaboración do Plan Estratéxico 2024-2026, o cal foi aprobado en xuño de 2024. A partir dese momento iniciáronse os traballos para a súa elaboración. De acordo co **proceso PE-01 Planificación Estratéxica do Manual de Procesos do SGC da Facultade de Dereito**, o equipo decanal da Facultade é o responsable de nomear a comisión ou grupo responsable para a elaboración do PE. A comisión nomeada foi a **Comisión de Docencia e Calidade do Centro na súa totalidade**, co fin de **distribuír a responsabilidade e a carga de traballo entre todos os seus membros**.

Aprobado en xuño de 2024 o Plan Estratéxico da Universidade de Santiago de Compostela 2024-2026, iniciáronse os traballos para a elaboración do **Plan Estratéxico da Facultade de Dereito**. De acordo co procedemento **PE-01 Planificación Estratéxica** recollido no Manual de Procesos do **Sistema de Garantía de Calidade (SGC)** da Facultade, **corresponde ao equipo decanal designar a comisión ou grupo responsable da súa elaboración**.

A comisión designada foi a **Comisión de Docencia e Calidade do Centro na súa totalidade**, co fin de **distribuír a responsabilidade e a carga de traballo entre todas as súas persoas integrantes**.

A través dun **proceso de reflexión compartida**, e aproveitando a **experiencia acumulada na xestión do SGC**, identificáronse as **fortalezas que mellor representan a Facultade**, recoñecéronse as súas **debilidades**, detectáronse **oportunidades de mellora** e avaliáronse **ameazas potenciais derivadas do contexto académico, profesional e social**.

Este **Plan Estratéxico, de carácter bianual**, mantén unha **liña continuísta** e un **firme compromiso coa mellora continua**, centrado na **consolidación do SGC**. Estrutúrase en función de **prioridades consensuadas cos distintos grupos de interese da Facultade**,

co obxectivo de **afrontar os retos actuais e futuros da educación superior nos ámbitos do Dereito e da Criminoloxía.**

A proposta de **borrador do Plan Estratéxico da Facultade de Dereito 2024-2026** presentada sintetízase no seguinte cadro:

LIÑAS ESTRATÉXICAS DO CENTRO	Obxectivos estratéxico	Periodo de execución	Accións
LEC 1. Diversificación da oferta académica	OE 1.1. Incrementar a oferta de programas conxuntos de grao con outras titulacións da Universidade de Santiago de Compostela.	2025/2026	AC 1.1.1. Identificar áreas de sinerxia académica. AC 1.1.2. Propoñer a creación dun dobre itinerario con algún dos graos estratéxicos identificados.
	OE 1.2. Completar a oferta formativa en competencias transversais e de posgrao	2025/2026	AC 1.2.1. Consultar a opinión do Comité Consultivo da Facultade, titores de prácticas externas e outros grupos de interese sobre competencias, habilidades relevantes e ámbitos de especialización. AC 1.2.2. Ofertar actividades e cursos para a mellora das competencias transversais do estudiantado. AC 1.2.3. Propoñer a implementación de novos programas de posgrado. AC 1.2.4. Ofertar microcredenciais ou cursos de curta

			duración que permitan a actualización de coñecementos para profesionais en activo. AC 1.2.4. Promover un programa de doutoramento en Criminoloxía.
LEC 2. Actualización dos contidos, dos métodos docente e da formación do PDI e do PTXAS	OE 2.1. Implementar un proceso de revisión dos contidos das guías docentes	2025/2026	AC 2.1.1. Creación dun grupo de traballo por área académica para revisar os contidos das guías docentes.
	OE 2.2. Revisión do plan de estudos do dobre itinerario Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos	2025/2026	AC 2.2.1. Creación dun grupo de traballo para a revisión do plan de estudos do dobre itinerario Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos.
	OE 2.3. Promover a renovación das metodoloxías docentes	2025/2026	AC 2.3.1. Promover a organización congresos, seminarios e cursos de formación e innovación docente.
	OE 2.4. Acercar a práctica profesional as aulas mediante a colaboración con profesionais externos	2025/2026	AC 2.4.1. Organizar conferencias e seminario prácticos.
	OE 2.5. Formación do PDI en ciencia aberta	2025/2026	AC 2.4.2. Difundir as convocatorias das prácticas externas curriculares e extracurriculares.

	OE 2.6. Formación do PTXAS		AC 2.5.1. Ofertar cursos de formación en ciencia aberta. AC 2.6.1. Fomentar a participación do PTXAS no plan de formación.
LEC 3. Mellora das infraestructuras, dos entornos de traballo e da páxina web da Facultade	OE 3.1. Elaborar unhas directrices para a regulación do uso dos espazos e renovación das instalacións da Facultade conforme a dispoñibilidade orzamentaria	2025/2026	AC 3.1.1. Elaborar unhas directrices para a regulación e reorganización dos espazos AC 3.1.2. Auditoría das infraestructuras existentes. AC 3.1.3. Incrementar a sostibilidade das infraestructuras. AC 3.1.4. Revisar e renovar os espazos e as instalacións para garantir un servizo de excelencia na docencia, na investigación e nas actividades xerais da Facultade.
	OE 3.2. Actualización e modernización tecnolóxica da Facultade conforme á dispoñibilidade orzamentaria	2025/2026	AC 3.1.5. Dotar espazos de convivencia para o PDI, o PTXAS e os representantes e as asociacións de estudantes do centro. AC 3.1.6. Eliminar barreiras arquitectónicas para garantir á accesibilidade.

	OE 3.3. Optimización da páxina web da Facultade	AC 3.2.1. Acondicionamento de salas de reunións con equipos de videoconferencia. AC 3.2.2. Renovación de equipamento obsoleto. AC 3.3.1. Capacitar aos responsables da xestión da web para que poidan actualizar e manter os contidos de maneira eficiente e autónoma. AC 3.3.2. Redeseñar a intranet para facela máis intuitiva e accesible, priorizando a navegación sinxela e a localización rápida de información.
LEC 4. Optimización do funcionamento da unidade de xestión de centro e departamentos	OE 4.1. Optimización do funcionamento da unidade de xestión de centro e departamentos	2025/2026 AC 4.1.1. Cuantificar a carga de traballo da unidade de xestión. AC 4.1.2. Efectuar un informe sobre as necesidades de apoio á xestión que presenta a Facultade. AC 4.1.3. Reorganización das tarefas efectuadas polos integrantes da unidade de xestión

		de centro e departamentos.
LEC 5. Proxección social, institucional e internacional	OE 5.1. Fomentar a ampliación e o fortalecemento das relacións sociais e institucionais, promovendo a visibilidade e o impacto da Facultade no ámbito académico, profesional e comunitario.	2025/2026 AC 5.1.1. Articular foros de diálogo interdisciplinar que reúnan actores académicos, profesionais e sociais para tratar temas de actualidade e interese xeral. AC 5.1.2. Promover a realización de actividades de extensión universitaria de interese para a comunidade da Facultade a través da colaboración con entidades ou asociacións, así como mediante a cesión dos espazos do Centro. AC 5.1.3. Incrementar os convenios de colaboración con institucións locais, autonómicas e nacionais que promovan actividades conxuntas no ámbito docente, investigador e de transferencia do coñecemento. 2025/2026 AC 5.1.4. Crear unha rede activa de egresados que funcione como canle

	OE 5.2. Internacionalización da Facultade	de intercambio de experiencias e conexión profesional, promovendo o contacto entre a comunidade universitaria e o mundo laboral. AC 5.1.5. Desenvolver campañas de comunicación e difusión que resalten os logros do centro, os proxectos de impacto social e as contribucións da Facultade ao coñecemento e á sociedade. AC 5.2.1. Promover a presenza da Facultade de Dereito na alianza europea de universidades EUniWell. AC 5.2.2. Impulsar a organización de eventos académicos e de investigación con proxección internacional. AC 5.2.3. Ampliar o número de convenios erasmus e acordos bilaterais para o intercambio do PDI, PTXAS e estudantes. AC 5.2.4. Visibilizar a presenza de
--	--	--

			investigadores visitantes no noso centro. AC 5.2.5. Promover a realización de eventos científicos polos investigadores visitantes.
LEC 6. Asentar unha cultura da calidade que forme parte do funcionamento ordinario do centro	OE 6.1. Implicar ao PDI, ao PTXAS e ao estudiantado no sistema de garantía de calidade	2025/2026	AC 6.1.1. Fomentar a participación do estudiantado nas enquisas de satisfacción do SGC. AC 6.1.2. Fomentar a participación do PDI nas enquisas de satisfacción do SGC. AC 6.1.3. Fomentar a participación do PTXAS nas enquisas de satisfacción do SGC.
	OE 6.2. Promover boas prácticas	2025/2026	AC 6.2.1. Difundir exemplos de boas prácticas implementadas noutras facultades ou institucións que poidan ser adaptadas á Facultade

O Plan foi aprobado pola Xunta da Facultade o 13 de febreiro de 2025 e ratificado pola Comisión de Calidade e Planificación, órgano delegado do Consello de Goberno, o 28 de febreiro de 2025.

Para máis información, pode consultarse o texto completo do **Plan Estratéxico da Facultade de Dereito 2024-2026** na seguinte ligazón:

<https://www.usc.gal/es/centro/facultadderecho/calidad/politica-calidad>

 FACULTADE DE DEREITO	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 23 de 224

En todo caso, os **procedementos establecidos** permitiron **recoller a información de maneira continuada**, a **análise dos seus resultados** e a **súa utilización para a mellora da calidade do título de Grao en Dereito**. Os **procedementos de avaliación e mellora da calidade do ensino e o profesorado**, desenvolvéronse de acordo ao establecido, **debería destacarse o impacto positivo que está a ter na calidade do ensino o sistema de coordinación** recollido en epígrafes anteriores. As **actas das reunións periódicas que realiza a Comisión de Docencia e Calidade do Centro** poñen de manifesto o **papel de liderado que xoga no proceso de mellora continua**.

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1. Política de Calidade

Os estudos xurídicos estiveron presentes na Universidade europea de maneira ininterrompida desde as súas orixes no século XI, aínda que a existencia de escolas de formación de xuristas é anterior e está difundida en todo tipo de culturas e civilizacións. Por tanto, o interese académico, científico e profesional da impartición dun título xeneralista de Grao en Dereito está fóra de toda dúbida. En particular, na Universidade de Santiago de Compostela, a Facultade de Dereito retrotrae as súas orixes ao 1649 e, desde entón, ocupouse da formación xurídica universitaria en Galicia de maneira exclusiva ata os anos oitenta do século pasado, cando se implantaron as demais Facultades xurídicas do Sistema Universitario Galego (SUG); aínda na actualidade, o Grao en Dereito que ofrece a Facultade segue sendo o de maior demanda de todo o SUG. De tan longa tradición é froito un gran número de personaxes de relevancia histórica, política, social, cultural e científica que recibiron a súa formación nas aulas da Facultade e que avalan a calidade do ensino impartido na mesma.

Pola súa banda, o Instituto de Criminoloxía foi creado no ano 1981, sendo o terceiro de máis antigüidade en España. Encargouse da impartición dos estudos correspondentes á titulación propia de Diploma Superior en Criminoloxía ata a súa extinción no curso 2022-23 por mor da implantación do Grao en Criminoloxía no curso 2018/2019.

Misión

A Facultade de Dereito é unha institución pública, integrada na Universidade de Santiago de Compostela, que ten como misión impulsar o desenvolvemento da docencia superior e a investigación

científica nas disciplinas correspondentes aos plans de estudo das súas titulacións. Promove unha educación integral baseada na excelencia académica, na ética, no compromiso social e na formación para un contexto global e interdisciplinar.

Visión

A Facultade de Dereito aspira a ser un referente na formación de profesionais nos eidos do Dereito e da Criminoloxía, recoñecida pola súa excelencia académica, a súa investigación de impacto e a súa capacidade para responder aos retos xurídicos e sociais do século XXI. A través dunha formación integral, queremos ofrecer aos nosos estudantes unha preparación completa, que combine o coñecemento teórico cunha sólida formación práctica, preparando profesionais que poidan afrontar os retos do exercicio profesional cun enfoque ético, crítico e responsable.

O centro busca consolidarse como un espazo de innovación e reflexión crítica, cunha forte orientación á solución de problemas reais e actuais da sociedade. Para isto, fomentamos unha investigación de alto nivel, que non só se caracterice pola súa excelencia académica, senón tamén polo seu impacto directo na mellora das políticas públicas, no desenvolvemento de novas normas xurídicas e na adaptación do sistema xurídico ás necesidades reais da nosa sociedade.

A nosa aposta pola interdisciplinariedade permite aos estudantes desenvolver habilidades analíticas e prácticas que van máis alá do ámbito xurídico tradicional, conectando coa economía, a política, a socioloxía, a psicoloxía e outras áreas relevantes, permitindo un enfoque máis amplo e efectivo na resolución de problemas.

A colaboración co sector xurídico, coas institucións públicas e privadas, e coas redes internacionais é fundamental para ofrecer unha formación adaptada ás demandas do mercado laboral globalizado. A participación en proxectos e iniciativas internacionais permite á Facultade ampliar a súa visibilidade global, ao tempo que favorece o intercambio e a colaboración entre diferentes tradicións xurídicas e culturais, enriquecendo a súa perspectiva e formación.

A Facultade de Dereito pretende ser un espazo de aprendizaxe que forme profesionais non só cualificados, senón tamén cidadáns responsables, conscientes do seu papel na mellora da sociedade.

Valores

No exercicio da súa actividade e, particularmente, no desenvolvemento e execución do presente Plan Estratéxico, a Facultade de Dereito rexerese polos seguintes valores:

- A defensa e promoción dos dereitos fundamentais
- A vocación de servizo e compromiso coa excelencia
- O compromiso coa formación continua
- A liberdade de pensamento
- O espírito crítico
- A xestión aberta e responsable
- A participación e o diálogo
- A ética e a responsabilidade social
- A apertura á cidadanía e sensibilidade ás necesidades sociais
- O compromiso coa innovación tecnolóxica

- A colaboración internacional e a multiculturalidade

Principios

A Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela reafirma o seu compromiso coa calidade, en consonancia co seu Sistema de Garantía de Calidade (SGC), e coa oferta dunha formación de excelencia baseada en principios como a responsabilidade, integración, participación, igualdade, orientación ao alumnado, transparencia e excelencia. Estes principios son a columna vertebral da súa política de calidade e reflicten o seu papel como institución de referencia no ensino do Dereito e da Criminoloxía.

- **Responsabilidade:** proporcionar unha formación de alta calidade nos ámbitos xurídico e criminolóxico, garantindo unha oferta académica que responda ás necesidades e expectativas do estudantado e da sociedade.
- **Integración, participación e igualdade:** atender ás necesidades dos distintos grupos de interese, facilitando mecanismos efectivos para a expresión de opinións, suxestións, desacordos e queixas. Así mesmo, fomentar a participación de toda a comunidade académica no desenvolvemento da vida universitaria, garantindo a representación dos diferentes colectivos nos órganos de goberno e xestión da Facultade.
- **Orientación ao alumnado:** situar ao estudantado no centro da actividade académica, asegurando a súa orientación e apoio a través da figura dos titores, dos coordinadores de curso e da dirección do centro mediante o desenvolvemento de programas formativos que favorezan o seu éxito académico e a súa inserción laboral.
- **Transparencia:** reforzar a confianza da comunidade universitaria e da sociedade a través dunha xestión aberta e accesible, promovendo a difusión pública e actualizada dos resultados dos programas formativos. Para este fin, empregarase de maneira prioritaria a páxina web da Facultade e as súas redes sociais institucionais.
- **Excelencia:** alcanzar os estándares máis elevados de calidade académica e institucional, tomando como referencia os principais modelos vixentes de xestión universitaria, así como os centros de ensino superior de prestixio, especialmente no ámbito español e europeo.

Cómpre salientar que no curso 2017/2018 se aprobou o primeiro Plan Estratéxico da Facultade de Dereito (2017-2020). A elaboración deste plan foi impulsada polo Grupo de Traballo para a Elaboración do Plan Estratéxico, creado na reunión celebrada o 19 de xaneiro de 2017, tras o acordo adoptado pola Comisión de Docencia e Calidade da Facultade. As liñas estratéxicas definidas e os obxectivos asociados estaban aliñados co Plan Estratéxico da USC 2011-2020.

A vixencia do Plan Estratéxico da Facultade (2017-2020) rematou o 31 de decembro de 2020, procedéndose posteriormente, con data de 26 de xaneiro de 2021, á súa prórroga e renovación, tomando como referencia a Programación Plurianual da USC (2019-2022). Esta prórroga e renovación foi aprobada pola Comisión de Calidade e Planificación, delegada do Consello de Goberno da USC, na sesión do 3 de marzo de 2021. A renovación consistiu na eliminación de obxectivos e/ou liñas que xa foran acadados ou que non se consideraban axeitados no contexto actual, e na inclusión de outros novos, en consonancia coas directrices da programación plurianual da USC e adaptados á conxuntura do momento (dispoñible en: https://assets.usc.gal/sites/default/files/documents/2021-04/prorroga-y-renovacion-plan-estratexico_0.pdf).

Unha vez finalizada a vixencia desta prórroga, resulta necesaria a aprobación dun novo plan estratéxico para a Facultade de Dereito. Na ausencia dun novo Plan Estratéxico da Universidade, este plan deberá

seguir as liñas establecidas pola Programación Plurianual da USC 2023-2026 (dispoñible en: <https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/sxeco/orc/programacion>). Esta acción, prevista como mellora da Facultade de Dereito, viuse posposta ao curso 2023/2024 ante o anuncio de que o Goberno da USC tiña intención de elaborar un novo Plan Estratéxico da Universidade.

Así, na acta da Comisión de Docencia e Calidade do 16 de febreiro de 2024, adoptouse o acordo para iniciar os traballos de elaboración do novo Plan Estratéxico da Facultade de Dereito. Unha vez adoptado este acordo, o Goberno da USC iniciou o proceso de elaboración do Plan Estratéxico 2024-2026, que foi aprobado no mes de xuño de 2024. A partir dese momento, iniciáronse os traballos para a elaboración do novo Plan Estratéxico da Facultade de Dereito. De acordo co proceso PE-01 de Planificación Estratéxica do Manual de Procesos do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Dereito, o equipo decanal é o órgano responsable do nomeamento da comisión ou grupo encargado da súa elaboración. A comisión designada foi a propia Comisión de Docencia e Calidade do Centro na súa totalidade, co fin de repartir a responsabilidade e a carga de traballo entre todos os seus membros.

En calquera caso, os procedementos establecidos permitiron recoller información de forma continua, analizar os seus resultados e utilízaos para mellorar a calidade dos títulos oficiais adscritos á Facultade de Dereito. Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da docencia e do profesorado desenvóléronse conforme ao establecido, sendo destacable o impacto positivo que está a ter na calidade docente o sistema de coordinación descrito nos apartados anteriores. As actas das reunións periódicas celebradas pola Comisión de Docencia e Calidade (un total de 15 en el curso académico 2023/2024) e polas Comisións Académica do Mestrado Universitario en Avogacía (MUA), do Mestrado Universitario en Estudos Internacionais (MUEI) e do Mestrado Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais (MUDTETD).

2. Obxectivos de calidade

2.1. Prórroga e renovación plan estratéxico 2021-2024: obxectivos de calidade

As liñas estratéxicas definidas na Facultade de Dereito estrutúranse arredor de **cinco grandes áreas prioritarias**, cada unha delas concretada en obxectivos e accións estratéxicas:

LIÑAS ESTRATÉXICAS DO CENTRO	Obxectivos estratéxico	Accións
LEC 1. Calidade da Docencia	OE 1.1. Incrementar a oferta docencia de posgrao no centro. OE 1.2. Mellorar as infraestructuras docentes da Facultade. OE 1.3. Mellorar o rendemento académico do estudantado	

OE 1.4. Potenciar a interlocución co alumnado

OE 1.5. Reforzar a formación docente do profesorado

OE 1.6. Mellorar a información sobre inserción laboral dos egresados das titulacións do centro.

OE 1.7. Abrir unha reflexión académica sobre os contidos das guías docentes do Grao en Dereito, con especial atención á actualización de materias, coordinación de contidos e posible inclusión de novas disciplinas, tras 10 anos de implantación do título.

OE 1.8. Ampliar a oferta de prácticas externas no Grao en Dereito e implementar plenamente as prácticas no Grao en Criminoloxía.

OE 1.9. Fomentar a formación integral do alumnado (ética, competencias transversais, etc.).

	OE 1.10. Incrementar os programas de mobilidade, especialmente no Grao en Criminoloxía.	
LEC 2. Calidade da investigación	OE 2.1. Visibilizar a actividade investigadora do PDI na web da Facultade. OE 2.2. Avanzar no proceso de internacionalización da investigación desenvolvida polo PDI.	
LEC 3. Sistema de Garantía Interno de Calidade	OE 3.1. Fomentar a cultura da calidade no centro.	AC 3.1.1. Incrementar a participación nas enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese. AC 3.1.2. Divulgar o SGIC entre a comunidade universitaria. AC 3.1.3. Certificar o SGIC do centro. AC 3.1.4. Acadar a acreditación institucional.
LEC 4. Relacións cos grupos de interese externos	OE 4.1. Coñecer as demandas sociais en materia de formación xurídica. OE 4.2. Potenciar a ofertar de cursos, seminarios e congresos cunha programación	

	temática de interese para a sociedade.
LEC 5. Xestión	OE 5.1. Reducir a carga de traballo administrativo do PDI, procurando fórmulas no marco da USC que permitan rebaixar esa sobrecarga. OE 5.2. Fortalecer a Unidade de Xestión de Centros e Departamentos AC 5.2.1. Mellorar e redimensionamento dos espazos administrativos do centro. AC 5.2.2. Adaptación da estrutura organizativa de xestión e servizos á realidade actual da Facultade. AC 5.2.3. Fortalecemento da coordinación entre o PAS para optimizar a xestión das actividades do centro.

Esta planificación estratéxica reflicte o **compromiso da Facultade de Dereito coa calidade docente e investigadora, a mellora continua, a proxección social e a eficiencia organizativa**, como eixes fundamentais para avanzar cara a unha educación superior máis comprometida, inclusiva e de excelencia.

2.2. Proposta de Plan Estratéxico da Facultade de Dereito 2024/2026

Aprobado en xuño de 2024 o Plan Estratéxico da Universidade de Santiago de Compostela 2024-2026, iniciáronse os traballos para a elaboración do **Plan Estratéxico da Facultade de Dereito**. De acordo co procedemento **PE-01 Planificación Estratéxica** recollido no Manual de Procesos do **Sistema de Garantía de Calidade (SGC)** da Facultade, **corresponde ao equipo decanal designar a comisión ou grupo responsable da súa elaboración**.

A comisión designada foi a **Comisión de Docencia e Calidade do Centro na súa totalidade**, co fin de **distribuír a responsabilidade e a carga de traballo entre todas as súas persoas integrantes**.

A través dun **proceso de reflexión compartida**, e aproveitando a **experiencia acumulada na xestión do SGC**, identificáronse as **fortalezas que mellor representan a Facultade**, recoñecéronse as súas

debilidades, detectáronse oportunidades de mellora e avaliáronse ameazas potenciais derivadas do contexto académico, profesional e social.

Este **Plan Estratéxico, de carácter bianual**, mantén unha **liña continuísta** e un **firme compromiso coa mellora continua**, centrado na **consolidación do SGC**. Estrutúrase en función de **prioridades consensuadas cos distintos grupos de interese da Facultade**, co obxectivo de **afrontar os retos actuais e futuros da educación superior nos ámbitos do Dereito e da Criminoloxía**.

A proposta de **borrador do Plan Estratéxico da Facultade de Dereito 2024-2026** presentada sintetízase no seguinte cadro:

LIÑAS ESTRATÉXICAS DO CENTRO	Obxectivos estratéxico	Periodo de execución	Accións
LEC 1. Diversificación da oferta académica	OE 1.1. Incrementar a oferta de programas conxuntos de grao con outras titulacións da Universidade de Santiago de Compostela.	2025/2026	AC 1.1.1. Identificar áreas de sinerxia académica. AC 1.1.2. Propoñer a creación dun dobre itinerario con algún dos graos estratéxicos identificados.
	OE 1.2. Completar a oferta formativa en competencias transversais e de posgrao	2025/2026	AC 1.2.1. Consultar a opinión do Comité Consultivo da Facultade, titores de prácticas externas e outros grupos de interese sobre competencias, habilidades relevantes e ámbitos de especialización. AC 1.2.2. Ofertar actividades e cursos para a mellora das competencias transversais do estudiantado. AC 1.2.3. Propoñer a implementación de novos programas de posgrado. AC 1.2.4. Ofertar microcredenciais ou

			cursos de curta duración que permitan a actualización de coñecementos para profesionais en activo. AC 1.2.4. Promover un programa de doutoramento en Criminoloxía.
LEC 2. Actualización dos contados, dos métodos docente e da formación do PDI e do PTXAS	OE 2.1. Implementar un proceso de revisión dos contidos das guías docentes	2025/2026	AC 2.1.1. Creación dun grupo de traballo por área académica para revisar os contidos das guías docentes.
	OE 2.2. Revisión do plan de estudos do dobre itinerario Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos	2025/2026	AC 2.2.1. Creación dun grupo de traballo para a revisión do plan de estudos do dobre itinerario Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos.
	OE 2.3. Promover a renovación das metodoloxías docentes	2025/2026	AC 2.3.1. Promover a organización congresos, seminarios e cursos de formación e innovación docente.
	OE 2.4. Acercar a práctica profesional as aulas mediante a colaboración con profesionais externos	2025/2026	AC 2.4.1. Organizar conferencias e seminario prácticos. AC 2.4.2. Difundir as convocatorias das prácticas externas curriculares e extracurriculares.
	OE 2.5. Formación do PDI en ciencia aberta	2025/2026	AC 2.5.1. Ofertar cursos de formación en ciencia aberta.
	OE 2.6. Formación do PTXAS		

			AC 2.6.1. Fomentar a participación do PTXAS no plan de formación.
LEC 3. Mellora das infraestructuras, dos entornos de traballo e da páxina web da Facultade	OE 3.1. Elaborar unhas directrices para a regulación do uso dos espazos e renovación das instalacións da Facultade conforme a dispoñibilidade orzamentaria	2025/2026	AC 3.1.1. Elaborar unhas directrices para a regulación e reorganización dos espazos AC 3.1.2. Auditoría das infraestructuras existentes. AC 3.1.3. Incrementar a sostibilidade das infraestructuras. AC 3.1.4. Revisar e renovar os espazos e as instalacións para garantir un servizo de excelencia na docencia, na investigación e nas actividades xerais da Facultade. AC 3.1.5. Dotar espazos de convivencia para o PDI, o PTXAS e os representantes e as asociacións de estudantes do centro.
	OE 3.2. Actualización e modernización tecnolóxica da Facultade conforme á dispoñibilidade orzamentaria	2025/2026	AC 3.1.6. Eliminar barreiras arquitectónicas para garantir á accesibilidade.
	OE 3.3. Optimización da páxina web da Facultade		AC 3.2.1. Acondicionamento de salas de reunións con equipos de videoconferencia. AC 3.2.2. Renovación de equipamento obsoleto.

			AC 3.3.1. Capacitar aos responsables da xestión da web para que poidan actualizar e manter os contidos de maneira eficiente e autónoma. AC 3.3.2. Redeseñar a intranet para facela máis intuitiva e accesible, priorizando a navegación sinxela e a localización rápida de información.	
LEC 4. Optimización do funcionamento da unidade de xestión de centro e departamentos	OE 4.1. Optimización do funcionamento da unidade de xestión de centro e departamentos	2025/2026	AC 4.1.1. Cuantificar a carga de traballo da unidade de xestión. AC 4.1.2. Efectuar un informe sobre as necesidades de apoio á xestión que presenta a Facultade. AC 4.1.3. Reorganización das tarefas efectuadas polos integrantes da unidade de xestión de centro e departamentos.	
LEC 5. Proxección social, institucional e internacional	OE 5.1. Fomentar a ampliación e o fortalecemento das relacións sociais e institucionais, promovendo a visibilidade e o impacto da Facultade no ámbito académico, profesional e comunitario.	2025/2026	AC 5.1.1. Articular foros de diálogo interdisciplinar que reúnan actores académicos, profesionais e sociais para tratar temas de actualidade e interese xeral. AC 5.1.2. Promover a realización de actividades de extensión universitaria de interese para a comunidade da Facultade a través da colaboración con entidades ou asociacións, así como mediante a	

			cesión dos espazos do Centro. AC 5.1.3. Incrementar os convenios de colaboración con institucións locais, autonómicas e nacionais que promovan actividades conxuntas no ámbito docente, investigador e de transferencia do coñecemento. AC 5.1.4. Crear unha rede activa de egresados que funcione como canle de intercambio de experiencias e conexión profesional, promovendo o contacto entre a comunidade universitaria e o mundo laboral. AC 5.1.5. Desenvolver campañas de comunicación e difusión que resalten os logros do centro, os proxectos de impacto social e as contribucións da Facultade ao coñecemento e á sociedade. AC 5.2.1. Promover a presenza da Facultade de Dereito na alianza europea de universidades EUniWell. AC 5.2.2. Impulsar a organización de eventos académicos e de	
	OE 5.2. Internacionalización da Facultade	2025/2026		

		investigación con proxección internacional. AC 5.2.3. Ampliar o número de convenios erasmus e acordos bilaterais para o intercambio do PDI, PTXAS e estudantes. AC 5.2.4. Visibilizar a presenza de investigadores visitantes no noso centro. AC 5.2.5. Promover a realización de eventos científicos polos investigadores visitantes.
LEC 6. Asentar unha cultura da calidade que forme parte do funcionamento ordinario do centro	OE 6.1. Implicar ao PDI, ao PTXAS e ao estudiantado no sistema de garantía de calidade 2025/2026 OE 6.2. Promover boas prácticas	AC 6.1.1. Fomentar a participación do estudiantado nas enquisas de satisfacción do SGC. AC 6.1.2. Fomentar a participación do PDI nas enquisas de satisfacción do SGC. AC 6.1.3. Fomentar a participación do PTXAS nas enquisas de satisfacción do SGC. 2025/2026 AC 6.2.1. Difundir exemplos de boas prácticas implementadas noutras facultades ou institucións que poidan ser adaptadas á Facultade

O Plan foi aprobado pola Xunta da Facultade o 13 de febreiro de 2025 e ratificado pola Comisión de Calidade e Planificación, órgano delegado do Consello de Goberno, o 28 de febreiro de 2025.

Para máis información, pode consultarse o texto completo do **Plan Estratéxico da Facultade de Dereito 2024-2026** na seguinte ligazón:

<https://www.usc.gal/es/centro/facultadderecho/calidad/politica-calidad>

3. Accións de análise e revisión polo SGC: plan de melloras

A través dos **Informes Anuais de Seguimento (IAS)** —tanto **internos como externos**— recollidos no **Sistema de Garantía de Calidade (SGC)**, así como dos **informes finais de avaliación para a renovación da acreditación** das titulacións adscritas á Facultade de Dereito, fóronse **identificando, analizando e revisando as disfuncións detectadas** en cada unha delas.

Como resultado deste proceso, **propuxéronse diversas accións de mellora**, que quedaron recollidas nos distintos **Informes Anuais de Seguimento (IAS)** e nas **Memorias de Calidade do Centro**.

Tanto os IAS como os informes finais de avaliación están **dispoñibles para consulta pública** no apartado de Calidade da páxina web da Facultade, no seguinte enlace: <https://www.usc.gal/es/centro/facultad-derecho/calidad/documentacion-sgc>.

Nos apartados seguintes, procédese a **describir o plan de mellora correspondente a cada unha das titulacións impartidas no centro**, en coherencia cos resultados dos procesos de avaliación e seguimento.

3.1. Plan de mellora da Facultade de Dereito

3.1.1. Accions de axendas anteriores finalizadas no intervalo da axenda actual

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

FD-AM-07 (Curso 2021-2022). Escasa presenza do estudantado noos órganos de representación da Facultad de Dereito

Ante a práctica ausencia de representación estudantil nos órganos colexiados da Facultade, considerouse oportuno **deseñar unha campaña informativa orientada a poñer en valor a relevancia da participación do estudantado** nos devanditos órganos. O desenvolvemento desta acción de mellora foi **adiado ata o curso 2023/2024**, no que se procedeu á súa implementación.

No marco desta iniciativa, **organizouse unha sesión informativa dirixida ao alumnado, impartida por integrantes do Consello de Estudantes**, e levouse a cabo a **correspondente difusión da convocatoria electoral a través da aula de Coordinación do Grao en Dereito, do Grao en Criminoloxía e do Dobre Itinerario**.

Os resultados obtidos resultaron altamente positivos: nas eleccións de representantes do estudantado na Xunta de Facultade, celebradas en **novembro de 2024**, **presentáronse 80 candidaturas para un total de 40 postos elixibles**.

Cómpre salientar, así mesmo, que **na actualidade a Facultade conta con dúas asociacións estudantis activas**, que contribúen ao fomento da participación e dinamización da vida universitaria: **Iuris Galicia** https://www.instagram.com/iuris_gal/ e **ELSA USC** <https://www.instagram.com/elsa.usc/>

FD-AM-01 (Curso 2022-2023). Modificación da Memoria de Verificación do Grao en Dereito para axustar a matrícula de acceso á realidade.

A memoria para a solicitude de verificación do novo título de Grao en Dereito foi aprobada pola Comisión de Docencia e Calidade da Facultade o 9 de abril de 2024, e ratificada pola Xunta da Facultade o 15 de abril de 2024, polo Consello de Goberno da USC o 25 de xuño de 2024 e polo Consello Social da USC o 26 de xuño de 2025.

Esta modificación do plan de estudos responde á vontade de dar cumprimento aos compromisos adquiridos tras o Informe final de avaliación para a renovación da acreditación e incorpora, entre outros, os seguintes elementos:

- Adaptación do número de prazas ofertadas á realidade da capacidade docente e organizativa da Facultade (170 prazas), o que permite considerar pechada a acción de mellora AM-01 correspondente ao curso 2022–2023 do Grao en Dereito, así como a acción do Plan de Mellora FD-AM-01 (Curso 2022–2023) da Facultade de Dereito.

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante

FD-AM-04 (Curso 2021-2022). Escaso coñecemento poloestudantado do Plan de Acción Tutorial

No marco das accións de mellora vinculadas ao **Plan de Acción Tutorial (PAT)**, establecéronse as seguintes medidas para reforzar a súa difusión e impacto:

- **Deseño dunha campaña informativa nas redes sociais da Facultade sobre o Plan de Acción Tutorial.**
- **Inclusión da información relativa ao PAT na Xornada de Benvida ao alumnado de novo ingreso.**
- **Realización de sesións informativas específicas sobre o PAT en ambos cuatrimestres do curso académico.**

Como **resultado** desta acción de mellora, no curso académico **2023/2024** participaron no acompañamento a través do PAT **catro estudantes do Grao en Dereito**, cubrindo así **a totalidade das prazas asignadas ao título**. Os estudantes participantes foron: **María Eduarda Santana Cardoso, Sabela Alfonsín Crujeiras, Elena Barja Caride e Mario Pazos Alvite.**

Porén, **non se logrou suscitar interese entre o alumnado do Grao en Criminoloxía**, polo que **non se cubriu ningunha praza correspondente a este título.**

FD-AM-05 (Curso 2021-2022) / FD-AM-04 (Curso 2022-2023). Incrementar a taxa de rendemento, éxito e avaliación das materias que presentan unha desviación significativa da media.

No marco das accións previstas para a mellora do rendemento académico, deseñáronse tres actuacións principais:

- **Realización dunha reunión de coordinación co profesorado responsable das materias afectadas, co obxectivo de analizar as causas da desviación e propoñer medidas correctoras.**
- **Realización dunha reunión de coordinación con representantes do alumnado.**
- **Deseño de medidas específicas a aplicar no marco do Programa de Acción Tutorial.**

Porén, **unicamente se levou a cabo a primeira das actuacións previstas, isto é, a reunión co profesorado responsable das materias afectadas. Os resultados non foron satisfactorios, xa que nas materias analizadas persiste a desviación respecto da taxa de rendemento esperada.**

En consecuencia, **considérase necesario reiterar esta medida e avanzar na execución das restantes accións previstas, co fin de mellorar o seguimento e a eficacia das intervencións propostas.**

A título exemplificativo, no **Grao en Dereito**, as materias:

- **G3161102 - Dereito Romano: Introducción Histórica e Procesual / Dereitos Reais, cunha taxa de rendemento do 26,45%**
- **G3161107 - Dereito Romano: Sucesión Hereditaria e Obrigas, cunha taxa de rendemento do 24,60%**

continuaron a presentar no curso **2023/2024**, do mesmo xeito que en anos anteriores, **valores inferiores aos previstos na Memoria de Verificación da titulación.**

Polo que respecta ao **Máster Universitario en Estudos Internacionais**, aínda que se observou un **aumento da taxa de rendemento** nas materias:

- **P3171209 - Persoa, Familia e Integración Europea**
- **P3171108 - Traballo de Fin de Máster**

ambas **seguen por debaixo do valor esperado segundo a Memoria de Verificación. Por este motivo, optouse por ampliar o período de aplicación da acción de mellora MEI-08 (Curso 2022/2023), coa finalidade de consolidar os avances acadados e seguir reducindo a desviación detectada.**

FD-AM-09 (Curso 2022-2023). Definir o contido das reunións de coordinación

Nas reunións de coordinación docente deben tratarse, de maneira específica, as tarefas encomendadas ao estudantado durante as semanas de aulas interactivas, co obxectivo de evitar unha carga excesiva de traballo e garantir unha adecuada planificación da aprendizaxe.

A implementación desta acción de mellora queda reflectida tanto nas actas iniciais e finais de coordinación do curso 2023/2024 como nas achegas realizadas polos delegados de curso nas reunións semestrais co equipo decanal, nas cales se puxo de manifesto un seguimento máis coidado da carga de traballo asignada ao alumnado nesas semanas.

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

FD-AM-12 (Curso 2021-2022) / FD-AM-06 (Curso 2022-2023). Mellora da impermeabilización do edificio

No marco destas accións, leváronse a cabo as seguintes actuacións:

- **Reparación integral da cuberta do edificio**, co obxectivo de **evitar filtracións e mellorar o illamento fronte ás condicións climáticas**.
- **Instalación de novas baixantes exteriores**, co fin de **optimizar a evacuación das augas pluviais e minimizar os riscos estruturais derivados da súa acumulación**.

Estas intervencións permiten **mellorar significativamente a conservación e funcionalidade das instalacións**, contribuíndo a un **entorno máis seguro e axeitado para a actividade académica**.

FD-AM-11 (Curso 2021-2022). Ausencia de sistema de climatización na Facultade.

No marco desta acción de mellora realizáronse as seguintes intervencións:

Reparación do sistema de calefacción da Facultade, que foi executada con éxito e recibiu o visto bo do servizo de infraestruturas.

Instalación dun sistema de climatización no Salón de Graos, aprobado tecnicamente e pendente de execución.

Proposta de instalación de sistemas de climatización na Sala de Lectura e na Sala de Profesores, que non foi viable por cuestións técnicas.

En concreto, na **Sala de Lectura**, especialmente durante os períodos de exames, optouse por **garantir unha adecuada ventilación cruzada natural**, como solución alternativa para manter as condicións ambientais idóneas.

FD-AM-07 (Curso 2022/2023). Optimización do confort térmico na terceira planta

Inicialmente estaba prevista a substitución da actual caldeira, pero dende a área de infraestruturas consideraron máis conveniente a instalación dunha bombas de calor que parecen ter mellora a situación.

Directriz 6. Información pública

FD-AM-08 (Curso 2021-2022). Falta de formación no manexo do sistema operativo da páxina web.

Como resposta, procedeuse á **impartición dun curso de formación ao persoal técnico de xestión e administración de servizos (PTXAS)**, co obxectivo de **dotarlles das competencias necesarias para a correcta xestión e actualización da páxina web**.

3.1.2. Accións abertas e finalizadas na axenda actual

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

FD-AM-04 (Curso 2023-2024). Mellorar a taxa de participación do estudantado nas enquisas de satisfacción.

O obxectivo desta acción é **incrementar a participación do estudantado nas enquisas de satisfacción**, unha ferramenta fundamental para a avaliación e mellora continua da calidade docente e institucional.

Para acadar este obxectivo, **implementouse unha campaña informativa específica en cada período de avaliación**, que inclúe as seguintes accións principais:

- **Envío de correos electrónicos explicativos** dirixidos ao **PDI**, ao **persoal técnico de xestión e administración (PTXAS)** e ao **alumnado**, destacando a **importancia e impacto das enquisas**.
- **Colocación de cartelería divulgativa** nos espazos comúns da Facultade, subliñando a **utilidade real das enquisas de satisfacción**.
- **Difusión de contidos nas redes sociais institucionais** para **ampliar o alcance da campaña e incentivar a participación**.

A efectividade desta medida **queda acreditada cos seguintes resultados**:

No Grao en Dereito:

- A participación do alumnado na **enquisa de satisfacción coa docencia recibida (INF13)** pasou do **24,57 % no curso 2022/2023 ao 50,42 % en 2023/2024**, o que supón un **incremento do 51,27 %**.
- Na **enquisa de satisfacción coa titulación (INF22)**, a participación aumentou do **5,07 % en 2022/2023 ao 6,44 % en 2023/2024**.
- No caso do **PDI**, a participación na **enquisa sobre a docencia impartida (INF14)** consolidou a tendencia ascendente dos últimos anos, acadando un **45,10 % en 2023/2024** (fronte ao **43,75 % en 2021/2022 e 44 % en 2022/2023**).
- A participación do PDI na **enquisa de satisfacción coa titulación (INF23)** tamén mellorou, pasando do **30 % en 2022/2023 ao 36,89 % en 2023/2024**, mantendo a **progresión positiva iniciada en 2021/2022 (22,92 %)**.

No Máster Universitario en Estudos Internacionais:

- A participación do alumnado na **enquisa de satisfacción coa docencia recibida (IN48M)** aumentou do **41,18 % en 2022/2023 ao 48,57 % en 2023/2024**, o que representa un **incremento de 7,39 puntos porcentuais**. Este avance atribúese directamente á **eficacia das accións de mellora MEI-03 (Cursos 2021/2022 e 2022/2023)**.
- Pola contra, a **participación de egresados na enquisa de satisfacción coa titulación (INF22)** experimentou un **descenso**, situándose no **10,34 % en 2023/2024**, fronte ao **14,71 % do curso anterior** (unha **baixada de 4,37 puntos**). Con todo, o **valor actual continúa sendo superior aos rexistrados en 2020/2021**.

e 2021/2022, o que permite manter unha **valoración moderadamente positiva** da evolución global.

- No que atinxe ao **PDI**, a participación na **enquisa de satisfacción coa docencia impartida (INF14)** acadou un **68,75 % en 2023/2024**, fronte ao **61,54 % en 2022/2023**, o que supón un **incremento de 7,21 puntos porcentuais**.
- Na **enquisa de satisfacción coa titulación (INF23)**, o PDI tamén rexistrou unha **lixreira mellora**, pasando do **61,54 % ao 62,50 %**, con un **incremento de 0,96 puntos porcentuais**.

Estos datos poñen de manifesto o acertado da acción de mellor implementada se ben a porcentaxe de participación segue lonxe dos obxectivos fixados (de entre 65%-80%) en todos os grupos de interese o que fai necesario a súa reiteración.

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

FD-AM-01 (Curso 2023-2024). Mellorar a organización docente da titulación, con especial atención á compatibilidade horaria para o alumnado repetidor

Co obxectivo de minimizar as incidencias derivadas da solapación horaria e mellorar a organización docente da titulación, especialmente no caso do alumnado repetidor, implementáronse as seguintes accións de mellora:

- Reorganización das semanas de docencia interactiva, de xeito que os cursos de 1º e 3º, por unha banda, e os de 2º e 4º, por outra, compartan período. Esta medida permite optimizar a compatibilidade horaria entre materias de diferentes cursos e facilitar a asistencia a clase do estudiantado que repite. A proposta foi incorporada como acción de mellora (**FD-AM-01 Curso 2021-2022**) e atópase xa finalizada.
- Rotación dos horarios dos grupos expositivos de mañá e tarde: Como medida complementaria, no curso académico 2023-2024 implantouse un sistema de rotación horaria polo cal o estudiantado cursa dous anos en horario de mañá e dous anos en horario de tarde ao longo da titulación. Esta distribución favorece a equidade entre promocións, mellora a conciliación e reduce as limitacións derivadas das quendas fixas.

A **efectividade concreta da medida** deberá ser **avaliada no informe de seguimento do Grao en Dereito correspondente ao curso 2024/2025**. Para este fin, consideraranse como **indicadores relevantes o número de solicitudes tramitadas para o cambio de grupo e as solicitudes de exención de docencia motivadas por coincidencias horarias entre materias de diferentes cursos**.

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

FD-AM-05 (Curso 2023-2024). Problemas de accesibilidade

Os problemas detectados no acceso pola zona da **Biblioteca Concepción Arenal** derivan fundamentalmente da **falta de mantemento adecuado da infraestrutura** e dunha **planificación insuficiente en materia de accesibilidade**.

A presenza de **desniveles no pavimento** pode deberse tanto ao **desgaste dos materiais** como a **reformas previas mal executadas**. Ademais, a **acumulación de auga** evidencia a **carencia de sistemas eficaces de drenaxe**, o que incrementa os riscos asociados á seguridade.

De xeito especialmente relevante, as **dificultades de acceso para persoas con mobilidade reducida** poñen de manifesto a **inexistencia de adaptacións conforme á normativa vixente en materia de accesibilidade universal**.

A combinación destes factores compromete a **seguridade e a inclusión no acceso á Facultade**, xerando unha situación que **requiere unha intervención inmediata**.

En resposta a estas deficiencias, completáronse as **obras de acondicionamento da entrada á Facultade de Dereito pola zona da Biblioteca Concepción Arenal**, co obxectivo de garantir un acceso seguro, accesible e en condicións óptimas para toda a comunidade universitaria.

Directriz 6. Información pública

FD-AM-03 (Curso 2023-2024). Mellora da transparencia e publicidade dos horarios

A raíz do establecido no Informe Final de renovación da acreditación do Grao en Dereito do ano 2022, detectouse que a **información relativa aos horarios non está centralizada**, o que dificulta coñecer de forma rápida e clara os horarios dos distintos cursos e grupos. Esta **fragmentación da información** complica a planificación académica tanto do **alumnado** como do **PDI**, reducindo a eficiencia na consulta.

Como medida de mellora, procedeuse a **publicar na sección “Horarios” da web da Facultade** (<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-derecho/horarios>) os **horarios do Grao en Dereito nun único arquivo en formato PDF**, facilitando así o acceso á información de forma máis sinxela e accesible para toda a comunidade universitaria.

FD-AM-06 (Curso 2023-2024). Xornada de benvida para o estudantado procedente de programas de intercambio

Detectouse a **ausencia dunha xornada de acollida específica para o estudantado de intercambio**, o que **dificulta a súa integración inicial na Facultade**. Aínda que se organiza unha xornada de benvida para o estudantado de novo ingreso no **Grao en Dereito** e no **Dobre Itinerario en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos**, o **alumnado participante en programas de intercambio non dispón dun espazo equivalente** que lle facilite información básica sobre a **estrutura do centro**, os **servizos dispoñibles** ou os **procedementos académicos fundamentais**.

Esta **carencia xera dificultades semellantes ás do estudantado de novo ingreso**, mais sen contar cun **apoio inicial adaptado á súa realidade académica e cultural específica**. Por este motivo, **proponse a programación dunha xornada de acollida específica para este colectivo**, co obxectivo de **mellorar a súa orientación académica e fomentar a súa integración institucional e social desde o primeiro momento**.

Celebrouse, así, unha **xornada de acollida ao inicio de cada semestre**, dirixida ao **estudiantado procedente de programas de intercambio**, como medida para **favorecer a súa adaptación ao contexto universitario da Facultade de Dereito**.

3.1.3. Acción abertas na axenda actual e non finalizadas

Directriz 6. Información pública

FD-AM-02 (Curso 2023-2024). Mellora da funcionalidade e accesibilidade da páxina web da Facultad (extranet e intranet)

Detectouse a **falta de funcionalidade da páxina web da Facultade**, o que **limita a súa eficacia como ferramenta de comunicación** coa comunidade universitaria e coa cidadanía en xeral. Esta situación **dificulta o acceso á información relevante e actualizada** sobre a **titulación**, os **servizos**, os **procedementos** e as **actividades**, o que pode **afectar negativamente á visibilidade e accesibilidade da Facultade**.

Conscientes da **importancia dunha presenza dixital efectiva**, propónse **optimizar a páxina web da Facultade**, co obxectivo de **garantir unha ferramenta de comunicación máis accesible, intuitiva e permanentemente actualizada**. Unha web ben estruturada permitirá **facilitar o acceso á información**, **mellorar a interacción cos distintos colectivos** e **fortalecer a imaxe institucional da Facultade**.

En paralelo, propónse tamén o **redeseño da intranet**, co fin de **facela máis intuitiva e accesible**, **priorizando unha navegación sinxela** e a **localización rápida da información máis relevante para o persoal e o estudiantado**.

O proceso de mellora **iniciouse en abril de 2024** e a súa **finalización está prevista para xullo de 2026**.

FD-AM-07 (Curso 2023-2024). Difusión da oferta de mestrados adscritos á Facultade de Dereito entre os seus egresados

Detectouse a **necesidade de incrementar a captación de estudiantado egresado do Grao en Dereito e do Dobre Itinerario en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos** para cursar os **másteres oficiais adscritos á Facultade de Dereito**.

Con este obxectivo, **propónse o desenvolvemento dunha campaña informativa dirixida ao estudiantado do último curso** destas titulacións, co fin de **dar a coñecer a oferta formativa de mestrados da Facultade** e **fomentar a continuidade dos seus estudos de posgrao dentro do propio centro**.

Esta acción contribuirá a **potenciar a visibilidade e o posicionamento dos mestrados da Facultade**, así como a **consolidar a fidelización do estudiantado propio**.

A duración desta acción de mellora está previsto que conclúa o 12 de setembro de 2025, tras o cal deberá analizarse a súa efectividade.

3.1.4. Acción abertas en axendas anteriores e todavía non finalizadas

FD-AM-02 (Curso 2021/2022). Incremento da oferta de destinos Erasmus no Grao en Criminoloxía

Resulta **imprescindible ampliar a limitada oferta actual de destinos Erasmus** dispoñibles para o estudantado do **Grao en Criminoloxía**. Neste sentido, **priorízase a sinatura de novos convenios con universidades de países nos que a figura profesional do criminólogo está amplamente recoñecida e consolidada, como Bélxica, Holanda ou Portugal.**

Esta necesidade foi **explicitamente sinalada no Informe final de avaliación para a renovación da acreditación de 2024**, polo que a súa execución resulta **estratéxica** tanto desde o punto de vista académico como institucional.

FD-AM-13 (Curso 2021-2022). Mellora do equipamento da aulas e salas de reunións

Esta acción de mellora continúa aberta, estando prevista a súa finalización o 31 de decembro de 2025, debido á necesidade de **redistribuír o orzamento dispoñible** do centro. Unha **parte significativa do presuposto tivo que destinarse á reparación dunha goteira**, o que limitou a capacidade de actuación noutros ámbitos.

Aínda que **a maior parte das melloras previstas xa foron executadas**, queda pendente a **instalación dun equipo de videoconferencia fixo na sala de profesorado**, así como a **avaliación de posibles melloras nos equipos existentes no Salón de Graos e na Sala de Xuntas.**

En todo caso, o PDI dos graos e mestrados adscritos á Facultade de Dereito amosa unha notable satisfacción coas súas aulas e o seu equipamento:

- Así, no curso **2023/2024**, a **satisfacción media do PDI nos graos adscritos á Facultade de Dereito coas aulas e o seu equipamento foi de 4,14 puntos sobre 5**, descendendo lixeiramente (0,14 puntos) respecto ao dato no curso anterior. **Nos catro cursos analizados, a valoración superou consistentemente os 4,1 puntos**, o que reflicte **unha percepción moi positiva e constante do profesorado sobre as condicións materiais para a docencia.**
- No curso **2023/2024**, a **satisfacción media do PDI cos recursos das aulas e o seu equipamento nos Mestrados adscritos á Facultade de Dereito alcanzou os 4,49 puntos sobre 5**, o que supón un notable incremento de 0,43 puntos respecto ao curso anterior. Esta subida reflicte **unha mellora significativa na percepción do profesorado sobre as condicións materiais para a docencia nos programas de mestrado.**

FD-AM-02 (Curso 2022/2023). Aprobación dun novo Plan Estratéxico

No curso 2017/2018 aprobouse o primeiro Plan Estratéxico da Facultade de Dereito (2017-2020). A elaboración deste documento iniciouse tras o acordo da **Comisión de Docencia e Calidade do Centro**, coa constitución do **Grupo de Traballo para a**

Elaboración do Plan Estratéxico, na xuntanza celebrada o **19 de xaneiro de 2017**. As **liñas estratéxicas definidas** e os **obxectivos asociados** aliñáronse co **Plan Estratéxico da USC 2011-2020**.

O **Plan Estratéxico da Facultade (2017-2020)** rematou a súa vixencia o **31 de decembro de 2020**, procedéndose á súa **prórroga e renovación con data de 26 de xaneiro de 2021**, tomando como referencia a **Programación Plurianual da USC (2019-2022)**. Esta **prórroga foi aprobada pola Comisión de Calidade e Planificación**, delegada do **Consello de Goberno da USC**, na sesión celebrada o **3 de marzo de 2021**. A renovación presentada consistiu na **eliminación de obxectivos e/ou liñas xa acadadas ou non axeitadas**, así como na **incorporación de novas**, de acordo coas **directrices da programación plurianual da USC** ou adaptadas á **conxuntura institucional**.

Documento dispoñible en: https://assets.usc.gal/sites/default/files/documents/2021-04/prorroga-y-renovacion-plan-estrategico_0.pdf

Finalizada a vixencia da devandita **prórroga**, **resulta necesario aprobar un novo Plan Estratéxico para a Facultade de Dereito**, que, a falta dun **Plan Estratéxico da USC**, seguirá as directrices da **Programación Plurianual da USC 2023-2026**.

Documento dispoñible en: <https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/sxeco/orc/programacion>

A redacción dun novo plan estaba **prevista como acción de mellora do Centro (FD-AM-02, Curso 2022-2023)**, pero a súa execución **adiouse ao curso 2023/2024** debido ao anuncio por parte do **Goberno da USC** da súa intención de **elaborar un novo Plan Estratéxico institucional**.

Na **acta da Comisión de Docencia e Calidade do 16 de febreiro de 2024** recóllese o acordo de iniciar os traballos para a elaboración do novo **Plan Estratéxico da Facultade de Dereito**, constando literalmente:

“A Sra. Decana indica que non se teñen iniciado ata o momento os traballos para a elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Dereito á espera de que a propia USC presentase o seu. Nun determinado momento, sendo así informado o Colexio de Decanos, dende o equipo reitoral comunícase que non se vai a proceder a aprobar un Plan Estratéxico da USC, polo que cada centro terá que ir elaborando o seu da forma en que decida. No caso da Facultade de Dereito é unha cuestión que nos urxe, xa que o vindeiro mes de abril terá lugar a renovación da acreditación do Grao en Criminoloxía e o feito de contar cun Plan Estratéxico de centro é algo que se valora positivamente. A primeira medida a este respecto será que a Comisión de Docencia e Calidade nomee un grupo de traballo que se encargue da súa elaboración”.

Adoptado este acordo, o **Goberno da USC iniciou o proceso de elaboración do Plan Estratéxico 2024-2026**, que foi **aprobado en xuño de 2024**. A partir dese momento, iniciáronse os traballos para a redacción do novo plan da Facultade.

De acordo co **proceso PE-01 “Planificación Estratéxica” do Manual de Procesos do SGC da Facultade de Dereito**, o equipo decanal é o responsable de nomear a comisión encargada da súa elaboración. Neste caso, foi nomeada a **Comisión de Docencia e Calidade do Centro na súa totalidade**, co obxectivo de **distribuír a responsabilidade e a carga de traballo entre todos os seus membros**.

A entrada en vigor do novo Plan Estratéxico da Facultade de Dereito 2024/2025 está prevista para inicios do ano 2025.

FD-AM-08 (Curso 2022/2023). Realización dun estudo propio sobre a inserción laboral dos egresados

Unha das principais carencias na avaliación dos resultados das titulacións é a falta de información detallada sobre a inserción laboral das persoas egresadas en cada unha delas.

Segundo informa o Área de Calidade e Mellora do Proceso (ACyMP) da USC, esta tarefa foi **conveniada entre as universidades galegas e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia**, de modo que os estudos de inserción laboral son realizados pola ACSUG. Pola súa banda, o Ministerio de Educación elabora un estudo sobre inserción laboral a través do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU), baseado nos datos de afiliación á Seguridade Social, sendo os últimos datos dispoñibles correspondentes á promoción 2017/2018.

Resulta fundamental avanzar cara á recollida sistemática e completa de datos sobre a inserción profesional do estudantado a nivel institucional, co obxectivo de reforzar os mecanismos de avaliación e mellora continua das titulacións, así como de adaptar a formación ás necesidades reais do mercado laboral. Esta necesidade foi sinalada como de obrigado cumprimento no Informe Final de Avaliación para a renovación da acreditación da ACSUG (2019) e reiterada como recomendación no Informe Final de Seguimento da ACSUG (2025).

Con este propósito, no acto de defensa do TFG ou TFM solicitarase ao estudantado a autorización para establecer contacto anual durante os dous anos seguintes, co fin de verificar a súa situación laboral. Para iso, solicitaráselles un correo electrónico de contacto distinto ao institucional, mediante un formulario deseñado especificamente para este fin.

Non obstante, a falta de dispoñibilidade de persoal de apoio, xunto coa elevada carga de traballo asumida polas respectivas coordinacións e pola Responsable de Calidade, tamén Secretaria Académica do centro, dificultou o avance na implementación desta medida, que se atopa temporalmente posposta.

FD-AM-10 (Curso 2022/2023). Reactivación dos Comités Consultivos

Detectouse unha paralización dos Comités Consultivos do Grao en Dereito / Grao en Criminoloxía e do Máster Universitario en Estudos Internacionais. Neste contexto, **proponse a reactivación efectiva de cada un deles como tarefa prioritaria.**

- No caso do Comité Consultivo do Grao en Dereito e do Grao en Criminoloxía, a súa reactivación tivo lugar no marco da reforma do plan de estudos do Grao en Dereito. En cumprimento do procedemento establecido para a revisión e reforma do título, e co obxectivo de **garantir a participación dos diferentes axentes implicados**, o 8 de abril de 2024 celebrouse unha reunión do Comité Consultivo. Durante a sesión, **debatéronse os principais eixos da reforma curricular**, **valoráronse as propostas recollidas nos procesos previos de consulta e**

recolléronse achegas orientadas a mellorar a estrutura, contidos e orientación do novo plan de estudos.

Do tratado nesta reunión **informouse á Comisión de Docencia e Calidade na súa sesión do 9 de abril de 2024**, recolléndose na correspondente acta o seguinte:

“O 8 de abril de 2024 celebrouse unha reunión cos membros do Comité Consultivo da Facultade de Dereito. Os seus membros manifestaron que o feito de que a duración do Grao en Dereito sexa de 4 anos condiciona notablemente a configuración do plan de estudos. En atención a iso, algúns profesionais sinalaron que as materias a impartir deberían centrarse no dereito positivo, reducindo o número de créditos das restantes ou configurándoas como materias optativas. Valoraron positivamente a ubicación da materia ‘Organización xudicial e proceso’ no primeiro curso e de ‘Dereitos Reais’ en cuarto curso. Indicaron tamén a necesidade de prestar especial atención ao dereito dixital e ao dereito propio de Galicia. En termos xerais, remarcaron o acerto da reforma do plan de estudos”.

- **Pola contra, no caso do Comité Consultivo do Máster Universitario en Estudos Internacionais, a súa reactivación continúa pendente, polo que se amplía o prazo de execución desta acción ata o 31 de decembro de 2025.**

3.1. Grao en Dereito

As accións implementadas durante o curso 2023/2024 estiveron orientadas a **dar cumprimento aos aspectos obrigatorios e ás recomendacións formuladas pola ACSUG no seu Informe final de avaliación para a renovación da acreditación**, que foi notificado o 18 de xaneiro de 2023.

AM-01 Curso 2022-2023 / AM-01 Curso 2023-2024: Modificación do Plan de Estudos

A memoria para a solicitude de verificación do novo título de Grao en Dereito foi aprobada pola Comisión de Docencia e Calidade da Facultade o 9 de abril de 2024 e ratificada pola Xunta da Facultade o 15 de abril de 2024, o Consello de Goberno da USC o 25 de xuño de 2024 e o Consello Social da USC o 26 de xuño de 2025. Esta modificación do plan de estudos responde á vontade de dar cumprimento aos compromisos adquiridos tras o *Informe final de avaliación para a renovación da acreditación* e incorpora, entre outros, os seguintes elementos:

- Adaptación do número de prazas ofertadas á realidade da capacidade docente e organizativa da Facultade (170 prazas), o que permite considerar pechada a acción de mellora **AM-01** correspondente ao **curso 2022–2023**.
- Supresión da lingua inglesa como idioma de impartición, axustando a memoria á práctica docente real do título e aos recursos dispoñibles.
- Reordenación da secuencia formativa de determinadas materias co obxectivo de mellorar a súa coherencia curricular:
 - *Dereitos Reais*: de 1.º curso (Plan 2010) a 4.º curso (Plan 2024).
 - *Organización xudicial e proceso*: de 3.º curso (Plan 2010) a 1.º curso (Plan 2024).
 - *Procedementos tributarios*: de 3.º curso (Plan 2010) a 4.º curso (Plan 2024).

- *Dereito Administrativo III – Garantías do administrado*: de 4.º curso (Plan 2010) a 3.º curso (Plan 2024), con nova denominación: *Dereito Administrativo IV – Garantías do administrado*.
- *Filosofía do Dereito*: de 4.º curso (Plan 2010) a 2.º curso (Plan 2024).

- Inclusión dunha nova materia optativa de contido económico: *Análise económica do Dereito*, que responde á necesidade de reforzar a formación interdisciplinar do alumnado.
- Adaptación ao Real Decreto 822/2021, que implicou unha reelaboración integral da memoria:
- Reformulación dos resultados de aprendizaxe do título e a súa adscrición a materias concretas.
- Actualización das guías docentes para incorporar metodoloxías docentes, actividades formativas e sistemas de avaliación segundo o novo marco normativo, incluída a ficha da asignatura TFG que na memoria de verificación non contiña información algunha.
- Introducción de sistemas de avaliación máis flexibles, mediante a definición de ponderacións máximas e mínimas, que permiten unha mellor adaptación ás distintas tipoloxías docentes.

Estas modificacións foron formuladas co obxectivo de mellorar a calidade da titulación, asegurar a súa adecuación normativa e dar resposta aos compromisos derivados dos procedementos de avaliación externa.

AM-02 Curso 2022-2023: Plan Estratéxico da Facultade

Prevista inicialmente como acción de mellora a implementar no curso 2022/2023 (**AM-02 Curso 2022-2023**), a elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Dereito foi adiada ao curso 2023/2024 ante o anuncio de que o Goberno da USC tiña previsto poñer en marcha a redacción do Plan Estratéxico da propia Universidade.

En consecuencia, na sesión da Comisión de Docencia e Calidade celebrada o 16 de febreiro de 2024, acordouse iniciar os traballos preparatorios para a elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Dereito. Unha vez aprobado o Plan Estratéxico da USC 2024-2026 en xuño de 2024, púxose en marcha definitivamente o proceso de redacción do Plan propio da Facultade.

De acordo co procedemento PE-01 Planificación Estratéxica recollido no Manual de Procesos do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Dereito, corresponde ao equipo decanal designar a comisión ou grupo responsable da súa elaboración. Para tal fin, nomeouse a Comisión de Docencia e Calidade na súa totalidade como órgano encargado do proceso, coa finalidade de distribuír equitativamente a responsabilidade e a carga de traballo entre todos os seus membros.

A finalización desta acción de mellora está prevista para o curso 2024/2025.

AM-2 Curso 2021-2022: Concreción do contido das reunións de coordinación

Nas reunións de coordinación deben abordarse necesariamente as cuestións relativas as tarefas encomendadas ao estudantado durante as semanas de aulas interactivas para evitar unha carga

excesiva de traballo. A implementación desta acción de mellora refléxase nas actas iniciais-finais dos coordinadores do curso 2023/2024, así como no referido, sobre este punto, polos delegados de curso nas reunións semestrais co equipo decanal.

AM-02 Curso 2023-2024 / AM1 Curso 2021-2022: Mellorar a organización docente da titulación, con especial atención á compatibilidade horaria para o alumnado repetidor

Co obxectivo de minimizar as incidencias derivadas da solapación horaria e mellorar a organización docente da titulación, especialmente no caso do alumnado repetidor, implementáronse as seguintes accións de mellora:

- Reorganización das semanas de docencia interactiva, de xeito que os cursos de 1º e 3º, por unha banda, e os de 2º e 4º, por outra, compartan período. Esta medida permite optimizar a compatibilidade horaria entre materias de diferentes cursos e facilitar a asistencia a clase do estudiantado que repite. A proposta foi incorporada como acción de mellora **(AM-01/2021-2022)** e atópase xa finalizada.
- Rotación dos horarios dos grupos expositivos de mañá e tarde **(AM-02/2023-2024)**: Como medida complementaria, no curso académico 2023-2024 implantouse un sistema de rotación horaria polo cal o estudiantado cursa dous anos en horario de mañá e dous anos en horario de tarde ao longo da titulación. Esta distribución favorece a equidade entre promocións, mellora a conciliación e reduce as limitacións derivadas das quendas fixas.

AM-04 Curso 2023-2024: Acceso simplificado aos horarios académicos

Seguindo a recomendación formulada no Informe final de avaliación para a renovación da acreditación implementouse procedeuse a publicar na sección “Horarios” (<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-derecho/horarios>), os horarios do Grao en Dereito nun arquivo único en formato PDF, co obxectivo de facilitar o acceso á información e optimizar a súa utilidade práctica.

AM-03 Curso 2022-2023 / AM-05 Curso 2023-2024: Incremento da taxa de participación do estudiantado nas enquisas de satisfacción

Unha das debilidades do SGC é a súa capacidade para xerar indicadores fiables que permitan a a avaliación, tendo en conta que as taxas de participación nas enquisas son baixas. A tal efecto, fóronse artellando acción de mellora tendentes a incrementar o grado de participación dos estudantes do Grao en Dereito que, ao menos no curso académico 2023/2024, están a resultar efectivas.

3.2. Grao en Criminoloxía

As accións de mellora contempladas no Autoinforme de renovación da acreditación do Grao en Criminoloxía, elaborado en febreiro de 2024, ampliaron o seu prazo de execución ata o vindeiro curso

académico. Dispoñible en: https://assets.usc.gal/sites/default/files/documents/2025-07/autoinforme-renovacion-da-acreditacion-grao-en-criminoloxia_2024.pdf

Completáronse as seguintes:

AM-07 Curso 2023-24

Por mor da existencia de incidencias e dificultades relacionadas coa escasa asistencia do profesorado ás reunións de coordinación e a celebración dalgunhas de xeito informal, sen levantar acta do desenvolvemento das mesas e dos puntos tratados, levouse a cabo unha acción de mellora para impulsar a asistencia e intervención de todos os responsables docentes do semestre, realizando reunións virtuais e proponendo distintas datas alternativas propiciando que, no caso de non poder asistir, envíen ó coordinador do semestre as súas impresións ou consideracións. De igual modo, fíxose especial fincapé en reforzar o cumprimento da obriga de formalizar nas actas correspondentes as reunións e os seus contidos para posteriormente trasladalas a través do correo electrónico, sen excepción e nun prazo razoable, á coordinación do Grao, o que se pon de manifesto no notable incremento de actas recepciónadas na secretaría do Grao.

AM-08 (Curso 2023-24)

Detectado un problema derivado da descoordinación nos tempos de descanso entre clases que afectaba o normal desenvolvemento das clases, a través da coordinación logrouse contactar con todos os profesores implicados de xeito que se coordinasen nos periodos de comezo e finalización das clases e así non entorpecer o normal transcurrir das actividades docentes, e dese xeito os alumnos/as poidan disfrutar de regulares períodos de lecer.

CGR-02 (Curso 2023-24)

Detectado o problema de que as taxas de participación do alumnado nas enquisas son baixas, o que afecta de maneira notable ó SGC ó non poder xerar indicadores fiables que permitan unha correcta avaliación, se instou ó profesorado para animar ó alumnado a cubrilas, falando da importancia das mesmas para o noso sistema de calidade e deixándolle máis tempo nas clases para cubrilas. Neste senso, o coordinador de calidade do centro e o coordinador do Grao levaron a cabo diversas reunións cos delegados e delegadas de clase para involucralos na tarefa de instar os seus compañeiros a que cubrisen as enquisas. Así, acudiron nos descansos das clases para animar o alumnado.

AM-14 (Curso 2023-2024)

Detectado que o sistema de queixas e reclamacións dos alumnos/as era moi disfuncional, procedeuse a realizar diversas reunións entre o coordinador do Grao e os diferentes delegados/as dos distintos cursos, reunións que tiveron carácter trimestral e que melloraron de forma evidente os canáis de comunicación para levar a cabo as diferentes queixas e reclamacións.

3.3. Máster Universitario en Avogacía

En relación coas accións de mellora propostas no Informe de Seguimento correspondente ao curso 2022/2023, cómpre sinalar o seguinte:

AM-01 (Curso 2023/2024). Dotar de estabilidade a praza de Xefe/a de Negociado da EPX para garantir un apoio administrativo continuo á titulación nas dependencias da Escola.

As xestións realizadas co equipo de goberno da USC non deron aínda resultados positivos, permanecendo sen cubrir esta praza desde abril de 2024. Esta situación ten como consecuencia que a titulación —docentes, titoras/es e estudantado— estea a ser atendida polo persoal administrativo do ICA Santiago, claramente insuficiente para asegurar unha xestión eficaz e de calidade.

Pola súa banda, o persoal da Unidade de Xestión carece de persoal suficiente para atender as necesidades específicas da titulación, o que merma a capacidade de resposta e dificulta o funcionamento ordinario do máster.

AM-02 (Curso 2023/2024). Dotar dun orzamento anual suficiente á EPX para atender a xestión ordinaria da titulación.

A Xerencia da USC segue sen atender as solicitudes da Comisión Académica relativas á necesidade de incluír nos orzamentos xerais da Universidade unha partida específica e suficiente que permita cubrir dignamente os gastos inherentes á titulación, fundamentalmente os vinculados ao profesorado externo, ás titorías e aos medios materiais.

Esta falta de dotación orzamentaria tradúcese en pagamentos tardíos ao profesorado e titoras/es externos, percepcións económicas inferiores ás do ano 2012 (cunha redución aproximada do 30 %), e imposibilidade de repoñer medios materiais básicos para o desenvolvemento das actividades docentes, o que afecta negativamente á calidade da formación impartida.

AM-03 (Curso 2023/2024). Plans de formación para o profesorado non universitario.

Esta acción segue sen poder executarse pola falta de recursos económicos que permitan sustentala. Os servizos competentes da USC continúan sen contemplar esta posibilidade, o que impide desenvolver actividades formativas específicas para o profesorado non universitario vinculado á titulación.

AM-04 (23-24). Potenciación do porcentaje de participación do profesorado, titores/as e egresados nas enquisas de satisfacción, así como a inclusión da totalidade do profesorado.

Non se conseguiron avances significativos debido ao criterio establecido polo ACyMP da USC de implantar un sistema centralizado e único para todas as titulacións. Este criterio demostrouse inadecuado para o Máster, dada a súa duración de ano e medio, que provoca problemas como fechas pouco axeitadas e a exclusión do profesorado que non aparece nas enquisas.

Ademais, a falta de persoal administrativo específico da USC dificulta a realización de accións de reforzo que permitan incrementar os índices de participación.

Finalmente, o ACeMP continúa sen incluír nas enquisas ao profesorado (interno e externo) que imparte menos do 25% da docencia en cada materia, limitando así a representación completa do corpo docente.

AM-04 (Curso 2022/2023). Reposición de ordenadores destinados ao uso do estudantado.

Acción **inconclusa**, xa que **aínda faltan aproximadamente 20 ordenadores por substituír**, debido á **falta de orzamento suficiente** para completar esta renovación.

AM-05 (Curso 2022/2023). Constitución dun Comité Consultivo da Titulación.

Esta acción **atópase pendente de execución**. A **sobrecarga de traballo que pesa sobre a coordinación da titulación**, xunto coa **falta de persoal de administración e servizos (PAS) da USC con funcións de apoio directo á titulación**, impediron avanzar nesta iniciativa.

Por outra banda, os **resultados achegados polo ACyMP da USC** e os derivados do **sistema reforzado de entrevistas periódicas ao estudantado**, así como das **reunións realizadas coa docencia universitaria externa e cos diferentes equipos de titoría de prácticas externas e de Traballo Fin de Máster**, non evidencian a necesidade de **modificacións substanciais na titulación**.

Isto conséguese despois da **actualización da Memoria e do plan de estudos da titulación en 2023**, realizada para adaptarse á reforma operada pola Lei 34/2006 e a Lei 125/2021, así como ao establecido no RD 64/2023 (anulado posteriormente pola STS 1975/2024 que desenvolve a Lei 34/2006).

3.4. Máster Universitario en Estudos Internacionais

O **seguimento das accións de mellora** da titulación permite constatar **avances significativos na maioría dos obxectivos formulados**. As actuacións propostas nos **informes anteriores de seguimento e renovación da acreditación** —como resultado da análise desenvolvida no marco do Sistema de Garantía de Calidade (SGC)— **executáronse na súa maior parte con normalidade**, o que permitiu introducir **melloras concretas na impartición da titulación**, tal e como se recolle no presente informe.

En relación coas **accións de mellora previstas no Informe de Seguimento do curso 2022/2023**, cómpre **destacar o seguinte**:

MEI-01 (Curso 2022/2023). Difusión do contido do Máster e das súas saídas profesionais entre o alumnado de titulacións afíns na USC.

No marco desta acción de mellora, que reitera a **MEI-01 do curso 2021/2022**, organizáronse **charlas informativas** orientadas a dar a coñecer o programa, as súas actividades formativas e as posibles saídas profesionais. Non obstante, a iniciativa **non alcanzou os resultados esperados**, tal como reflicten os datos de matrícula de novo ingreso.

A pesar diso, constatouse un **incremento no número de potenciais estudantes que solicitaron entrevistas individuais co Coordinador** para recibir información personalizada sobre a

titulación, o que evidencia un **aumento do interese cualitativo**, que resulta conveniente seguir potenciando.

Esta medida **non pode considerarse efectiva**, dado que a matrícula de novo ingreso non só non se incrementou, senón que **experimentou un descenso do 44,44 % respecto ao curso anterior**, situándose por primeira vez nos últimos seis cursos académicos **por baixo dos 20 estudantes matriculados**.

Este resultado evidencia a necesidade de deseñar unha acción de mellora máis ambiciosa (**MEI-04, Curso 2023/2024**), que inclúa, entre outras actuacións:

- A elaboración de **material promocional (cartelería)** (**MEI-04.01**),
- desenvolvemento dunha **campaña específica en redes sociais** (**MEI-04.02, xa executada**),
- A produción dun **vídeo corporativo sobre a titulación** (**MEI-04.03**),
- A impartición de **charlas informativas en centros de interese** (**MEI-04.04, xa executada**),
- E o envío de información a través das aulas de Coordinación do Campus Virtual do Grao en Dereito e do Dobre Itinerario Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos (**MEI-04.05, xa executada**).

O obxectivo destas accións será **reforzar a visibilidade do Máster e difundir de forma máis eficaz as oportunidades formativas e profesionais que ofrece**. A avaliación da súa efectividade deberá iniciarse no informe de seguimento correspondente ao **curso 2024/2025**.

MEI-02 (Curso 2022/2023). Mellora da taxa de rendemento e da taxa de avaliación da materia P3171108 – Traballo de Fin de Máster (TFM).

A materia **P3171108 – Traballo de Fin de Máster (TFM)** presenta, historicamente, unha **taxa de rendemento e unha taxa de avaliación significativamente inferiores** ás previstas na **Memoria de Verificación do título**. Esta circunstancia evidencia unha **dificultade estrutural na finalización e defensa do TFM**, con impacto directo sobre a **taxa de graduación**, a **duración media dos estudos** e a **taxa de abandono do Máster**.

O **claustro docente do MUEI** é plenamente consciente desta problemática e desenvolveu diversas estratexias para mitigala, con **resultados dispares segundo o curso académico**:

- No **curso 2022/2023**, as medidas adoptadas no marco da acción de mellora **MEI-05 (Curso 2021/2022)** non lograron reverter a **tendencia negativa**, como o demostra o **baixo número de TFM defendidos (11)**, o que deu lugar a unha **taxa de rendemento e de avaliación do 38,38 %**, marcando un **punto crítico neste indicador**.
- Pola contra, no **curso 2023/2024**, a implementación dunha nova acción de mellora (**MEI-02, Curso 2022/2023**) permitiu **inverter claramente esta tendencia descendente**. Acadouuse unha **taxa de rendemento do 51,52 %** e unha **taxa de avaliación do 54,55 %**, con **17 TFM defendidos**, recuperando niveis similares aos do curso 2021/2022.

Aínda que a acción **MEI-02 (2022/2023)** contribuíu de forma positiva, **os indicadores seguen por debaixo dos obxectivos establecidos na Memoria de Verificación do título**. En consecuencia, resulta necesario **reforzar e consolidar as estratexias iniciadas** mediante a

implementación dunha nova acción de mellora (**MEI-08, Curso 2023/2024**), estruturada como un plan de acompañamento continuo e personalizado para a elaboración e defensa do TFM.

Este plan deberá contemplar medidas sistemáticas e sostidas que reforcen o seguimento académico e melloren os resultados neste compoñente clave do programa formativo.

MEI-03 (Curso 2022/2023). Incremento da participación do alumnado nas enquisas de avaliación

De acordo co Informe Final de avaliación para a renovación da acreditación emitido pola ACSUG o 10 de outubro de 2019, a taxa de participación do estudantado e do profesorado nas enquisas de avaliación do título era moi reducida, aínda que a participación do alumnado na enquisa de avaliación da docencia resultaba elevada. A pesar de terse formulado accións de mellora, non resultaron efectivas, polo que se recomendaba retomar iniciativas neste eido.

En atención a esta recomendación, estableceuse que a Coordinación se puxese en contacto co estudantado en canto se abrira o período oficial para cubrir as enquisas, co obxectivo de lembrarlles e explicarlles a importancia da súa participación. Así mesmo, acordouse habilitar un espazo de 10 minutos durante a clase da materia obxecto de avaliación —ao inicio ou ao remate da sesión—, dentro do calendario oficial fixado pola USC, para que o alumnado puidese completar as enquisas de forma cómoda e efectiva.

O certo é que a participación do alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida experimentou un incremento significativo, pasando do 41,18 % no curso 2022/2023 ao 48,57 % no 2023/2024, o que supón un aumento de 7,39 puntos porcentuais. Este avance atribúese directamente á eficacia da acción de mellora implementada, que logrou incentivar e facilitar a implicación do estudantado nestes procesos.

O notable incremento na participación do alumnado pon de manifesto que as medidas adoptadas están a dar resultados positivos, contribuíndo a reforzar o seu compromiso cos procesos de avaliación da calidade. Porén, os datos aínda están lonxe do obxectivo establecido, que consiste en acadar unha participación situada entre o 75 % e o 80 %. En consecuencia, a acción de mellora continuará activa ata alcanzar esta meta.

MEI-04 (Curso 2022/2023). Distribución equilibrada da carga académica

Esta iniciativa ten como obxectivo acadaren unha distribución equilibrada da carga académica, evitando solapamentos que poidan afectar negativamente ao rendemento do estudantado, en liña coa actuación **MEI-04 do curso 2021/2022**. Para tal fin, lévanse a cabo reunións de coordinación ao comezo de cada semestre entre o profesorado das materias impartidas nese período.

Con esta medida pretendíase incrementar o nivel de satisfacción das persoas egresadas respecto da organización da carga de traballo ao longo do curso, un aspecto que presentou valoracións variables, con puntuacións entre 1,67 e 3,20 puntos, sen que ata o momento se acadase plenamente o obxectivo fixado. No curso 2023/2024 obtívose unha valoración de 3 puntos.

Pola súa banda, o PDI valora positivamente a distribución actual da carga de traballo, outorgándolle unha puntuación de 4,20 puntos.

MEI-05 (Curso 2022/2023). Redución da taxa de abandono

Levou a cabo **un estudo exhaustivo sobre as causas das elevadas taxas de abandono e graduación** na titulación, cuxos resultados foron **trasladados á Comisión Académica do Máster** co obxectivo de propoñer medidas correctoras.

A taxa de abandono **mellorou de forma significativa no curso 2023/2024**, cunha **redución de 8,28 puntos porcentuais respecto ao curso anterior**. Esta evolución foi **analizada polo claustro docente na Comisión Académica**, que identificou diversos factores causantes (**MEI-05 Curso 2022/2023; MEI-05 Curso 2021/2022**):

- **En primeiro lugar**, detectouse que algúns abandonos responden a **decisións persoais tomadas tras a primeira matrícula**, motivadas por **circunstancias vitais** como a aceptación de ofertas laborais ou bolsas que implican **mudanza de residencia e incompatibilidade coa asistencia ao máster**. Cómpre sinalar que estes casos representan **un número reducido de estudantes en termos absolutos**.
- Con todo, **a maioría dos abandonos concéntrase en dous momentos clave**:
 - Ao inicio do máster, durante as **primeiras semanas**, moitas veces sen que o profesorado coñeza os motivos.
 - En cursos posteriores, cando o estudantado decide **non continuar coa titulación**.

Un perfil representativo do estudantado que abandona sen obter o título é aquel que **supera as materias presenciais**, pero **non defende o Traballo Fin de Máster (TFM)** nin no primeiro nin no segundo ano, e con alta probabilidade **non se matricula no terceiro**. Tralo remate das materias presenciais, estes estudantes **reducen notablemente a súa participación académica**, centrando a súa actividade en tarefas **laborais ou profesionais**.

Ademais, o feito de que **a maioría non resida na cidade onde se imparte o máster, ou mesmo viva no estranxeiro**, xera un **distanciamento físico e emocional** que **contribúe de maneira significativa a que non rematen os seus estudos**.

MEI-06 (Curso 2022/2023). Reactivación do Comité Consultivo do Máster

No **Informe de Avaliación para a renovación da acreditación emitido pola ACSUG no ano 2015**, destacou a **constitución do Comité Consultivo** como un dos **principais puntos fortes da titulación**, ao permitir incorporar as **opinións e necesidades de representantes de organismos empresariais, sociais e institucionais** vencellados coa temática do máster.

Non obstante, ata a data **non se ten materializado a reactivación deste órgano consultivo**, malia as **xestións realizadas desde a Coordinación para a súa posta en marcha a finais do presente curso** (MEI-06 Curso 2022/2023). Esta situación explícase porque, co paso do tempo, **varios membros e as entidades que representaban deixaron de estar dispoñibles ou reconsideraron a súa participación**.

Ante esta realidade, a **Coordinación do Máster, en colaboración coa Comisión Académica**, decidiu **iniciar un novo proceso de captación e renovación de membros**, tarefa na que se está a traballar na actualidade. Este proceso presenta **unha dificultade engadida debido ao escaso**

número de organismos empresariais, sociais e institucionais estreitamente vencellados co ámbito da titulación no contexto autonómico, o que ten ralentizado o avance máis do previsto inicialmente.

En calquera caso, **a reactivación do Comité Consultivo continúa a ser unha acción prioritaria para a Coordinación**, en coherencia co compromiso de mellora continua da titulación.

MEI-07 (Curso 2022/2023). Análise da baixa participación do alumnado nos programas de mobilidade

Detectouse a necesidade de **establecer reunións co alumnado para analizar as causas da baixa participación nos programas de mobilidade académica e adoptar medidas específicas para fomentala**. Aínda que o estudantado ten acceso aos programas de mobilidade ofertados pola USC, **a demanda vén sendo historicamente reducida**.

Esta acción de mellora contempla a **organización de encontros co alumnado** co fin de **profundar nas causas que motivan esta escasa participación e deseñar estratexias axeitadas que impulsen unha maior implicación nos programas de mobilidade**.

Segundo se constatou no marco da **acción de mellora MEI-07 (Curso 2022/2023)**, esta situación responde, fundamentalmente, a dous factores:

- **A crecente preocupación pola inserción laboral**, que leva ao estudantado a priorizar outras actividades formativas ou profesionais;
- **feito de que a maioría do alumnado xa participou en programas de mobilidade durante os estudos de Grao**, polo que **non priorizan esta opción na etapa de posgrao**.

MEI-08 (Curso 2022/2023). Mellora da taxa de rendemento

Co obxectivo de **abordar o descenso na taxa de rendemento detectado desde o curso 2021/2022** —especialmente en materias concretas como **Persoa, Familia e Integración Europea** e o **Traballo de Fin de Máster (TFM)**—, púxose en marcha **unha acción de mellora baseada na celebración de reunións entre a Coordinación e o profesorado responsable das materias implicadas**, co fin de **analizar conxuntamente as causas e deseñar medidas correctoras**.

Os **bos resultados acadados no curso 2023/2024**, cun **incremento de 6,85 puntos porcentuais na taxa de rendemento**, evidencian a **eficacia da medida adoptada**, que se **manterá e ampliará no vindeiro curso** como parte do sistema de mellora continua da titulación.

MEI-09 (Curso 2022/2023). Obtención de datos sobre a inserción laboral das persoas egresadas

Resulta **conveniente avanzar cara a unha recollida máis sistemática e completa de datos sobre a inserción profesional do estudantado**, co fin de **reforzar os procedementos de avaliación e mellora da titulación**, así como de **adecuar a formación ás demandas do mercado laboral**.

Con este obxectivo, **está previsto que, no acto de defensa do Traballo de Fin de Máster (TFM)**, se **solicite autorización ao estudantado para establecer un contacto anual durante os dous**

anos seguintes, a fin de coñecer a súa situación laboral. Para tal fin, **pediráselles que proporcionen un correo electrónico alternativo ao institucional**, mediante **un formulario deseñado especificamente para este propósito**.

Non obstante, **a falta de persoal de apoio**, xunto coa **elevada carga de traballo asumida pola Coordinación do Máster**, **ten dificultado o avance na implementación desta medida**, que **permanece temporalmente adiada**.

4. Coordinación títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade

4.1. Doble Itinerario en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos

O Doble itinerario en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos conta cun sistema específico de **coordinación académica e organizativa**, téndose designado un **Coordinador específico para o Doble Itinerario**, orientado a garantir a coherencia dos contidos, a compatibilidade dos horarios e a adquisición equilibrada das competencias propias de ambas titulacións.

A **coordinación horizontal** realízase mediante a planificación conxunta das materias comúns ou afíns, co fin de evitar solapamentos e de asegurar unha distribución adecuada da carga de traballo do estudantado. Para iso, mantéñense reunións periódicas entre o equipo docente de ambas titulacións e a coordinación académica do dobre itinerario.

A **coordinación vertical** garante a progresión lóxica da aprendizaxe ao longo dos diferentes cursos, facilitando a integración das competencias xurídicas e laborais e a súa aplicación práctica nas materias de carácter profesionalizante e nos traballos de fin de grao.

A coordinación global do dobre itinerario é responsabilidade das **coordinacións do Grao de Dereito** e de **Relacións Laborais e Recursos Humanos**, que actúan de maneira conxunta para resolver incidencias, revisar anualmente a planificación docente e propoñer melloras no desenvolvemento do programa.

4.2. Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais (MDTETD)

O Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais (MDTETD) desenvólvese en colaboración coa Universidade do Minho (Portugal) e está acreditado pola **Agência de Avaliação e Acreditação do Ensino Superior** de Portugal. Forma parte do proxecto **“Universidades sen Fronteiras” (UNISF)**, no que participan universidades do norte de Portugal e de Galicia.

<https://unisf-elearning.uminho.pt/>

Como título interuniversitario, o máster conta cun **sistema de gobernanza compartida**, formalizado mediante o acordo específico de colaboración titulado *“Acordo entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade do Minho para o desenvolvemento e a xestión do Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais”*. Este convenio establece que ambas universidades asumen mancomunadamente e en igualdade de condicións a xestión académica e administrativa do programa, a través dos seguintes órganos:

- **Comisión Académica Interuniversitaria**, responsable da coordinación académica.
 - Prof.^a Dr.^a Anabela Gonçalves.
 - Prof. Dr. César García Novoa.
 - Prof. Dr. Luis Míguez Macho.
 - Anabela Susana de Sousa Gonçalves, Directora da Comisión.
 - César García Novoa, Coordinador do Máster na USC.
 - Francisco Hernández Rodríguez.
 - Maria Irene da Silva Ferreira Gomes.
 - Teresa Alexandra Coelho Moreira.
 - Luis Míguez Macho, Secretario da Comisión.
- **Director/a ou Coordinador/a**, pertencente a unha das universidades.
 - Prof.^a Dr.^a Anabela Gonçalves.
- **Director/a Adxunto/a ou Coordinador/a Adxunto/a**, da outra universidade, que actúa como substituto e colaborador do director en tarefas específicas.
 - Prof. Dr. César García Novoa.

Ademais, o máster está **supervisado pola Comisión de Seguimento do Proxecto UNISF**, garantindo así unha avaliación continuada do programa.

A **Comisión Académica Interuniversitaria** asume funcións clave como:

- A planificación e seguimento da docencia e dos procesos de avaliación da aprendizaxe.
- A organización da mobilidade entre universidades, conforme á traxectoria formativa prevista.
- A xestión dos Traballos de Fin de Máster (TFM), incluíndo a designación de titores e a proposta dos tribunais de avaliación.

O MDTETD conta con **mecanismos de coordinación docente plenamente operativos**, esenciais para garantir a coherencia académica do plan de estudos e asegurar a adquisición progresiva de competencias.

Coordinación horizontal

Maniféstase a través da planificación conxunta entre materias do mesmo cuatrimestre, co obxectivo de evitar solapamentos, distribuír equilibradamente a carga de traballo e fomentar sinerxías interdisciplinares nos ámbitos xurídico, empresarial e tecnolóxico.

Coordinación vertical

Permite unha progresión lóxica da aprendizaxe, desde os fundamentos teóricos iniciais ata a aplicación práctica nos módulos de Prácticas Externas e no Traballo de Fin de Máster, nos que o estudantado integra os coñecementos adquiridos en contextos reais de exercicio profesional e de investigación aplicada.

A **Comisión Académica do Máster** lidera estes procesos, realizando revisións periódicas da planificación docente, avaliando o grao de cumprimento dos obxectivos formativos e proponendo melloras cando se detectan necesidades. Así mesmo, valórase especialmente a **retroalimentación do estudantado** e o **seguimento personalizado mediante titorías**, o que contribúe a unha docencia máis axustada ás súas necesidades.

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Neste apartado sintetízase a análise do desenvolvemento dos programas formativos da Facultade de Dereito durante o curso 2023/2024. O deseño, a revisión e a mellora destes programas realizáronse conforme ao establecido no *Manual de Procesos Institucionais de Calidade* da USC, vixente no período obxecto de análise. Durante o curso 2023/2024, os títulos activos da Facultade sometidos a procesos de renovación da acreditación superaron satisfactoriamente as avaliacións correspondentes. En concreto, **o Grao en Dereito foi acreditado favorablemente o 18 de xaneiro de 2023, e o Grao en Criminoloxía o 4 de novembro de 2024**. Pola súa banda, o **Informe final de seguimento emitido pola ACSUG, o 30 de xaneiro do 2025**, con relación ao **Máster Universitario de Estudos Internacionais** sinala que *“el resultado del proceso de seguimiento del título de Máster Universitario en Estudios Internacionales de la Universidad de Santiago de Compostela es **CONFORME** con los propósitos del proceso incluidos en el documento de ACSUG, establecidos de acuerdo con las recomendaciones de la REACU”*.

Os resultados positivos obtidos nas avaliacións da ACSUG evidencian un desenvolvemento adecuado dos programas formativos e a súa conformidade cos estándares de calidade establecidos.

O deseño, a revisión e a mellora dos programas formativos da Facultade de Dereito seguen os procedementos comúns establecidos para o conxunto da USC, e están sistematizados no proceso PI-01, Deseño, modificación e extinción de programas, recollido no *Manual de Procesos Institucionais de Calidade* da Universidade. Este proceso recolle as directrices para a planificación, avaliación e actualización dos programas formativos. Ademais, no marco do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade, complétase co procedemento PE-02, Revisión e mellora, que orienta o seguimento anual das titulacións e a implementación das accións de mellora asociadas. A normativa que regula estes procedementos no ámbito administrativo da USC é o Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado, aprobado polo Consello de Goberno o 28 de outubro de 2022 e modificado polo Consello de Goberno o 25 de xaneiro de 2024. Esta normativa, xunto con outras disposicións de organización docente, pode consultarse en:

<https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/normativa/alumnado>

A Comisión de Docencia e Calidade (CDC) e, no caso dos másteres universitarios, as Comisións Académicas específicas, son os órganos responsables de analizar anualmente o desenvolvemento e os resultados dos programas formativos, así como a efectividade das accións de mellora propostas. A CDC avalía o grao de cumprimento das memorias verificadas das titulacións (MVT), valora a necesidade da súa modificación ou actualización e examina o cumprimento dos programas das materias, a adecuación dos perfís de ingreso e egreso, os procedementos de coordinación, os resultados de aprendizaxe e a información recollida sobre a satisfacción, necesidades e expectativas dos grupos de interese. O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) establece a sistemática que rexe os procesos vinculados directamente ao desenvolvemento dos programas formativos. Entre eles, ademais do xa mencionado procedemento PE-02 (Revisión e mellora), inclúense:

- PC-01: Análise do perfil de ingreso e captación de estudantes,
- PC-02: Planificación das ensinanzas,
- PC-04: Desenvolvemento das ensinanzas,
- PC-05: Análise de resultados e mellora dos programas.

Nesta memoria incorpóranse os informes de seguimento de cada título, así como as accións de mellora propostas, ao Plan de Melloras do Centro (PMC). As evidencias de que os procesos de revisión e mellora se levan a cabo conforme ao establecido atópanse recollidas nas actas da Comisión de Docencia e Calidade (CDC). A continuación, procédese á análise dos seguintes aspectos de cada unha das titulacións impartidas na Facultade de Dereito:

1. Verificación do cumprimento do previsto nas memorias verificadas, co obxectivo de facilitar, se procede, a implantación de modificacións e dar resposta aos requisitos do ciclo de garantía externa das titulacións, tanto no relativo ao seguimento como á renovación da acreditación.

Grao en Dereito (GD)

No **Informe final de avaliación para a renovación da acreditación** do Grao en Dereito, emitido pola ACSUG o 18 de xaneiro de 2023, recóllese unha **valoración final favorable**. O título obtén a **cualificación B** ("O estándar correspondente ao criterio cúmprese completamente") en todas as dimensións e criterios avaliados.

Grao en Criminoloxía (GC)

No **Informe final de avaliación para a renovación da acreditación** do Grao en Criminoloxía, emitido pola ACSUG o 12 de decembro de 2024, recóllese unha **valoración final favorable**. O título obtén a **cualificación B** ("O estándar correspondente ao criterio cúmprese completamente") en todas as dimensións e criterios avaliados.

Máster Universitario de Avogacía (MUA)

Informe final de avaliación para a renovación da acreditación do Máster Universitario en

Avogacía, emitido pola ACSUG o 16 de decembro de 2020, recóllese unha **valoración final favorable**. O título obtén a **cualificación B** ("O estándar correspondente ao criterio cúmprese completamente") en todas as dimensións e criterios avaliados, salvo no **criterio 6 (Resultado de aprendizaxe)** que obtén unha **cualificación A** ("O estándar correspondente ao criterio conséguese completamente e, ademais, constitúe un exemplo que supera os requirimentos básicos").

Máster Universitario en Estudos Internacionais (MUEI)

Informe final de seguimento para a renovación da acreditación do Máster Universitario en Estudos Internacionais, emitido pola ACSUG o 30 de xaneiro de 2025, cunha **evaluación de conforme**.

Informe final de avaliación para a renovación da acreditación do Máster Universitario en Estudos Internacionais, emitido pola ACSUG o 10 de outubro de 2019, recóllese unha **valoración final favorable**. O título obtén a **cualificación B** ("O estándar correspondente ao criterio cúmprese completamente") en todas as dimensións e criterios avaliados, salvo no **criterio 4 (Recursos Humanos)** que obtén unha **cualificación A** ("O estándar correspondente ao criterio conséguese completamente e, ademais, constitúe un exemplo que supera os requirimentos básicos").

Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais (MUDTeTD)

Data de autorización para a implantación do título por parte da Xunta de Galicia: Orde do 27 de xullo de 2022 (publicada no **DOG do 10 de agosto de 2022**).

2. Guías docentes

O **Manual de Procesos da Facultade de Dereito** incorpora o **Procedemento de revisión das guías docentes**, co obxectivo de **comprobar que estas se axustan ao establecido na memoria verificada da titulación**. Toda a documentación relativa ao **sistema de garantía de calidade**, incluído este procedemento, está dispoñible na seguinte ligazón: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-dereito/calidade/documentacion-sgc>

3. Avaliación dos procedementos de coordinación

3.1. Grao en Dereito e Grao en Criminoloxía

O **SGIC** do centro recolle no proceso de Desenvolvemento das ensinanzas os sistemas de coordinación da actividade docente.

Consello de Departamento: designar ás persoas responsables da coordinación das materias con máis dun/unha docente asignado/a. No caso de materias adscritas a máis dun Departamento, o/a coordinador/a deberá ser único/a, por acordo común entre os Departamentos implicados ou ben por proposta do Centro.

Coordinador/a de Materia: coordinar a materia entre os/as diferentes docentes, garantindo a homoxeneidade no contido, sistema de avaliación e actividades. Verificar o grao de cumprimento

da programación docente na materia e informar ao/á coordinador/a de curso dos resultados obtidos.

Coordinador/a do Curso de Grao (por semestres): elaborar a programación de actividades de coordinación para o curso. Controlar as incidencias que poidan xurdir entre as materias do semestre de cada curso, tentando ponderar o número de horas de traballo autónomo que debe desenvolver o alumnado para evitar acumulacións de tarefas nas mesmas semanas. Recoller as queixas ou peticións dos/das representantes do alumnado, facendo de enlace co/a coordinador/a do Grao. Coordinar a actividade docente no curso entre os/as diferentes docentes, realizando un seguimento da implantación da programación das materias do curso e informando do desenvolvemento do proceso ao/á Vicedecano/a de Organización Académica.

Decano/a: nomear ao/á Coordinador/a de Curso por proposta da Comisión de Docencia e Calidade.

Comisión de Docencia e Calidade: supervisar que a programación impartida se corresponde co definido no plan de estudos vixente e comprobar que non existen baleiros nin duplicidades. Propor o/a coordinador/a de curso. Analizar e informar dos resultados do proceso de coordinación, propoñer accións de mellora e establecer accións correctoras no caso de detectarse desviacións.

Desenvolvemento

O Consello de Departamento identifica todas as materias con máis dun/unha docente e designa un/unha Coordinador/a da Materia que garanta a **homoxeneidade na programación e a coordinación na súa impartición**. No caso de **materias adscritas a máis dun Departamento**, o/a coordinador/a deberá ser **único/a**, por **acordo común entre os Departamentos implicados** ou ben por **proposta do Centro**.

É responsabilidade do/a Coordinador/a da Materia **homoxeneizar a programación da materia entre os/as diferentes docentes**, garantindo a **homoxeneidade no contido, no sistema de avaliación e nas actividades programadas**.

No relativo á sistemática de avaliación, o/a Coordinador/a da Materia, xunto cos/as diferentes docentes, **revisa a sistemática de avaliación vixente**, nos seus distintos niveis, tomando como referencia o establecido no **programa/guía docente**.

Unha vez iniciada a docencia, o/a Coordinador/a da Materia verifica o grao de cumprimento da programación docente en todas as súas dimensións e informa ao/á Coordinador/a de Curso das posibles desviacións detectadas.

O/a Decano/a nomea cada curso académico, por quenda rotatoria entre os/as Coordinadores/as das Materias, un/unha Coordinador/a de Curso, responsable de **garantir que o programa e os demais apartados da programación de cada materia se adaptan ao plan de estudos vixente**, así como a necesaria coordinación de programas e sistemas de avaliación dentro dun mesmo curso e titulación.

É responsabilidade do/a Coordinador/a de Curso **elaborar a programación de actividades dirixidas a coordinar os distintos aspectos da impartición da docencia** entre o profesorado dun mesmo curso. As actividades de coordinación deben alcanzar, cando menos, os seguintes aspectos:

- Realizar un seguimento da implantación da programación das materias do curso.
- Garantir a coordinación e, de ser o caso, a interacción entre as actividades e/ou traballos a realizar polo alumnado encomendados por distintos/as docentes.

- Controlar as incidencias que poidan xurdir entre as materias do semestre de cada curso.
- Recoller as queixas ou peticións dos/das representantes do alumnado, facendo de enlace co/a Coordinador/a do Grao.
- Cando os/as Coordinadores/as das Materias informen ao/á Coordinador/a de Curso de dificultades no desenvolvemento da programación ou na coordinación (contido, metodoloxía e/ou avaliación), establécense accións para corrixir as desviacións detectadas.

No exercicio das súas funcións, o/a coordinador/a de curso convoca unha reunión inicial e outra final por semestre co profesorado responsable da docencia expositiva e interactiva. De ambas reunións levanta a acta correspondente, que remite ao/á Vicedecano/a de Organización Docente.

A información sobre as súas funcións e o correspondente nomeamento publícase no Campus Virtual ("Coordinación Grao en Dereito" / "Coordinación Grao en Criminoloxía") e comunícase por correo electrónico, de forma específica, ao profesorado e aos/as delegados/as de curso. Así mesmo, o nomeamento dos/as Coordinadores/as de Curso anúnciase nos taboleiros das aulas correspondentes.

O/a Coordinador/a de Curso informa ao/á Vicedecano/a de Organización Docente do Grao en Dereito e ao Coordinador do Grao en Criminoloxía, respectivamente, do cumprimento da planificación, das posibles desviacións detectadas e das accións establecidas, organizándose, para tal fin, unha reunión de coordinación xeral por semestre. O/a Vicedecano/a de Organización Académica do Grao en Dereito e o Coordinador do Grao en Criminoloxía informa á Comisión de Docencia e Calidade da Facultade e ao/á Responsable de Calidade do concluído na dita reunión, correspondendo a estes dous órganos o seguimento da implantación e eficacia das medidas de corrección establecidas.

Delegado/a de curso

Nos últimos cursos estableceuse a obriga de que cada grupo de cada curso conte cun/unha delegado/a. Esta medida revelouse como un mecanismo clave de coordinación, altamente valorado por todas as partes implicadas. Deste xeito, institucionalizouse o procedemento polo cal, ao longo do mes de setembro, cada grupo de cada curso, ou cada curso no caso do Grao en Criminoloxía, debe designar unha persoa representante e comunicar o seu nome á Secretaría do Decanato.

Os nomes dos/as delegados/as comunícanse ao PDI a través da aula de Coordinación do Grao en Dereito e do Grao en Criminoloxía no Campus Virtual, sendo os representantes oficiais e interlocutores únicos en nome do grupo. Así mesmo, en cada semestre, o/a Decano/a e o/a Vicedecano/a manteñen unha reunión cos/as delegados/as de curso para avaliar o desenvolvemento do semestre e tratar as posibles incidencias que puideran ter xurdido.

Comité Consultivo da Facultade de Dereito

O Comité Consultivo da Facultade de Dereito constitúe un órgano colexiado de carácter asesor, cuxa finalidade principal é emitir informes, propostas e recomendacións en relación con cuestións de relevancia estratéxica, académica e institucional que afecten ao funcionamento e proxección da Facultade. No exercicio das súas funcións, o Comité contribúe de maneira activa á mellora continua da calidade académica, á adecuación da oferta formativa e á definición das liñas de actuación prioritarias do centro.

Está integrado por:

- **Ana María Gude Fernández (presidenta).** Decana da Facultade de Dereito
- **Natalia Pérez Rivas (secretaria).** Secretaria académica da Facultade de Dereito e Responsable de Calidade do Centro
- **Santiago Brage Cendán.** Coordinador do Grao en Criminoloxía
- **Lotario Vilaboy Lois.** Coordinador do Máster Universitario da Avogacía e da Procuradoría
- **Miguel Enrique Arenas Meza.** Coordinador do Máster en Estudos Internacionais
- **Cesar García Novoa.** Coordinador do Máster Universitario en Dereito Transaccional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais
- **María Dolores Rivera Frade.** Presidenta da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
- **Xosé Antón Sarmiento Méndez.** Letrado Oficial Maior do Parlamento de Galicia
- **José María Graíño Ordóñez.** Notario
- **Beatriz González Moreno.** Coordinadora Xeral do Valedor do Pobo
- **Francisco José Rabuñal Mosquera.** Decano do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela
- **José Ángel Vázquez Yáñez.** Director do Centro Penitenciario Teixeiro de A Coruña
- **Juan Cástor Vázquez Salgado.** Comisario Nacional de Policía
- **Jesús Aneiros Rodríguez.** Comandante da Garda Civil

En cumprimento do previsto no procedemento de revisión e reforma do plan de estudos do grao, e co obxectivo de garantir unha ampla participación dos distintos axentes implicados, o día 8 de abril de 2024 celebrouse unha sesión do Comité Consultivo. Nesta reunión abordáronse os principais eixos de reforma curricular, valoráronse as propostas recibidas nos procesos previos de consulta e debate, e recolléronse achegas orientadas a mellorar a estrutura, contidos e orientación do novo plan de estudos.

Valoración recollida no Informe final de avaliación do Grao en Dereito para a renovación da acreditación da ACSUG, notificado o 18 de xaneiro de 2023:

“la coordinación horizontal y vertical entre las diferentes materias-asignaturas del plan de estudios es adecuada, habiéndose reforzado los mecanismos arbitrados tras el Informe de Renovación de la Acreditación de 2016, implantando la figura de coordinador de curso y semestre, que realizan reuniones semestrales para evitar duplicidades, sobrecarga de trabajo, etc. Se aportan actas de las reuniones de coordinación. Debe valorarse positivamente la acción de mejora implementada, para que el profesorado de cada curso y semestre ponga en común, y coordine las tareas encomendadas al alumnado durante esas semanas, con la debida antelación. El Vicedecano de Organización Académica supervisa esta estructura a la vez que actúa de coordinador de las prácticas externas”.

Pola súa banda, no caso do Grao en Criminoloxía, o Informe final de avaliación para a renovación da acreditación da ACSUG, notificado o 5 de novembro de 2024, recolle que:

“El título ha arbitrado mecanismos de coordinación docente (horizontal y vertical) que funcionan

satisfactoriamente. La coordinación en cada materia (secuenciación de las actividades formativas teóricas y prácticas, los contenidos y los sistemas de evaluación) y entre materias (en cada curso académico y en cursos sucesivos) se considera adecuada desde el punto de vista de la carga de trabajo contemplada para los estudiantes y está en consonancia con la adquisición de las competencias previstas. Según el autoinforme no ha habido quejas importantes sobre el desarrollo de las asignaturas. La coordinación vertical y horizontal se materializa con la designación de coordinadores de semestre y de un coordinador del grado y del Curso de adaptación. El coordinador del grado lleva a cabo sus funciones en estrecha colaboración con los dos vicedecanos con competencias en materia de docencia y con los departamentos implicados. El coordinador de semestre se encarga de controlar las incidencias que puedan surgir entre las asignaturas semestrales, ponderando el número de horas de trabajo autónomo que debe desenvolver el alumnado para evitar acumulaciones de tareas y recibe peticiones de los representantes del alumnado, haciendo de enlace con el coordinador del título. Existe un calendario de celebración de reuniones y de entrega de informes de coordinación. La preocupación de los responsables académicos por la coordinación se refleja en el autoinforme, habiendo implantado una acción de mejora para el curso 2023/24 consistente en reuniones cuatrimestrales del equipo decanal y el coordinador del título con los delegados de curso”.

3.2. Máster Universitario en Avogacía (MUA)

As **características singulares** desta titulación —cunha maior porcentaxe de **profesorado externo ca universitario (60%-40%)**, un número elevado de **créditos de prácticas externas (30 ects, un terzo do total)**, e impartida, até o curso **2022/2023**, de forma **presencial e conxunta** (segundo exige a normativa vixente) por **unha universidade, dous colexios profesionais** (os **Colegios da Avogacía de Santiago e de Lugo**) e as súas respectivas **Escolas de Práctica Xurídica**, en dúas cidades/sedes (**campus de Santiago e de Lugo**); e desde o curso **2023/2024**, exclusivamente no **campus de Santiago**, en colaboración co **Colexio da Avogacía de Santiago**, o **Colexio de Procuradores de Santiago** e a **Escola de Práctica Xurídica**— obrigan a dispor de **mecanismos de coordinación suficientes e adecuados** que garantan a necesaria **colaboración institucional** e a **unidade de actuación** entre o profesorado, titorado, órganos de xestión, etc.

A ACSUG, no seu **Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación do MUA (2020)**, recoñecía que:

“Se disponía de diversos mecanismos de coordinación institucional y docente que aseguraban la colaboración entre las distintas instituciones. Existían comisiones de Seguimiento, Dirección y Académica en cada sede, así como coordinación académica y profesional en cada una de ellas. Además, se contaba con coordinadores por materia y por módulo, dado que cada materia era impartida por distintos docentes (académicos y profesionales) y cada módulo comprendía varias materias que debían mantener una línea común. En conjunto, las reuniones derivadas de esta pluralidad de mecanismos de coordinación garantizaban la planificación y el desarrollo del plan de estudios con normalidad. En definitiva, a través de estos mecanismos se aseguraba la coordinación horizontal y vertical entre las distintas materias del plan de estudios”.

Na **primeira liña de coordinación** atopábanse as **Comisións de Seguimento, Dirección e Académica**, que até o curso **2022/2023** funcionaban de forma diferenciada para cada campus, con **composición equilibrada** entre membros **universitarios** e membros dos **colexios profesionais**. A coordinación entre elas garantíase pola presenza dos **mesmos membros universitarios en ambas sedes**, o que permitía asegurar a **unidade de actuación institucional**, coordinar as achegas de cada institución, **supervisar a**

execución da Memoria verificada e dos **convenios de colaboración, consolidar o funcionamento equilibrado dos órganos de xestión**, reforzar a xestión diaria do mestrado, resolver **incidencias ou conflitos**, etc.

Coa transformación do **MUA no MUAP** e a súa impartición exclusiva no **campus de Santiago** a partir do curso **2023/2024**, a **Comisión Académica do MUA Santiago** remitiu ao **Vicerreitorado competente** unha proposta de **novo convenio de colaboración** (chamado a substituír o do ano **2012**, entre a **USC** e o **ICA Santiago**), que incluía tamén o **ICP de Santiago**. Este borrador contemplaba a creación dun **Consello de Dirección**, unha **Comisión Académica** e unha **Dirección Executiva** como **órganos colexiados de xestión do MUAP**, con participación de todas as entidades implicadas (**universidade, colexios profesionais, escola de práctica xurídica**). Porén, **o convenio non foi asinado ata o momento**, polo que a titulación segue a ser xestionada cos **órganos do desaparecido MUA**, aínda que se **convida o ICP de Santiago** ás reunións da **Comisión Académica** (a través do seu **Decano ou Vicedecana**) e ás **tarefas de coordinación profesional**.

Nunha **segunda liña de coordinación** sitúanse as figuras do **coordinador académico** e do **coordinador profesional**, inicialmente diferenciadas para cada campus —sendo o **coordinador académico común a ambos** para facilitar a coordinación intercampus— e **actualmente exclusivas do campus de Santiago**. En tanto non se formalice o **novo convenio**, **convíndose o ICP de Santiago a designar un subcoordinador** para cuestións específicas da **procura** (p.ex., prácticas externas, docencia externa, etc.), funcións que desenvolve a **Vicedecana do Colexio**. Isto permitiu **seleccionar profesionais da procura** para impartir os contidos da titulación e exercer a **titoría nas prácticas externas**.

A impartición das diferentes materias distribúese entre **profesorado universitario, avogados/as, procuradores/as e outros profesionais**, segundo a normativa e os convenios asinados ou propostos. Para **unificar criterios, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, etc.**, as **coordinacións académica e profesional**, xunto coa **subcoordinación da procura**, manteñen **contacto constante co profesorado**. Antes de cada curso académico, celébranse **reunións por materia** co profesorado universitario e externo, para planificar **contidos, metodoloxía, avaliación, etc.**

Esta coordinación refórzase coa figura dos **coordinadores por materia**, dado que case todas as materias son impartidas por máis dunha persoa docente de **procedencia diversa** (universidade, avogacía, procura, outras profesións). Por iso, cada materia conta con **dous coordinadores/as**: un/unha **universitario/a** e un/unha **avogado/a**, ambos docentes da materia. No curso **2023/2024**, engadiuse tamén a figura dun/unha **subcoordinador/a da procura por materia**.

Así mesmo, para garantir a **coherencia interna dos módulos**, existen **coordinadores/as por módulo** (normalmente un/unha **docente universitario/a** e un/unha **avogado/a**), e no caso do **MUAP**, tamén un/unha **subcoordinador/a da procura**. A **dirección do mestrado**, e especialmente as **coordinacións**, encárganse de **garantir a coherencia dos criterios** establecidos polos coordinadores de módulo, emitindo, a través da **Comisión Académica**, **directrices comúns ao profesorado** sobre aspectos como **contidos das prácticas externas, sistemas de avaliación, guías docentes ou organización dos TFM**.

A coordinación concreta de **contidos, metodoloxías e avaliación** lévase a cabo mediante **reunións entre as coordinacións académica e profesional** e os **coordinadores de cada materia**, así como entre estes e o profesorado correspondente.

3.3. Máster Universitario en Estudos Internacionais (MUEI)

A composición do claustro docente e o número de estudantes matriculados permiten que **os mecanismos de coordinación e atención ao alumnado implementados no máster sexan plenamente operativos e**

eficaces. Entre estes mecanismos destacan:

- As reunións periódicas entre o alumnado e a coordinación do máster.
- As tutorías específicas de cada materia.
- As reunións regulares da Comisión Académica, nas que a participación activa do estudiantado a través das súas representacións garante unha comunicación fluída e unha adecuada representación dos seus intereses (2).

O modelo de coordinación vertical foi identificado como unha das principais fortalezas do programa nos informes previos de avaliación para a renovación da acreditación por parte da ACSUG. A eficacia destes procedementos evidénciase na ausencia de queixas significativas relacionadas co desenvolvemento curricular nos cursos obxecto de avaliación.

Así mesmo, o deseño curricular do máster garante a ausencia de solapamentos e redundancias entre as distintas materias. Desde a Coordinación promóvense de forma continuada accións de coordinación horizontal, co obxectivo de optimizar a xestión do tempo do alumnado e favorecer unha maior profundización nos contidos académicos.

No marco das accións de mellora continua, celébranse reunións de coordinación ao inicio de cada cuatrimestre entre o profesorado cuxas materias se imparten nese período (MEI-04 Curso 2022/2023; MEI-04 Curso 2021/2022). Esta iniciativa, que se remonta ao curso 2021/2022, ten como obxectivo acadar unha distribución equilibrada da carga académica, evitando solapamentos que poidan afectar negativamente o rendemento do estudiantado. Con esta medida pretendíase incrementar o nivel de satisfacción das persoas egresadas respecto á organización da carga de traballo ao longo do curso, un aspecto que recibiu valoracións variables, con puntuacións entre 1,67 e 3,20 puntos, sen que ata a data se acadase plenamente este obxectivo respecto das persoas egresadas (obténdose 3 puntos no curso 2023/2024) (INF.22). Pola contra, o PDI valora positivamente a distribución actual da carga de traballo, outorgándolle unha puntuación de 4,20 puntos (INF.23).

En relación con estes mecanismos de coordinación, o Informe final de seguimento da ACSUG, emitido o 30 de xaneiro de 2025, recolle o seguinte:

“Respecto a los sistemas de coordinación, el máster contempla diferentes formas de coordinación teniendo en cuenta el número de alumnos/as y docentes: reuniones periódicas entre Coordinador y alumnado, tutorías de cada materia y reuniones de la Comisión Académica. De hecho, un punto fuerte es la existencia de una presencia y participación activa por parte del alumnado en la Comisión Académica, al tener dos representantes en la misma. Estas formas de coordinación se entienden adecuadas en tanto en cuanto no se reciben quejas significativas por parte del alumnado. Asimismo, existe una coordinación horizontal que permite evitar solapamientos y reiteraciones entre las materias —reuniones de profesores—, por lo que los resultados de la acción de mejora (MEI-4) están siendo satisfactorios. Esta medida responde a una de las recomendaciones incluidas en el anterior informe de acreditación”.

3.4.Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais (MDTETD)

O Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais (MDTETD) desenvólvese en colaboración coa Universidade do Minho (Portugal) e está acreditado pola Agência de Avaliação e Acreditação do Ensino Superior de Portugal. Forma parte do proxecto “Universidades sen

Fronteiras” (UNISF), no que participan universidades do norte de Portugal e de Galicia.

<https://unisf-elearning.uminho.pt/>

Como título interuniversitario, o máster conta cun sistema de gobernanza compartida, formalizado mediante o acordo específico de colaboración titulado: **“Acordo entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade do Minho para o desenvolvemento e a xestión do Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais”**. Este convenio establece que ambas as universidades asumen mancomunadamente e en igualdade de condicións a xestión académica e administrativa do programa, a través dos seguintes órganos:

- **Comisión Académica Interuniversitaria**, responsable da coordinación académica:
 - Prof.^a Dra. Anabela Gonçalves
 - Prof. Dr. César García Novoa
 - Prof. Dr. Luis Míguez Macho
 - Anabela Susana de Sousa Gonçalves, Directora da Comisión
 - César García Novoa, Coordinador do Máster na USC
 - Francisco Hernández Rodríguez
 - Maria Irene da Silva Ferreira Gomes
 - Teresa Alexandra Coelho Moreira
 - Luis Míguez Macho, Secretario da Comisión
- **Director/a ou Coordinador/a**, pertencente a unha das universidades:
 - Prof.^a Dra. Anabela Gonçalves
- **Director/a Adxunto/a ou Coordinador/a Adxunto/a**, da outra universidade, que actúa como substituto e colaborador do director en tarefas específicas:
 - Prof. Dr. César García Novoa

Ademais, o máster está supervisado pola **Comisión de Seguimento do Proxecto UNISF**, garantindo así unha avaliación continua do programa.

A Comisión Académica Interuniversitaria asume funcións clave como:

- A planificación e o seguimento da docencia e dos procesos de avaliación da aprendizaxe.
- A organización da mobilidade entre universidades, segundo a traxectoria formativa prevista.
- A xestión dos Traballos de Fin de Máster (TFM), incluíndo a designación de titores e a proposta de tribunais de avaliación.

O MDTETD conta con **mecanismos de coordinación** docente plenamente operativos, esenciais para asegurar a coherencia académica do plan de estudos e garantir a adquisición progresiva de competencias.

Coordinación horizontal

Exprésase a través da planificación conxunta entre materias do mesmo cuatrimestre, co obxectivo de evitar solapamentos, distribuír equilibradamente a carga de traballo e fomentar sinerxías interdisciplinares nos ámbitos xurídico, empresarial e tecnolóxico.

Coordinación vertical

Favorece unha progresión lóxica da aprendizaxe, desde os fundamentos teóricos iniciais ata a aplicación

práctica nos módulos de **Prácticas Externas** e **Traballo de Fin de Máster**, nos que o estudantado integra os coñecementos adquiridos en contextos reais de exercicio profesional e investigación aplicada.

A **Comisión Académica do Máster** lidera estes procesos, realizando revisións periódicas da planificación docente, avaliando o grao de cumprimento dos obxectivos formativos e propoñendo melloras cando se detectan necesidades. Así mesmo, valórase especialmente a retroalimentación do alumnado e o seguimento personalizado mediante titorías, o que contribúe a unha docencia máis axustada ás súas necesidades.


4. Análise do perfil real de ingreso e egreso do alumnado

4.1. Perfil real de ingreso

4.1.1. Prazas ofertadas

No curso académico 2023/2024, a Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela **ofertou un total de 350 prazas**, o que supón un incremento de 5 prazas respecto ao curso anterior. Esta oferta distribúese entre as titulacións de grao e mestrado impartidas no centro, correspondendo 240 prazas aos estudos de grao e 110 aos estudos de mestrado.

Prazas ofertadas Graos adscritos á Facultade de Dereito



Prazas ofertadas Mestrados adscritos á Facultade de Dereito



Como se observa nos gráficos a oferta de prazas mantense estable durante os últimos seis cursos académicos nos termos previstos nas respectivas Memorias de Verificación dos Títulos, con dúas excepcións:

- Como xa se destacou en diversos informes de seguimento, así como no informe final de renovación da acreditación do Grao en Dereito da ACSUG, de 23 de decembro de 2022, o número de prazas ofertadas para cursar o Grao en Dereito (170) non coincide co recollido na Memoria de Verificación do título (240 prazas nos dous primeiros anos e 300 nos dous seguintes), poñéndose de manifesto a necesidade de adaptar dita memoria á realidade actual. Para iso, introduciuse unha acción de mellora, que se deu por finalizada tras a aprobación pola Comisión de Docencia e Calidade o 9 de abril e a súa ratificación pola Xunta da Facultade de Dereito o 15 de abril de 2024, o Consello de Goberno da USC o 25 de xuño de 2024 e o Consello Social da USC o 26 de xuño de 2025 da memoria para a solicitude de verificación do título de Grao en Dereito, na que se especifica que o número máximo de prazas de novo ingreso ofertadas no primeiro curso será de 170.
- No caso do MUA das 80 prazas iniciais ofertáronse 60 na actualidade. Así, dentro das 80 prazas que se podían ofertar conforme ao establecido na memoria verificadora inicial do MUA, nos primeiros cursos (2012/2013 a 2014/2015) ofertáronse 40 prazas en cada sede. A partir do curso 2015/2016, axustouse a oferta de prazas en cada campus á demanda real, pasando a ofertarse 55 prazas no campus de Santiago e 25 no de Lugo (chegándose mesmo a ofertar 60 prazas en Santiago e 20 en Lugo naqueles cursos nos que a demanda no campus compostelán era especialmente elevada). No ano 2023, con motivo da modificación da memoria do título para a súa transformación en “Máster Universitario en Avogacía e Procura”, conforme ás esixencias da nova normativa aplicable, estableceuse un máximo de 60 prazas, tendo en conta que a titulación pasaría a impartirse unicamente no campus de Santiago; prazas que foron as efectivamente ofertadas no curso 2023/2024.

4.1.2. Solicitudes de ingreso

No curso 2023/2024, o Grao en Dereito recibiu un total de 956 solicitudes de ingreso para unha oferta de 170 prazas, o que supón un incremento do 14,35 % respecto dos datos do curso anterior. A este respecto, o Informe final de avaliación para a renovación da acreditación emitido pola ACSUG, o 23 de decembro de 2022, sinala como punto forte da titulación que:

“la demanda de la titulación se ha mantenido elevada en el ciclo evaluado” y que “la titulación tiene una fuerte demanda”.


Pola súa banda, o **Dobre Itinerario** rexistrou **133 solicitudes para unha oferta de 20 prazas, o que representa unha redución do 5 % en comparación co curso precedente.**

Unha tendencia semellante obsérvase no Grao en Criminoloxía, que rexistrou 743 solicitudes para unha oferta de 50 prazas. A este respecto, no Informe final de avaliación para a renovación da acreditación, emitido pola ACSUG o 4 de novembro de 2024, recóllese o seguinte:

“El título mantiene el interés académico expuesto en la Memoria de Verificación y su diseño está actualizado según los requisitos de la disciplina y los avances científicos y tecnológicos. Presenta desde su implantación una demanda muy elevada con 828 solicitudes en el curso 2022/23 y una nota de acceso de 10,43, la más alta desde su implantación”.

Esta elevada demanda constitúe, sen dúbida, unha das principais fortalezas dos estudos de Grao ofertados pola Facultade de Dereito.


Solicitudes Grao en Dereito, Dobre Itinerario e Grao en Criminoloxía



4.1.3. Matrícula global


No curso académico 2023/2024, a matrícula global nas titulacións oficiais adscritas á Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela acadou os 1.348 estudantes. Destes, 1.211 estaban matriculados en estudos de grao e 137 en programas de mestrado universitario. No que atinxe aos graos, o 72,08 % dos estudantes cursaban o Grao en Dereito, o 21,80 % o Grao en Criminoloxía e o 6,11 % o Dobre Itinerario.

Matrícula global Graos adscritos á Facultade de Dereito



En relación cos mestrados, o 64,18 % estaba matriculado no Máster Universitario en Avogacía e Procura (MUAP), o 27,61 % no Máster Universitario en Estudos Internacionais (MUEI) e o 8,21 % no Máster Universitario en Dereito do Traballo e das Relacións Laborais e da Seguridade Social (MUDTETD). As cifras de matrícula manteñen unha tendencia estable nas distintas titulacións ao longo dos últimos tres cursos académicos, agás no caso do MUAP, no que se rexistrou unha diminución do 14,85 % entre os cursos 2022/2023 e 2023/2024, e no do MUDTETD, que experimentou un incremento do 83,33 % no mesmo período.

Matrícula global Mestrados adscritos á Facultade de Dereito




4.1.4. Matrícula de acceso

En relación coa matrícula de acceso (entendida como o número de estudantes que se matriculan por primeira vez nun plan de estudos), no curso 2023/2024 acadouse un total de 347 estudantes, o que representa 11 menos que no curso anterior. Deste total, 282 inscribíronse en estudos de grao e 65 en programas de mestrado.

No caso dos graos, o 70,92 % dos estudantes de novo ingreso matricularónse no Grao en Dereito, o 20,92 % no Grao en Criminoloxía e o 8,16 % no Dobre Itinerario. Os datos reportados indican que no só a matrícula se cumpre, senón que se sobrepasa tendo en conta as prazas ofertadas para cada titulación. Isto reflicta a alta demanda que os tres títulos presentan.

Matrícula de acceso Graos



En canto aos mestrados, o 64,61% optou polo Máster Universitario en Avogacía e Procura (MUAP), o 23,08% polo Máster Universitario en Estudos Internacionais (MUEI) e o 12,31% polo Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais (MUDTETD).

Matrícula de acceso Mestrados



Respecto **MUAP**, obsérvase unha **tendencia á baixa na demanda de prazas de novo ingreso** dende o curso académico 2020/2021: **47 prazas no curso 2022/2023 e 44 no 2023/2024, cunha redución moito máis significativa no curso 2024/2025, no que só se cubriron 25 prazas**. Con todo, o número de preinscricións para nova matrícula mantívose relativamente estable, oscilando entre **80 e 100 solicitudes** (89 no curso 2020/2021, 92 no 2021/2022, 80 no 2022/2023, 101 no 2023/2024 e 67 no 2024/2025). Esta discrepancia entre o número de interesados e o número de matriculados pode deberse a dúas circunstancias concretas que son sinaladas no **Informe de seguimento da titulación do curso 2023/2024: a falta de cobertura do posto de persoal administrativo específico da USC dedicado á titulación en horario de mañá e as continuas reducións no orzamento asignado ao máster**. Ambas situacións dificultan a **xestión eficaz e de calidade do MUAP**, afectando principalmente ao estudantado, pero tamén ao profesorado e aos/as titores/as.

En canto ao **MUEI**, a evolución do alumnado matriculado na titulación, a pesar das súas oscilacións, **mantívose sempre igual ou por encima das 20 persoas ata o presente curso académico 2023/2024**. Nas cinco últimas edicións, a matrícula de novo ingreso foi de **33, 30, 26, 26 e 20 estudantes, respectivamente**. No curso 2022/2023 acadouse unha matrícula de **27 alumnos**, que parecía reflectir unha clara recuperación no número de matriculacións ata niveis similares aos previos á situación da pandemia. Non obstante, no curso 2023/2024 a matrícula de acceso **descendeu nun 44,44%**. A este respecto, no **Informe final de seguimento da ACSUG, de 30 de xaneiro de 2025**, indícase o seguinte:


“La demanda ha experimentado fluctuaciones (la serie ha sido 33, 30, 26, 26, 20 y 27 desde el curso 17/18 al 22/23) alcanzando el peor registro en el curso 21/22, algo que se alega como consecuencia de la pandemia. La cifra se ha recuperado y en ningún momento ha bajado del umbral de 20 estudiantes matriculados, contando además con un elevado porcentaje de estudiantes extranjeros, por lo que el título se estima justificado desde el punto de vista del interés que despierta para estudiantes potenciales. No obstante, sería conveniente intensificar los esfuerzos de promoción que permitan fortalecer la demanda”.

Polo contrario, o **MUDTETD** experimentou un incremento na matrícula de acceso do **33,33%**.

4.1.5. Número de estudantes que se matriculan por primeira vez no primeiro curso


O número de estudantes que se **matriculan por primeira vez no primeiro curso das titulacións oficiais adscritas á Facultade de Dereito** —é dicir, excluindo aqueles que acceden mediante validación parcial de estudos estranxeiros ou por traslado de expediente— **mantense tamén nunha liña de estabilidade no que respecta aos estudos de grao**. No curso 2023/2024, esta cifra **ascendeu a 264 estudantes, dous máis que no curso anterior**. Unha vez máis, os datos recollidos neste indicador poñen de manifesto a existencia dunha **sobrematriculación nas tres titulacións de grao ofertadas**.

Matrícula de novo ingres por preinscripción (Graos)



Respecto aos Mestrados, a efectos de evitar reiteracións innecesarias, remitímonos ao sinalado no punto anterior, xa que os datos son coincidentes.


Matrícula de novo ingres por preinscripción (Mestrados)



4.1.6. Relación entre estudantes preinscritos en primeira opción e os matriculados por primeira vez sobre prazas ofertadas

A relación entre **estudantes preinscritos en primeira opción e os matriculados por primeira vez sobre prazas ofertadas** ofrece uns datos especialmente favorables no caso do **Dobre Itinerario**, sendo a porcentaxe máis repetida a do **100%**, alcanzando un **120% no curso 20-21** e manténdose, actualmente, nun **105% para os cursos 2022/2023 e 2023/2024**. No caso dos **Graos en Dereito e en Criminoloxía**, este indicador está a experimentar un **ascenso desde o curso académico 2021/2022** (do **3,1%** e do **17,5%**, respectivamente) situándose en cifras próximas ao **100%**.


Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas



4.1.7. Taxa de ocupación

A **taxa de ocupación** (número de estudantes de novo ingreso por preinscripción entre as prazas ofertadas) (IN12C), nas tres titulacións de Grao **supérase o 100%**: no caso do Grao, supera o 100% dende o curso académico 2018/2019. Así, no curso académico 2023/2024 alcánzase o **115% no Dobre Itinerario**, o **114% no Grao en Criminoloxía** e o **108,24% no Grao en Dereito**. Estes resultados mostran que non só se cumpre a taxa de ocupación, senón que se supera nas tres titulacións.


Taxa de ocupación Graos



No caso dos mestrados, e en coherencia cos datos recollidos nos indicadores anteriores, a **taxa de ocupación do MUDTETD experimentou un incremento do 33,33 %**. Pola contra, no MUA —polas razóns xa sinaladas— e no MUEI, a taxa de ocupación sufriu un descenso do 14,12 % e do 44,85 %, respectivamente. A tal efecto, no **Informe de seguimento do MUA** faise constar que resulta necesario **continuar adoptando medidas de mellora orientadas á captación de novo estudantado**, se ben a análise das circunstancias concorrentes permite colixir que a **tendencia á diminución da taxa de ocupación observada nos últimos anos en Santiago atoparía, moi probablemente, a súa causa nos problemas derivados da redución de persoal específico de apoio á titulación por parte da USC**, así como na

insuficiencia e demora na dotación orzamentaria asignada.

Taxa de ocupación Mestrados




4.1.8. Nota media de acceso por preinscripción

A nota media de acceso por preinscripción supera, desde o curso 2020/2021, os 11 puntos nas tres titulacións de grao oficiais adscritas á Facultade de Dereito, agás no caso do Grao en Dereito no curso 2022/2023. No curso 2023/2024, a nota media de acceso incrementouse en 0,23 puntos no Grao en Dereito e en 0,11 puntos no Grao en Criminoloxía, mentres que no Dobre Itinerario experimentou un lixeiro descenso de 0,24 puntos. Trátase, en todo caso, de variacións pouco significativas.

A nota media coa que o estudantado accede aos graos constitúe un indicativo claro da calidade do alumnado que inicia a súa formación na Facultade.

Nota media de acceso por preinscripción Graos



Polo que respecta aos mestrados, no caso do MUEL, a nota media de ingreso do alumnado matriculado nos últimos cursos foi de 7,17, 7,34 e 7,45. No curso 2022/2023 esta media incrementouse ata acadar un 7,62, pero descendeu no curso 2023/2024 ata un 7,09, o que supón unha baixada de 0,53 puntos. Pola súa parte, no MUDTETD rexistrouse un incremento da nota media de ingreso de 0,75 puntos no

mesmo período. No referente ao MUA, o ACeMP da USC non proporcionou esta información para o curso 2023/2024. Non obstante, nas últimas edicións, a nota media de ingreso situouse entre un 6,8 e un 7,19.

Nota media de acceso por preinscripción Mestrados



4.1.9. Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación cunha puntuación igual ou superior a seis


O porcentaxe de estudantes que acceden á titulación cunha puntuación igual ou superior a seis é do 100 % nos últimos seis cursos académicos analizados nos graos en Dereito, Criminoloxía e no Dobre Itinerario en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos. No caso dos estudos de máster, esta porcentaxe do 100 % mantense en todos eles desde o curso académico 2020/2021.

Este dato constitúe un claro reflexo da crecente excelencia do alumnado que accede ás titulacións da Facultade.

O informe elaborado pola CIUG (INF.CIUG_2023-2024) recolle as notas de acceso e as notas de corte correspondentes ás titulacións de Grao e ao Dobre Itinerario.

- No caso do Grao en Dereito, a nota media do alumnado admitido procedente de bacharelato foi de 11,021, mentres que a do alumnado procedente de formación profesional acadou os 11,180, situándose a nota de corte en 9,093.
- No Dobre Itinerario, a nota media do alumnado procedente de bacharelato foi tamén de 11,021, mentres que a do alumnado de formación profesional ascendeu a 11,761, cunha nota de corte de 9,508.
- Pola súa banda, no Grao en Criminoloxía, a nota media do alumnado admitido procedente de bacharelato foi de 11,348, e de 13,176 no caso do alumnado procedente de formación profesional, sendo a nota de corte de 10,620.

Notas de corte de acceso




4.1.10. Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre o total de matriculados

Outro aspecto relevante da composición do alumnado é a **porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre o total de matriculados**.

No que respecta aos graos, **no curso 2023/2024 acadouse un promedio do 3,64 %**, o que supón **un incremento de 0,85 puntos porcentuais respecto ao curso anterior**, evidenciando **un maior interese de estudantes estranxeiros por acceder ás titulacións de grao da Facultade**.

O **incremento máis significativo rexistrouse no Grao en Dereito**, cunha subida de **0,59 puntos porcentuais**. No **Dobre Itinerario**, a porcentaxe mantívose estable en **0,76 %**, mentres que **no Grao en Criminoloxía rexistrouse un lixeiro descenso de 0,12 puntos porcentuais** en comparación co curso precedente.


Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre o total de matriculados (Grao)



No que respecta aos mestrados, a porcentaxe media de estudantes estranxeiros sobre o total de matriculados foi do **30,99 %** no curso 2023/2024, cifra moi próxima á do curso anterior (30,66 %), o que evidencia unha tendencia estable neste indicador.

Por titulacións, destaca especialmente o **Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais**, cun **45,45 %** de alumnado estranxeiro, seguido do **Máster Universitario en Estudos Internacionais**, con un **40,54 %**. Pola súa banda, o **Máster Universitario en Avogacía** presenta unha porcentaxe notablemente inferior, situándose no **7 %**, aínda que este dato supón un incremento de 4 puntos porcentuais respecto ao curso anterior.

Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre o total de matriculados (Mestrado)




4.1.11. Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados

En relación coa **porcentaxe de estudantes nacionais procedentes de fóra de Galicia sobre o total de matriculados (In09)**, no curso **2021/2022** rexistrouse a maior diminución deste colectivo. Con todo, no curso **2022/2023** este dato mellorou, alcanzando un promedio do **3,50 %**, e mantívose en niveis similares no curso **2023/2024**, situándose no **3,59 %**.

Por titulacións, a porcentaxe de estudantes nacionais procedentes doutros territorios foi do **5,41 % no Dobre Itinerario**, do **3,79 % no Grao en Criminoloxía** e do **1,59 % no Grao en Dereito**.

Cómpre destacar o **incremento de 1 punto porcentual experimentado polo Dobre Itinerario**, o que indica que o alumnado nacional de fóra de Galicia valora cada vez máis favorablemente esta opción, que combina Dereito con Relacións Laborais e Recursos Humanos.

Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (Grao)




A porcentaxe media de estudantes nacionais procedentes doutros territorios nos mestrados durante o curso 2023/2024 foi do 8,55 %, inferior ao 12 % rexistrado no curso 2022/2023.

Por titulacións, o Máster Universitario en Avogacía (MUA) acadou un 9 %, mentres que o Máster Universitario en Estudos Internacionais (MUEI) situouse no 8,11 %.

Destaca a tendencia ascendente do MUA desde o curso 2020/2021, cun incremento porcentual acumulado do 5,33 % ata o curso 2023/2024. Por outra banda, o MUEI experimentou un descenso de 8 puntos porcentuais en relación co curso anterior.

Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (Mestrado)



4.2. Perfil real de egreso

Unha das principais carencias no ámbito dos resultados das titulacións é a falta de información detallada sobre a inserción laboral das persoas egresadas en cada unha delas. Na actualidade, a USC non proporciona indicadores específicos neste eido, ao tratarse dunha función asumida pola ACSUG. Os datos máis recentes

que nos ofrecen corresponden aos egresados do curso 2017/2018.

4.2.1. Grao en Dereito

Os primeiros datos dispoñibles corresponden á cohorte de egresadas e egresados do curso 2013/2014, a primeira do Grao en Dereito. A evolución da súa inserción laboral, medida a través da afiliación á Seguridade Social, é a seguinte:

- Un ano despois de rematar os estudos (23/03/2015): a taxa de afiliación sitúase no 5,6%. Dese total, o 50% cotiza no grupo de persoas tituladas, todas con contrato indefinido, e non se rexistra ningunha persoa afiliada como autónoma.
- Dous anos despois (23/03/2016): a taxa de afiliación ascende ao 18,1%. Dentro deste grupo, o 76,9% cotiza como titulado/a, aínda que a porcentaxe de contratos indefinidos baixa ao 57,1%, e aparece un 7,7% de persoas afiliadas como autónomas.
- Tres anos despois (23/03/2017): a taxa de afiliación alcanza o 36,1%. O 69,2% das persoas afiliadas cotiza como titulado/a, cun 68,8% de contratos indefinidos e un 3,8% como autónomos/as. Obsérvase un lixeiro descenso na proporción de cotizantes no grupo de titulados/as respecto ao ano anterior.
- Catro anos despois (23/03/2018): a taxa de afiliación acada o 51,4%. Deste total, o 78,4% cotiza no grupo de persoas tituladas, cun 42,3% de contratos indefinidos e un 8,1% de afiliacións como autónomos/as.

A partir deste curso académico dispoñemos de datos sobre a inserción laboral do alumnado egresado nos cursos 2014/2015 a 2017/2018, que se recollen na seguinte táboa.

Curso académico de egreso	Número de anos desde egreso	Porcentaje de afiliación	Porcentaje de autónomos	Porcentaje de indefinidos	Base de cotización media
2014/2015	1	4.1			
2014/2015	2	22.95	3.57		
2014/2015	3	37.7	8.7	46.88	17.611,01
2014/2015	4	46.72	8.77	60.98	21.533,29
2015/2016	1	7.64			
2015/2016	2	29.3	4.35	53.13	17.196,94
2015/2016	3	39.49	6.45	63.04	19.997,78
2015/2016	4	47.13	6.76	62.26	25.061,8
2016/2017	1	12.58			
2016/2017	2	23.84			
2016/2017	3	29.14	11.36	65.52	20.106,32
2016/2017	4	40.4	9.84	60.98	22.398,82
2017/2018	1	15.42			
2017/2018	2	25	10	56	
2017/2018	3	34.38	10.91	57.89	18.522,77
2017/2018	4	43.75	8.57	67.31	22.356,63

A pesar das limitacións existentes na dispoñibilidade de datos detallados sobre a inserción laboral das persoas egresadas, a Facultade de Dereito leva a cabo diversas iniciativas orientadas a facilitar a transición do estudantado ao mundo profesional.

Entre estas destaca:

- **A oferta de prácticas externas curriculares** (materia optativa que se oferta no primeiro e no segundo semestre) e **extracurriculares**.
- **A organización anual das Xornadas de Saídas Profesionais**, que inclúen varias sesións distribuídas ao longo do curso académico.

Estas xornadas teñen como obxectivo: **a) ofrecer ao alumnado unha visión ampla e actualizada das distintas opcións profesionais; b) establecer contacto directo con profesionais en activo de distintos sectores vinculados ao Dereito**. Para garantir a relevancia dos contidos, **solicítase a colaboración dos delegados/as de 4º curso**, aos que se lles pide que consulten co seu grupo as temáticas de maior interese. A partir desta información, e sempre que sexa posible, **deseñan e programan as distintas sesións**. Esta **dinámica participativa** contribúe a: **unha maior adecuación das actividades ás expectativas do alumnado**, así como a **favorecer a súa implicación activa no deseño da súa traxectoria formativa e profesional**.

4.2.2. Grao en Criminoloxía

No **Informe Final de avaliación da renovación de acreditación do Grao en Criminoloxía** emitido pola ACSUG, o 4 de novembro de 2024, sinala a este respecto o seguinte:

“Por lo que se refiere a la inserción laboral de los graduados, dado que el curso 2018/19 fue el primero de su implantación, todavía no existen datos consolidados si bien el autoinforme plantea establecer contacto con los egresados para tener noticia de su inserción laboral y de su trayectoria profesional. Dicha información se pretende canalizar solicitando al alumnado, en el acto de defensa de TFG, autorización para establecer contacto con ellos a fin de obtener tales datos”.

4.2.3. Máster Universitario en Avogacía

A Escola de Práctica Xurídica (EPX) de Santiago de Compostela, ante a **ausencia de datos actualizados sobre o nivel de inserción laboral do seu alumnado egresado**, vén **suprimindo esta carencia cos seus propios medios**. Así o recoñeceu a Subcomisión derivada da Comisión de Avaliación da Rama de Coñecemento en Ciencias Sociais e Xurídicas da ACSUG nos **informes provisional e definitivo emitidos con motivo da Renovación da Acreditación (2016)**. Esta tarefa foi **novamente salientada pola ACSUG no Informe Final de Seguimento do curso 2017/2018 e no Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación de 2020**.

Desde a **dirección da EPX e a coordinación académica do Máster**, con apoio dos seus **servizos administrativos e de becarios financiados polo ICA Santiago e/ou o Vicerreitorado de Titulacións e Internacionalización**, **realízase anualmente un seguimento telefónico aos egresados**. Este seguimento reflicte que **un porcentaxe significativo de antigos alumnos accederon ao mercado laboral durante o ano seguinte á finalización da súa formación**. A este razoable grao de inserción laboral contribúen tanto o **Servizo de Apoio ao Empreendemento da USC** como o **Servizo de recepción de ofertas laborais da EPX de Santiago**.

Do **traballo de campo realizado pola EPX en maio de 2024**, dirixido a coñecer de forma directa a **taxa de inserción laboral da X Promoción (2021–2023)** —que rematou os seus estudos en febreiro de 2023—, **conclúese que arredor dun 74 % dos egresados contactados do campus de Santiago están incorporados ao mercado laboral en actividades relacionadas coa titulación cursada (80 % en Lugo**

durante o curso 2022/2023). No Informe final de Seguimento 2017/2018, a ACSUG cualificou estes resultados como “satisfactorios”, valoración que mantivo no Informe final de Avaliación para a Renovación da Acreditación (2020).

A finais de febreiro de 2025 rematou os estudos a 1ª promoción do Máster Universitario en Avogacía e Procura (MUAP), integrada por 44 estudantes. A diferenza do que viña sendo habitual en anos anteriores, nesta ocasión non se puido realizar un seguimento telefónico das persoas egresadas para coñecer o seu grao de inserción laboral, debido á redución do persoal administrativo específico de apoio á titulación e á diminución das bolsas de colaboración financiadas polo ICA Santiago.

A ausencia deste persoal supuxo tamén que, durante o curso 2023/2024 e o actual 2024/2025, deixase de funcionar o Servizo de recepción de ofertas laborais da Escola de Práctica Xurídica (EPX).

4.2.4. Máster Universitario en Estudos Internacionais

A última enquisa publicada pola ACSUG reflicte un nivel de inserción laboral do 44,44 %. Porén, estes informes presentan datos agregados relativos ao conxunto do estudantado egresado do Sistema Universitario de Galicia, sen desagregación por titulacións concretas, o que impide realizar unha análise detallada da empregabilidade do alumnado egresado do Máster.

Pola súa banda, o Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, a través do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU), elabora informes sobre inserción laboral baseados na afiliación á Seguridade Social das persoas egresadas. O último informe dispoñible, correspondente ao curso 2017/18, indica un nivel de inserción laboral do 31,03 %. Esta fonte, porén, non achega datos suficientes que permitan unha análise rigorosa da empregabilidade específica do alumnado do Máster.

En relación co seguimento directo das persoas egresadas, aquelas que mantén contacto voluntario coa coordinación do Máster atópanse traballando, realizando prácticas (remuneradas ou non) ou beneficiándose dunha bolsa. En todos os casos, manifestan que os estudos de máster foron un factor determinante na súa situación profesional actual. Cómpre, porén, ter en conta que este contacto se produce maioritariamente por parte de antigos estudantes cunha experiencia positiva.

5. Verificación de que o estudantado titulado alcanza os resultados de aprendizaxe previstos nas memorias verificadas.

5.1. Taxa de graduación

A taxa de graduación mide a porcentaxe de estudantes que conclúen os seus estudos dentro do tempo previsto no plan ou cun ano académico adicional.

5.1.1. Taxa de graduación estudos de Grao


Polo que respecta aos títulos de Grao adscritos ao centro:

- No **Grao en Dereito**, a taxa no curso 2023/2024 foi do **58,05 %**, amosando unha lixeira diminución de **3,44 puntos porcentuais** respecto ao curso anterior, continuando así coa tendencia á baixa. Non

obstante, esta cifra supera con claridade o valor estimado na Memoria de Verificación do título, que é do **40 %** (apartado 8.1), aínda que se mantén por debaixo das medias da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas (**61,69 %**) e da USC (**60,57 %**).

- No caso do **Dobre Itinerario en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos**, a taxa de graduación sitúase no **43,75 %** no curso 2023/2024, con un descenso de **3,62 puntos porcentuais** con respecto ao curso previo. Esta baixada é menos intensa que a rexistrada no período anterior (2021/2022 a 2022/2023), cando se produciu unha caída de **32,63 puntos porcentuais**. Aínda que en niveis inferiores, esta taxa mantense por baixo das medias da Área e da USC.
- Para o **Grao en Criminoloxía**, a taxa de graduación alcanzou o **62,50 %**, experimentando unha caída de **14,24 puntos porcentuais** respecto ao ano anterior, situándose por debaixo do previsto na Memoria de Verificación do título (**70 %**, apartado 8.1). A pesar diso, mantense lixeiramente por riba das medias da Área e da Universidade.

Taxa de graduación (Grao)



5.1.2. Taxa de graduación dos estudos de Mestrado


En canto aos **mestrados**, débense salientar os seguintes aspectos fundamentais:

- A taxa de graduación do **Máster Universitario en Avogacía** situouse no **98,18 %** no curso **2022/2023** e alcanzou o **100 %** no curso **2023/2024**, reflectindo unha **tendencia consolidada nun intervalo do 91 % ao 100 %** nos últimos anos.
- En relación ao **Máster Universitario en Estudos Internacionais**, a taxa de graduación no curso **2023/2024** foi do **59,26 %**, o que supón un **descenso de 5,74 puntos porcentuais respecto ao ano anterior**. Aínda que este valor se sitúa por debaixo da estimación establecida na Memoria de Verificación (**87 %**) e das medias da Área (**82,30 %**) e da USC (**81,83 %**), proporciona unha base clara para identificar áreas de mellora.

A este respecto, identificouse que o principal obstáculo para completar os estudos no prazo previsto é a **superación do Traballo Fin de Máster (TFM)**, o cal ten un impacto relevante na duración total do programa. Por iso, é **imprescindible profundar no análise das causas que afectan ao desenvolvemento satisfactorio desta asignatura e reforzar as medidas específicas de apoio e seguimento académico**, especialmente ante a limitada eficacia da acción de mellora inicialmente

deseñada (MEI-02, Curso 2021-2022). Desta forma, poderase favorecer un **incremento progresivo da taxa de graduación** e mellorar a eficiencia na finalización do mestrado.

Taxa de graduación (Mestrado)




5.2. Duración media dos estudos

5.2.1. Duración media dos estudos de Grao

A análise da **duración media dos estudos** nos títulos de grao impartidos pola Facultade de Dereito durante os dous últimos cursos académicos amosa **unha evolución diferenciada segundo a titulación**, en resposta tanto a factores estruturais como ao contexto académico recente.

- No Grao en Dereito, a duración media incrementouse de forma progresiva, acadando os **5,14 anos no curso 2023/2024**. Este valor sitúase en niveis similares aos rexistrados antes da pandemia da COVID-19, **aínda que continúa superando en aproximadamente un ano a duración ideal prevista no plan de estudos**.
- No caso do Dobre Itinerario en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos, a duración media **mantívose estable en torno aos 6 anos ata o curso 2022/2023**, experimentando un **ligeiro aumento no curso 2023/2024 ata os 6,25 anos**. Isto supón unha desviación de arredor de **tres meses respecto á duración óptima**, polo que pode considerarse un valor moderadamente aceptable dentro da complexidade propia dunha dobre titulación.
- Pola contra, no Grao en Criminoloxía observouse unha **reducción na duración media dos estudos con respecto ao curso anterior**, achegándose de forma significativa á duración ideal. Esta evolución positiva **reflicte unha mellor planificación académica por parte do alumnado e unha consolidación progresiva da titulación**.

Duración media dos estudos (Grao)




5.2.2. Duración media dos estudos de Mestrado

En canto aos estudos de máster impartidos pola Facultade de Dereito, obsérvanse diferenzas significativas na evolución da duración media entre as dúas titulacións de posgrao que ofrece o centro.

- No caso do **Máster Universitario en Avogacía**, a duración media dos estudos **mantense nos tres semestres establecidos no plan académico da titulación**, sen que se detecten desviacións ao longo dos seis cursos académicos dos que se dispoñen datos. Esta estabilidade evidencia unha correcta planificación docente e unha boa adaptación do alumnado ao ritmo formativo previsto.
- Pola súa banda, a duración media do **Máster Universitario en Estudos Internacionais** experimentou **un incremento gradual nos últimos cursos académicos**, situándose nos **1,65 anos no curso 2023/2024 (IN38CM)**. Aínda que este valor é **lixeramente superior á media da Área (1,45 anos) e da USC (1,50 anos)**, permanece dentro dun rango aceptable e **coherente cos estándares académicos xerais**, polo que non se considera indicativo de desaxustes estruturais relevantes.

Duración media dos estudos (Mestrado)




5.3. Taxa de abandono no primeiro curso

A análise da taxa de abandono no primeiro curso dos estudos de grao revela **diferenzas significativas entre as distintas titulacións impartidas pola Facultade de Dereito**, tanto en termos evolutivos como en comparación cos valores medios da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas e da USC.

- No curso 2023/2024, a taxa de abandono no Grao en Dereito situouse no 10,98 %, o que supón un incremento respecto aos dous cursos anteriores (7,47 % en 2021/2022). Con todo, **este valor continúa claramente por debaixo da media da Área (20,47 %) e da USC (17,52 %)**, reflectindo unha taxa de retención aceptable no primeiro ano e unha certa estabilidade estrutural na titulación.
- No Dobre Itinerario en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos, aínda que se observa unha mellora respecto ao valor extremo rexistrado no curso 2021/2022 (70,83 %), **a taxa de abandono continúa a ser moi elevada en 2023/2024 (28,57 %)**. Este dato **sitúase por riba das medias da Área (20,47 %) e da USC (17,52 %)**, o que evidencia unha dificultade persistente na consolidación do alumnado durante o primeiro curso. **A magnitude deste indicador fai recomendable o deseño e implementación de accións específicas de mellora**, orientadas a detectar e paliar as causas que condicionan negativamente o rendemento e a continuidade académica.
- No Grao en Criminoloxía, a taxa de abandono **reduciuse de forma significativa no curso 2023/2024**, cunha diminución de 13,58 puntos porcentuais respecto ao curso anterior. O indicador **sitúase agora por debaixo das medias da Área (20,47 %) e da USC (17,52 %)**, o que permite interpretar esta evolución como **un sinal de mellora no proceso de adaptación inicial do alumnado e de consolidación do grao**.

Taxa de abandono no primeiro curso



5.4. Taxa de abandono RD 1393/2007

5.4.1. Taxa de abandono RD 1393/2007 estudos de Grao

A análise das **taxas de abandono nos cursos superiores** das titulacións da Facultade de Dereito no curso 2023/2024 amosa resultados variados segundo o grao, así como unha comparativa coas medias da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas e da USC. Estes datos permiten detectar cuestións pendentes e orientar accións para **mellorar a retención e o rendemento académico do alumnado**.

- No Grao en Dereito, a taxa de abandono nos cursos superiores situouse no 18,97 %, interrompendo a **tendencia á baixa dos tres cursos anteriores (IN41G)**. A pesar de que a medida correctora aplicada tivo un impacto limitado, este valor permanece por baixo da media da Área

(21,75 %) e da USC (20,13 %), o que indica un **rendemento relativo favorable pero con marxe de mellora**. Por iso, é imprescindible **reavaliar as causas subxacentes e definir intervencións máis eficaces** que permitan reducir esta problemática.

- No **Dobre Itinerario en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos**, a **taxa de abandono** descendeu ao **37,50 %**, o que supón unha **mellora significativa de 28,75 puntos porcentuais respecto ao curso 2022/2023**, no que alcanzou o 52,63 % (IN41G). Con todo, este valor continúa por riba das medias da Área (21,75 %) e da USC (20,13 %), sinalando unha **dificultade persistente na consolidación do alumnado nesta titulación**. Por tanto, cómpre **deseñar e implementar accións específicas** que aborden as causas deste abandono elevado.
- En canto ao **Grao en Criminoloxía**, a **taxa de abandono nos cursos superiores aumentou en 5,87 puntos porcentuais respecto ao curso anterior**, situándose por riba das medias da Área e da USC, o que indica a **necesidade de analizar con detalle os factores que inciden nesta evolución para establecer medidas de apoio e mellora**.

Taxa de abandono RD 1393/2007 (Grao)




5.4.2. Taxa de abandono RD 1393/2007 estudos de Mestrado

A análise da taxa de abandono nos másteres universitarios da Facultade revela **diferenzas significativas entre as titulacións**, reflexo das súas particularidades e do perfil do alumnado. Mentres o **Máster Universitario en Avogacía** mantén **unhas taxas de abandono mínimas** e unha notable estabilidade ao longo dos últimos cursos, o **Máster Universitario en Estudos Internacionais** mostra unha **evolución positiva**, aínda que con marxe de mellora para acadar os obxectivos académicos establecidos. Esta situación pon de manifesto a necesidade de seguir implementando medidas específicas que fortalezcan a continuidade e o éxito académico do estudantado.

- No caso do **Máster Universitario en Avogacía**, a **taxa de abandono é practicamente inexistente**, situándose entre o **0 % e o 2,78 %** nos últimos cursos. Concretamente, durante o curso **2023/2024 a taxa foi do 0 % en Santiago**, igual que nos cursos 2022/2023 e 2020/2021. Só no curso 2021/2022 se rexistrou un lixeiro aumento ata o 2,40 %. Estas cifras son **significativamente inferiores ás taxas de abandono doutros estudos da Facultade e da USC**, evidenciando unha alta retención do alumnado nesta formación.
- Por outra banda, a taxa de abandono no **Máster Universitario en Estudos Internacionais** experimentou unha **diminución progresiva e significativa**, pasando do **23,08 % no curso 2021/2022 ao 14,81 % no 2023/2024**, o que supón unha **redución de 8,28 puntos porcentuais**. Este

descenso reflicte un avance positivo na retención do alumnado. Con todo, o valor actual segue sendo **superior á taxa estimada na Memoria de Verificación do título, que se sitúa no 5 %** (apartado 8.1), o que resalta a importancia de manter e reforzar as accións destinadas a consolidar o éxito académico e diminuír aínda máis o abandono.

Taxa de abandono RD 1393/2007 (Mestrado)



5.5. Taxa de éxito dos egresados

5.5.1. Taxa de éxito do egresados nos estudos de Grao

A análise das **taxas de éxito dos egresados** reflicte o nivel de **rendemento académico** dos distintos títulos de Grao adscritos á Facultade de Dereito nos últimos cursos. Este indicador, fundamental para avaliar a **calidade da formación** e a capacidade de **consolidar os coñecementos adquiridos**, presenta unha tendencia xeralmente estable, aínda que con lixeiras variacións que requiren un seguimento continuo para garantir a **mellora sostida dos estudos**.

- No caso do **Grao en Dereito**, a **taxa de éxito** situouse arredor do **90 %** durante os últimos catro cursos académicos, alcanzando o **89,68 % no curso 2023/2024**.
- De forma similar, o **Dobre Itinerario** mantivo unha **evolución estable**, superando en todo momento o **92 %**, con **92,71 % no último curso**.
- Pola súa banda, o **Grao en Criminoloxía** mantense cunha **taxa de éxito elevada e constante**, por encima do **97 %** nos tres últimos cursos académicos.

Con todo, en todas as titulacións observouse unha **leve diminución neste último curso en comparación co anterior**, continuando a **tendencia descendente iniciada no 2020/2021**. Aínda que estes datos non supoñen unha alerta, é recomendable manter unha **vixilancia rigorosa** a través dos próximos informes e da Memoria de Calidade para asegurar a **estabilidade e o avance dos niveis de éxito académico**.

Taxa de éxito dos egresados (Grao)




5.5.2. Taxa de éxito dos egresados estudos de Mestrado

A análise das **taxas de éxito** nos másteres universitarios da Facultade reflicte un **alto nivel de rendemento académico e consolidación das competencias profesionais**. Estes datos permiten **valorar positivamente o éxito formativo** dos diferentes programas, así como **identificar tendencias e áreas de estabilidade** no aproveitamento do alumnado.

- No **Máster Universitario en Avogacía**, a **taxa de éxito** acadou un **99,57 % no curso 2023/2024**, mantendo unha **evolución constante e excelente** nos últimos anos: **99,42 % en 2022/2023**, **99,92 % en 2021/2022** e **100 % en 2020/2021** (todos Intercampus). En anos anteriores, as taxas situáronse tamén en **valores moi elevados** (**99,48 %**, **99,90 %**, **99,95 %**, **99,95 %** e **99,69 %**). Estes **resultados superan claramente a media da USC**, permitindo unha **valoración moi positiva dos logros acadados** polos estudantes neste máster.
- No **Máster Universitario en Estudos Internacionais**, a **taxa de éxito** mostra unha **evolución estable e consistente** nos últimos catro cursos, situándose no **96,42 % no curso 2023/2024**. Esta cifra evidencia un **alto nivel de aproveitamento académico** e unha **consolidación efectiva das competencias** previstas no plan de estudos.
- Finalmente, no **Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais**, os datos dispoñibles para o único curso computado reflicten unha **taxa de éxito do 100 %**, demostrando un **excelente desempeño do alumnado** nesta titulación.

Taxa de éxito dos egresados (Grao)




5.6. Taxa de idoneidade na graduación

A análise da **taxa de idoneidade na graduación** nos diferentes graos da Facultade revela **tendencias divergentes** que evidencian **áreas de mellora e evolución positiva**. Mentres que os estudos de **Dereito** e o **Dobre Itinerario** presentan unha **evolución á baixa** nos últimos cursos, o **Grao en Criminoloxía** destaca por un **notable incremento neste indicador**, sinalando **avances significativos na formación e progreso académico** do seu alumnado.

- No **Grao en Dereito**, a **taxa de idoneidade na graduación** presenta unha **evolución descendente** desde o curso 2020/2021, alcanzando no **curso 2023/2024** o **segundo valor máis baixo do período analizado**, cun **23,6 %**.
- No caso do **Dobre Itinerario en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos**, este indicador tamén mostra unha **tendencia á baixa** desde o curso 2021/2022, acadando no **curso 2023/2024** o **valor máis baixo do período**, cun **21,05 %**.
- Porén, no **Grao en Criminoloxía**, obsérvase un **incremento significativo**, cunha **subida do 51,03 % respecto aos datos do curso anterior**, reflectindo unha **evolución positiva** neste indicador.

Taxa de idoneidade na graduación



5.7. Taxa de eficiencia


5.7.1. Taxa de eficiencia nos estudos de Grao

A análise da **taxa de eficiencia**, que **mede o rendemento dos egresados**, revela unha **consolidación dos resultados académicos** nos diferentes graos da Facultade, cunha **tendencia estable e positiva** que reflicte a **calidade da formación impartida** e o **compromiso do alumnado coa súa preparación profesional**.

- No **Grao en Dereito**, a **taxa de eficiencia** presenta unha **media do 83,69 %** ao longo dos últimos seis cursos académicos, situándose no **curso 2023/2024 lixeiramente por encima desa media**, cun **83,88 %**. Estes datos apuntan á **consolidación deste valor como referencia estable** no rendemento dos egresados.
- No caso do **Dobre Itinerario en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos**, a **taxa**

de eficiencia supera o 90 % nos catro cursos académicos para os que se dispoñen de datos, alcanzando no curso 2023/2024 un 90,73 %, o que reflicte un nivel consistente e satisfactorio de aproveitamento académico.

- Finalmente, no Grao en Criminoloxía, a taxa de eficiencia supera o 96 % nos tres cursos académicos analizados, chegando ao 97,07 % no curso 2023/2024, o que supón un incremento de 0,25 puntos porcentuais respecto ao curso anterior e evidencia unha evolución positiva no rendemento dos seus egresados.




5.7.2. Taxa de eficiencia nos estudos de Mestrado

A análise da taxa de eficiencia dos egresados dos másteres universitarios da Facultade reflicte un elevado nivel de rendemento académico e unha consolidación dos resultados en diferentes programas, aínda que con algunhas diferenzas que permiten identificar áreas de mellora:

- No Máster Universitario en Avogacía, a taxa de eficiencia dos egresados mantense por enriba do 98 %, cunha consolidación clara en valores próximos ao 100 %. Así, durante os últimos cursos académicos acadáronse as seguintes cifras: 99,75 % no curso 2019/2020, 99,24 % en 2020/2021, 99,28 % en 2021/2022, 98,76 % en 2022/2023 e 98,91 % no curso 2023/2024.
- No Máster Universitario en Estudos Internacionais, a taxa de eficiencia presenta unha media do 90,14 % nos últimos seis cursos académicos. Con todo, no curso 2023/2024 sitúase lixeiramente por debaixo desa media, cun 86,22 %, tamén inferior á taxa prevista na Memoria de Verificación do título, fixada no 88 % (apartado 8.1).
- Finalmente, no Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais, os datos dispoñibles mostran unha taxa de eficiencia do 100 %, reflectindo un excelente nivel de rendemento do alumnado nesta titulación.

Taxa de eficiencia (Mestrados)



5.8. Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizaron prácticas en empresas e institucións

5.8.1. Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos de Grao realizaron prácticas en empresas e institucións

A formación práctica é un elemento clave nos graos ofertados pola Facultade, favorecendo a aplicación dos coñecementos teóricos e a orientación profesional do estudantado. A análise das porcentaxes de egresados que realizaron prácticas durante os seus estudos reflicte tendencias positivas e diferenzas entre titulacións que resultan relevantes para a mellora continua dos programas.

- **Grao en Dereito** ofrece unha formación práctica de gran relevancia, que permite ao estudantado **aplicar os coñecementos teóricos adquiridos ao longo da titulación**, ao mesmo tempo que **explora e orienta as súas preferencias cara ao seu futuro profesional**. Neste sentido, no curso 2023/2024, o **46,15 % dos egresados realizaron prácticas en empresas e institucións** durante os seus estudos, cifra que supón un **aumento de 2,09 puntos porcentuais respecto ao curso anterior**. Esta porcentaxe amosa unha **tendencia ascendente nos dous últimos cursos académicos**, destacando o curso 2021/2022 como punto de inflexión, ao rexistrar o valor máis baixo no período analizado entre 2018/2019 e 2023/2024.
- **Dobre Itinerario** ofrece tamén unha formación práctica de grande relevancia, que permite ao estudantado aplicar os coñecementos teóricos adquiridos ao longo da titulación, ao tempo que explora e orienta as súas preferencias en relación co futuro profesional. A este respecto, a porcentaxe de estudantes egresados no curso 2023/2024 que realizaron **prácticas en empresas e institucións** durante os seus estudos foi do **75 %**, o que supón un **incremento de 25 puntos porcentuais respecto aos datos dos cursos precedentes**.
- No caso do **Grao en Criminoloxía**, esta cifra foi do **46 %**, o que supón un **incremento de 2 puntos porcentuais respecto ao curso precedente**, aínda que permanece **5 puntos porcentuais por debaixo do dato rexistrado no curso 2021/2022**.

Egresados estudos de Grao que realizaron prácticas en empresas e institución




5.8.2. Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos de Mestrado realizaron prácticas en empresas e institucións

5.8.2.1. Máster Universitario en Avogacía

No que respecta ao *Máster Universitario en Avogacía*, a súa duración é dun **ano e medio (90 ECTS)**, distribuídos en **tres semestres**: un primeiro curso académico completo e o primeiro semestre dun segundo curso. Deste total, **60 créditos** corresponden ao denominado “**curso de formación**” (**54 créditos en materias obrigatorias e 6 créditos destinados ao Traballo de Fin de Máster**).

Os **30 créditos** restantes concéntranse nas **prácticas externas obrigatorias**, de acordo coa **normativa reguladora do título**.

Egresados estudos MUA que realizaron prácticas en empresas e institución



O estudantado ten a posibilidade de establecer un **primeiro contacto co ámbito profesional** a través da realización dun **período inicial de prácticas externas (Prácticas Externas I – 6 ECTS)** en **servizos xurídicos de administracións públicas e en órganos xurisdiccionais**, podendo tamén desenvolverse, con carácter excepcional, noutras institucións e despachos profesionais.

Esta nova materia (**Prácticas Externas I**) xorde da **fusión das anteriores asignaturas** “Prácticas externas en administracións públicas” (3 ECTS) e “Prácticas externas en órganos xurisdiccionais” (3 ECTS), co obxectivo de **dar resposta a eventuais dificultades derivadas da falta puntual de títos/as** procedentes

das administracións públicas ou da carreira xudicial. Esta modificación **permite unha maior flexibilidade na xestión dos convenios de colaboración** asinados.

Mediante esta **primeira experiencia profesional obrigatoria**, preténdese que o estudantado **coñeza o funcionamento interno da Administración**, o labor do seu **persoal asesor xurídico** e os procedementos empregados na resolución de conflitos legais dentro dos entes públicos. Así mesmo, **permite presenciar in situ a tramitación dos procesos xudiciais** e o **desenvolvemento do traballo diario dos órganos xurisdicionais**. Trátase de ámbitos que, con moita probabilidade, **se converterán en saídas profesionais para o estudantado**.

No **terceiro semestre (30 ECTS)**, **poténciase a aplicación práctica das competencias adquiridas durante o curso de formación**, mediante a realización dun **período prolongado de prácticas externas en despachos profesionais da avogacía e da procura**. O obxectivo é que o estudantado **aplique, consolide e desenvolva os coñecementos, técnicas, habilidades e actitudes adquiridas** nos dous semestres anteriores.

Para a realización destas prácticas existen **convenios asinados con diversas administracións públicas, órganos xurisdicionais e despachos profesionais**. A partir do curso **2023/2024**, inclúense tamén **convenios con despachos de procuradores/as dos tribunais**, como consecuencia da implantación do novo **Máster Universitario en Avogacía e Procura**. As prácticas desenvólvense nas **instalacións das entidades colaboradoras**, procurando garantir que o estudantado dispoña dun **espazo axeitado** para o seu labor (escritorio, ordenador, acceso á información non reservada, etc.), co fin de **favorecer a adquisición das competencias previstas**.

Con todo, como consecuencia dos **cambios nos hábitos profesionais derivados da pandemia** e das **normativas sobre conciliación da vida persoal e profesional**, existe a posibilidade de que **determinadas prácticas se realicen parcialmente de forma virtual**, especialmente cando o/a titor/a **teletraballa** ou cando o/a estudante **presenta dificultades puntuais para asistir presencialmente**.

5.8.2.2. Máster Universitario en Estudos Internacionais

No *Informe de seguimento* correspondente ao curso 2022/2023, **informouse da finalización da vixencia do convenio subscrito entre a Deputación da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela**, que permitía a incorporación anual de **dúas persoas egresadas do Mestrado Universitario en Estudos Internacionais** á oficina *EuropeDirect* da Deputación, mediante a realización de **prácticas externas remuneradas cunha duración de doce meses**. Como consecuencia da extinción deste acordo, **na actualidade o Máster non dispón dun programa propio de prácticas externas dirixido en exclusiva ao seu alumnado**.


Con todo, desde o curso académico 2022/2023 permanece en vigor un **Convenio de colaboración educativa entre o Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación e a Universidade de Santiago de Compostela**, que facilita a realización de **prácticas externas tanto para alumnado de grao como de mestrado**. Estas prácticas teñen lugar nas **representacións diplomáticas no exterior** e nos **Servizos Centrais do Ministerio en Madrid**, cunha **duración inicial de catro meses, prorrogables por dous meses adicionais**.

Trátase dun programa que ofrece **unha experiencia formativa de marcado carácter práctico, moi ben**

valorado polo estudantado e pola coordinación do título. Varias persoas matriculadas no mestrado xa realizaron prácticas en Consulados, Misións Diplomáticas e unidades do Ministerio en Madrid. Estas prácticas complementan directamente os contidos de materias como Diplomacia Internacional e Organización Internacional e Integración Rexional, polo que constitúen unha alternativa formativa relevante para o alumnado do MUEI, especialmente ante a ausencia dun programa propio de prácticas externas.

A difusión desta oportunidade realízase a través da aula virtual da Coordinación do título e das redes sociais da Facultade de Dereito.

Egresados estudos MUEI que realizaron prácticas en empresas e institución



En definitiva, aínda que o mestrado non conta actualmente cun programa exclusivo de prácticas, esta alternativa institucional garante unha oferta formativa práctica e de calidade, que contribúe de xeito significativo ao desenvolvemento profesional do alumnado e ao cumprimento dos obxectivos formativos do programa.

5.8.2.3. Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais

No curso **2023/2024**, único do que se dispoñen datos ata o de agora, **o 100 % do estudantado egresado participou en prácticas externas** no marco da asignatura obrigatoria **“Prácticas externas en Dereito transnacional da empresa e das tecnoloxías dixitais”**, cunha carga lectiva de **5 ECTS**.

6. Análise da información recollida sobre o grao de satisfacción, as necesidades e as expectativas dos distintos grupos de interese, así como das queixas e suxestións relativas ao conxunto da titulación (as relacionadas directamente co proceso de ensino-aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

6.1. Satisfacción do estudantado e do PDI coa docencia

6.1.1. Satisfacción do estudantado coa docencia recibida

Da información facilitada pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, os índices de satisfacción do estudantado, do profesorado e dos demais grupos de interese resultan axeitados ás titulacións adscritas á Facultade de Dereito.


6.1.1.1.Satisfacción do estudantado coa docencia recibida nos estudos de Grao

Grao en Dereito

Os estudantes do **Grao en Dereito amosan un alto nivel de satisfacción coa docencia recibida**, cunha **valoración media de 4,13 sobre 5**, valor que se mantén estable desde o curso 2021/2022 e mellora progresivamente respecto aos rexistros do curso 2018/2019.


Os ítems que reciben unha **peor valoración** son os seguintes: as **actividades propostas para o aprendizaxe autónomo (3,89)**, os **recursos didácticos empregados (3,91)**, o **material de apoio (3,92)** e que o/lla docente faga que a asistencia á clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos (3,96). No resto de aspectos, a puntuación **supera os 4 puntos**.

Satisfacción coa docencia recibida (Grao en Dereito)



Ademais, a participación do alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida **incrementouse notablemente**, pasando do **24,57 % no curso 2022/2023 ao 50,42 % no 2023/2024**, o que supón un **aumento do 51,27 %**.

Participación do alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida (Grao en Dereito)




Dobre Itinerario en Dereito e en Relacións Laborais e Recurso Humanos

Os estudantes do **Dobre Itinerario amosan un alto nivel de satisfacción coa docencia recibida**, cunha **valoración media de 4,02 sobre 5**, mantendo niveis similares aos do curso anterior.


Os ítems que reciben unha peor valoración son: os **recursos didácticos empregados (3,78)**, a **proposta de actividade para favorecer a aprendizaxe autónoma (3,79)** e se o/a docente fai proveitosa a asistencia ás aulas para a comprensión dos contidos (3,82).

Satisfacción coa docencia recibida (Dobre Itineario)



Ademais, a participación do alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida (INF13) **incrementouse significativamente**, pasando do **40 % no curso 2022/2023 ao 75 % no 2023/2024**, o que supón un **aumento de 35 puntos porcentuais**.

Participación do alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida (Dobre Itinerario)



Grao en Criminoloxía

O Informe final de avaliación para a renovación da acreditación da ACSUG, notificado o 5 de novembro de 2024, establece o seguinte:

“De las evidencias examinadas, cabe destacar que los indicadores de satisfacción de los estudiantes, del personal docente e investigador, y personal de apoyo son adecuados al Plan de Estudios previsto en la Memoria. En cuanto a la satisfacción del Grado cursado, la mayoría de los graduados en Criminología afirman que volverían a realizar esta carrera, aunque el informe de satisfacción de los alumnos egresados del Curso 2022/2023 muestra un pequeño descenso en el grado de satisfacción general con la titulación (3.09 frente al 3.32 del curso 2021/2022)”.

Respecto á participación indica que:

“Una de las debilidades detectadas es la incapacidad del SGC para generar indicadores fiables que permitan su evaluación teniendo en cuenta que las tasas de participación en las encuestas son bajas. La encuesta de satisfacción con la docencia recibida pasó de un 59.91% en el curso 2020-21 a un 34.93% en el 2022-23”.

A tal efecto, sinala como **recomendación**:

“Se recomienda la implementación y seguimiento de la acción de mejora diseñada para incrementar las tasas de participación del alumnado en las encuestas. Como forma de motivar al alumnado, se

recomienda facilitarles un feedback de los resultados obtenidos en las encuestas, informándoles de las medidas que se van a adoptar para mejorar los aspectos peor valorados”.

6.1.1.2. Satisfacción do estudantado coa docencia recibida nos estudos de Mestrado

Máster Universitario en Avogacía

A **satisfacción do alumnado coa docencia recibida** (cumprimento do programa, organización e explicación, materiais de apoio, tarefas, participación, mellora dos coñecementos iniciais...) foi **incrementándose progresivamente ata estabilizarse**. Nos últimos anos superou os **4 puntos**. Así, no curso **2019/2020 a satisfacción foi de 4,20**, superándose en todos os apartados o valor de 4; no curso **2020/2021 situouse en 4,14**; no **2021/2022 alcanzou 4,23**; no **2022/2023 foi de 4,12**; e no **2023/2024 chegou a 4,26**.

Satisfacción coa docencia recibida (MUA)



En canto á **taxa de participación**, o **Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC** é a responsable de recoller os resultados do SGIC, baseándose na experiencia previa e na opinión dos centros. Dispón dos **instrumentos necesarios para recoller e procesar a información**, que logo analiza a **Comisión Académica do Máster** e a **Comisión de Docencia e Calidade do Centro**.


Diseñouse un **procedemento específico para obter a opinión do alumnado**, enviando as **enquisas ao día seguinte de finalizar cada asignatura** do plan de estudos. Para aumentar a participación, infórmase periodicamente ao alumnado mediante **correos electrónicos, pantallas informativas e recordatorios orais do persoal administrativo**, ademais de reservar tempo ao inicio das clases para cubrir as enquisas. Estas medidas deron **resultados positivos**, cunha participación elevada: **entre o 95 % e o 100 % no 2018/2019; 91,5 % no 2019/2020; 93,22 % no 2020/2021; 96,61 % no 2021/2022; 83,01 % no 2022/2023; e 84,09 % no 2023/2024**. O lixeiro descenso nos dous últimos cursos explícase máis adiante, aínda que os datos manteñen un nivel importante de **fiabilidade**.

No 2022/2023, o **Vicerreitorado de Titulacións e Internacionalización**, responsable do ACyMP, decidiu **suprimir o sistema específico de enquisas vixente ata entón** e adoptar o **sistema xeral da USC**, que recolle as enquisas ao final de cada semestre, independentemente do momento en que se impartiron as materias. Isto supuxo un **retroceso respecto ás melloras previas**, afectando negativamente aos elevados porcentaxes de participación acadados en cursos anteriores. Para mitigar esta caída, a coordinación implantou diversas medidas, como **dedicar máis tempo nas clases para cubrir as enquisas, colocar fotografías dos docentes como recordatorio e intensificar a concienciación do alumnado**.

Ademais, dous factores específicos contribuíron a reducir a participación por debaixo do 90 %: primeiro, a decisión do ACyMP de **incluir nas enquisas só ao profesorado que imparte máis do 25 % da docencia**, o que en moitas materias limita a avaliación a un 10-20 % do profesorado, xerando no alumnado a sensación de que a súa opinión é pouco relevante; segundo, a **redución do persoal administrativo de apoio**, que dificulta manter a atención dedicada con anterioridad a esta tarefa.

Para reforzar o control de calidade, a coordinación académica do Máster implantou **entrevistas persoais periódicas co alumnado para coñecer o seu grao de satisfacción**, así como un **sistema de avaliación continua do progreso e resultados de aprendizaxe**. Non obstante, a **enquisa telemática segue sendo cuestionada polo alumnado**, reflectíndose nunha menor participación respecto aos sistemas presenciais, o que esixe **esforzos adicionais da coordinación e dos servizos administrativos para paliar esta dificultade**.

Participación do alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida (MUA)




Máster Universitario en Estudos Internacionais

Os estudantes do **Máster Universitario en Estudos Internacionais (MUESINT)** amosan un **elevado nivel de satisfacción coa docencia recibida**, cunha **valoración media de 4,47 sobre 5**, idéntica á obtida no curso anterior e a terceira máis alta dos últimos seis anos. A enquisa foi respondida por un **48,58 % do alumnado**, o que representa unha **mostra significativa** para a valoración deste indicador.

En todos os ítems avaliados, a puntuación **supera os 4,3 puntos sobre 5**. O único aspecto cunha valoración comparativamente inferior é o referido ao **coñecemento previo por parte do alumnado dos criterios de corrección aplicados polo profesorado nos exames e/ou traballos**, que obtén unha puntuación de **4,25**. Pola contra, a **adecuada información ao alumnado sobre os criterios de avaliación da materia** é un dos aspectos que obtén unha valoración máis alta por parte do PDI en relación coa súa satisfacción coa docencia impartida, acadando **4,93 puntos sobre 5** no curso 2023/2024.


Satisfacción con la docencia recibida (MUEI)



A **participación do alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida** experimentou un **incremento significativo**, pasando do **41,18 % en 2022/2023** ao **48,58 % en 2023/2024**, o que supón un aumento de **7,39 puntos porcentuais**. Este avance atribúese directamente á **eficacia das accións de mellora implementadas**, que lograron **incentivar e facilitar a participación estudiantil** nestas consultas.

O notable aumento na **implicación do alumnado** evidencia que as **medidas adoptadas están a dar resultados positivos** e a **reforzar o compromiso dos estudantes cos procesos de avaliación**. Non obstante, estes resultados distan significativamente do **obxectivo establecido**, que consiste en acadar unha participación situada entre o **75 % e o 80 %**. Por iso, a acción de mellora continuará activa ata lograr dito propósito.

Participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida (MUEI)



Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais

Os estudantes do **Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais (MUDTETD)** amosan un **elevado nivel de satisfacción coa docencia recibida**, cunha **valoración media de 4,75 sobre 5**. Esta foi a puntuación alcanza nos 15 ítems a valorar.

A **participación do alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida** foi do **37,50%**.

6.1.2. Satisfacción PDI coa docencia impartida

6.1.2.1. Satisfacción PDI coa docencia impartida nos estudos de Grao

Grao en Dereito

Neste apartado cómpre **destacar o elevado índice de satisfacción do profesorado coa docencia impartida no Grao en Dereito**, que acadou unha **puntuación media de 4,23 sobre 5**, mantendo este valor **constante dende o curso 2021/2022**.


Os ítems que recibiron **valoracións inferiores aos 4 puntos** foron:

- o **nivel co que chega o alumnado** (3,28),
- a **participación activa do alumnado nas aulas** (3,63),
- o **traballo realizado polo alumnado nas aulas** (3,75),
- e a **coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título** (3,87).

No resto dos ítems, a **puntuación supera os 4 puntos**, o que reflicte unha **percepción xeral positiva da**


docencia por parte do profesorado. Estes resultados permiten, con todo, **identificar áreas prioritarias de mellora** para seguir reforzando a calidade do ensino.

Satisfacción do PDI coa docencia impartida (Grao en Dereito)



Pola súa banda, a **porcentaxe de participación do PDI na enquisa de satisfacción coa docencia impartida consolidou a tendencia ascendente** dos dous últimos cursos académicos, **alcanzando o 45,10 % no curso 2023/2024** (fronte ao 43,75 % en 2021/2022 e ao 44 % en 2022/2023). O **incremento total entre os cursos 2021/2022 e 2023/2024 foi de 1,35 puntos porcentuais**, o que reflicte un compromiso crecente do profesorado coa avaliación da calidade docente.

Participación do PDI na enquisa de satisfacción coa docencia impartida (Grao en Dereito)



Dobre Itinerario en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos


No caso do profesorado do **Dobre Itinerario**, o **nivel de satisfacción global coa docencia impartida** tamén é **elevado**, acadando unha puntuación media de **4,15 sobre 5 (INF14)**, en termos similares aos rexistrados nos dous cursos anteriores.

Os ítems que recibiron unha **valoración inferior aos 4 puntos** foron os seguintes:

- o nivel co que chega o alumnado (3,29),
- a participación activa do alumnado nas aulas (3,45),
- e o traballo realizado polo alumnado nas aulas (3,67).


Estes resultados reflicten unha percepción xeralmente positiva da docencia, aínda que tamén permiten **identificar áreas de mellora** relacionadas coa implicación do estudiantado.

Satisfacción do PDI coa docencia impartida (Dobre Itinerario)



Pola súa banda, a **porcentaxe de participación do PDI** na enquisa de satisfacción coa docencia impartida **amosa un incremento significativo**, de **7,74 puntos porcentuais**, ao alcanzar o **48,65 % no curso 2023/2024** (fronte ao **41,82 % en 2021/2022** e ao **40,91 % en 2022/2023**).

Participación do PDI na enquisa de satisfacción coa docencia impartida (Dobre Itinerario)



Grao en Criminoloxía

O **Informe final de avaliación para a renovación da acreditación da ACSUG**, notificado o **5 de novembro de 2024**, establece o seguinte:

“El grado de satisfacción con la docencia impartida es alto”.

6.1.2.2.Satisfacción PDI coa docencia impartida nos estudos de Mestrado

Máster Universitario en Avogacía

O **grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida no Máster** foi de **4,47 en Santiago** e de **4,42 en Lugo** no curso **2019/2020**, consolidándose unha **tendencia estable ao longo dos últimos anos**.

No curso **2020/2021**, a satisfacción do profesorado coa docencia foi de **4,24 en Santiago** e unha **media intercampus de 4,31**. No curso **2021/2022**, acadáronse **4,30 en Santiago** e **3,84 en Lugo**; no curso **2022/2023**, a media foi de **4,29**; e no **2023/2024**, de **4,34**.

Obsérvase, por tanto, que o **grao de satisfacción do profesorado se mantén practicamente estable ao longo dos cursos académicos**, froito, entre outras razóns, das **accións de mellora orientadas a reforzar a coordinación interna**, tanto **entre o propio profesorado como entre este e o estudantado**.

Outro indicador que **reforza esta percepción positiva** son as **cualificacións outorgadas ao estudiantado**, que nos últimos cursos presentan unha **media situada no “notable”**, salvo **excepción no curso 2022/2023 en Santiago**, así como unha **baixa taxa de suspensos**.

Así mesmo, a **satisfacción do profesorado coa información pública da titulación e coa súa adecuación** mantense **por riba de 4 puntos** nos últimos cursos:

- **4,50 en 2020/2021,**
- **4,33 en 2021/2022,**
- **4,30 en 2022/2023 e**
- **4,42 en 2023/2024,**
o que constitúe **valoracións moi positivas**.

Tamén resulta especialmente destacable a **alta valoración da asistencia do estudiantado ás clases**, con puntuacións de:

- **4,82 no curso 2018/2019,**
- **4,49 en 2019/2020,**
- **4,83 en 2020/2021,**
- **4,50 en 2021/2022,**
- **4,70 en 2022/2023 e**
- **4,68 en 2023/2024.**


Estes resultados son, sen dúbida, consecuencia directa do **sistema de seguimento individualizado implantado**, que contribúe a **fortalecer a calidade da docencia e a implicación do estudiantado**.

Máster Universitario en Estudos Internacionais

Neste apartado, cómpre **destacar o alto índice de satisfacción do profesorado coa docencia impartida no MUESINT**, que acadou unha **valoración media de 4,35 sobre 5 (INF14 / IN47M)**. Este nivel mantívose estable, sendo similar ao rexistrado nos dous cursos anteriores, cunha clara inflexión a partir do curso 2020/2021. A **taxa de participación na enquisa foi do 68,75 %**.


Os aspectos que rexistran menor satisfacción son: **o nivel co que chega o alumnado á titulación (3,29)**, a **tutorización do TFM (3,57)** e a **recepción de información de apoio para a mellora da docencia (3,86)**.

Satisfacción do PDI coa docencia impartida (MUEI)



En relación co **PDI**, a participación na enquisa de satisfacción coa docencia impartida consolidou a súa tendencia ascendente nos dous últimos cursos, alcanzando un **68,75 % no 2023/2024**, fronte ao **61,54 % do curso 2022/2023**, o que supón un **incremento de 7,21 puntos porcentuais**.

Participación do PDI na enquisa de satisfacción coa docencia impartida (MUEI)



Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais

O **PDI** da USC do **Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais (MUDTETD)** amosan un notable nivel de **satisfacción coa docencia impartida**, cunha **valoración media de 4 puntos sobre 5**. Os aspectos que rexistran menor satisfacción son: o **coñecemento do nivel de comprensión do estudantado (3)**, a **coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título (3)** e o **nivel co que chega o alumnado á titulación (3)**.

A **participación do PDI da USC na enquisa de satisfacción coa docencia impartida** foi do **25%**.

6.2. Satisfacción do estudantado e do PDI coa titulación

6.2.1. Satisfacción do estudantado coa titulación


6.2.1.1. Satisfacción do estudantado coa titulación de Grao

Grao en Dereito

O **grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación** sitúase en **3,2 sobre 5**, aínda que cabe destacar que a **taxa de participación nesta enquisa** foi moi baixa, alcanzando só o **6,44 % do estudantado**.


Os **ítems con peor valoración** son: a **oferta de prácticas (2,63)**, a **orientación profesional e laboral (2,67)**, o **calendario de probas de avaliación (2,75)** e o **equilibrio entre a teoría e a práctica (2,77)**.

Satisfacción xeral dos egresados cos estudos (Grao en Dereito)



Na enquisa de satisfacción coa titulación, a **participación do alumnado aumentou do 5,07 % no curso 2022/2023 ao 6,44 % no curso 2023/2024**, supoñendo un incremento de **1,37 puntos porcentuais**.

Participación alumnado na enquisa de satisfacción coa titulación (Grao en Dereito)




Dobre Itinerario en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos

O nivel de satisfacción xeral dos egresados coa titulación acadou unha puntuación de 2,46 sobre 5, supoñendo un **incremento de 0,17 puntos** respecto ao curso anterior.


Os **ítems con peor valoración** son: a **organización da titulación (1,67)**, a **distribución da carga de traballo (1,78)** e os **horarios dos cursos (1,78)**.

Satisfacción xeral dos egresados cos estudos (Dobre Itinerario)



A **participación do alumnado** experimentou un **lixeiro descenso de 2,04 puntos porcentuais**, pasando do **19,35 % no curso 2022/2023 ao 17,31 % no curso 2023/2024**. Con todo, este dato supón un **incremento notable** respecto aos cursos 2020/2021 e 2021/2022, con melloras de **12,75 e 13,46 puntos porcentuais**, respectivamente.

Participación alumnado na enquisa de satisfacción coa titulación (Dobre Itinerario)



Grao en Criminoloxía

O Informe final de avaliación para a renovación da acreditación da ACSUG, notificado o 5 de novembro de 2024, establece o seguinte:

“En cuanto a la satisfacción del Grado cursado, la mayoría de los graduados en Criminología afirman que volverían a realizar esta carrera, aunque el informe de satisfacción de los alumnos egresados del Curso 2022/2023 muestra un pequeño descenso en el grado de satisfacción general con la titulación (3.09 frente al 3.32 del curso 2021/2022)”.

En canto ao que respecta á participación:

“En la encuesta de satisfacción con la titulación, la participación no subió del 5.52% en el curso 2022-23 (un poco más elevada que la del curso 2021-2022, que solo alcanzó un 4.52%)”.

6.2.1.2.Satisfacción do estudiantado coa titulación de Mestrado

Máster Universitario en Avogacía

A satisfacción do estudiantado coa titulación experimentou un incremento significativo, pasando de 3,44 no curso 2019/2020 a 4,20 no curso 2021/2022. Nos cursos seguintes, observouse un lixeiro descenso, con valores de 4,10 en 2021/2022, 3,96 en 2022/2023 e 3,56 en 2023/2024.

Satisfacción xeral dos egresados cos estudos (MUA)




A taxa de participación dos egresados sitúase entre o 22 % e o 33 %, segundo o campus, incrementándose significativamente ata alcanzar o 54,1 % no curso 2023/2024.

Máster Universitario en Estudos Internacionais


O grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación alcanzou unha puntuación de 4,06 sobre 5. Como se observa no gráfico, este nivel de satisfacción experimentou un crecemento progresivo ao longo dos cursos académicos, cun aumento de 1,25 puntos entre o período 2020/2021 e 2023/2024. Estes resultados reflicten unha valoración positiva e en constante mellora por parte do alumnado egresado.

Satisfacción xeral dos egresados cos estudos (MUEI)



Por outra banda, a **participación dos egresados na enquisa de satisfacción coa titulación rexistrou un descenso**, situándose no **10,34 %** en **2023/2024**, fronte ao **14,71 %** do curso anterior, é dicir, unha **disminución de 4,37 puntos porcentuais**. Con todo, este último dato segue a ser **significativamente superior** aos niveis observados nos cursos **2020/2021** e **2021/2022**, o que permite **manter unha valoración moderadamente positiva** sobre a evolución recente.

Participación dos egresados nas enquisas de satisfacción coa titulación (MUEI)



Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais

A puntuación de **3,51 sobre 5** reflicte un nivel de satisfacción xeral **aceptable**, aínda que **mellorable**. Os ítems que reciben unha peor puntuación son os seguintes: a **organización da titulación (2,33)**, a **oferta de prácticas (2,33)** e a **oferta de temas nos TFM (2,67)**.

A **participación dos egresados na enquisa de satisfacción coa titulación** foi de **37,50%**.

6.2.2. Satisfacción do PDI coa titulación

6.2.2.1. Satisfacción do PDI coa titulación de Grao


Grao en Dereito

A **satisfacción global do profesorado coa titulación do Grao en Dereito** sitúase en **3,87 sobre 5** no curso **2023/2024**, o que supón unha **lixreira diminución de 0,21 puntos** respecto ao curso anterior, no que se acadou un **4,08**.

As principais causas desta caída están relacionadas coa **baixa asistencia regular do alumnado ás clases** e coa **reducida implicación no proceso formativo**, aspectos que recibiron unha valoración de **2,95 sobre 5**.


Esta situación reflíctese tamén nas **actas de coordinación**, nas que se destaca o **impacto negativo na formación do estudantado e nos seus resultados académicos**. Por iso, resulta **imprescindible implementar unha acción de mellora** que teña como obxectivo **identificar os motivos desta falta de asistencia e adoptar medidas para reducir a súa incidencia**.

Satisfacción do PDI coa titulación (Grao en Dereito)



A **participación na enquisa de satisfacción do PDI coa titulación** tamén experimentou unha mellora, pasando do **30 % no curso 2022/2023 ao 36,89 % no 2023/2024**, reforzando así a **progresión positiva iniciada no curso 2021/2022**, no que se rexistrara un **22,92 % de participación**.

Participación do PDI na enquisa de satisfacción coa titulación (Grao en Dereito)




Dobre Itinerario en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos

No que atinxe á **satisfacción global do profesorado coa titulación do Dobre Itinerario**, esta sitúase en **3,85 sobre 5 no curso 2023/2024**, mantendo valores similares aos do curso anterior.


Os **ítems con peor valoración**, ao igual que no **Grao en Dereito**, son a **baixa asistencia regular do alumnado ás clases** e a **reducida implicación no proceso formativo**, que acadaron puntuacións de **3,08 e 3,10 puntos**, respectivamente.

Satisfacción do PDI coa titulación (Dobre Itinerario)



En canto á participación do PDI na enquisa de satisfacción coa titulación, esta incrementouse do 23,31 % en 2022/2023 ao 37,59 % en 2023/2024, evidenciando unha tendencia claramente ascendente ao longo dos últimos cursos.

Participación do PDI na enquisa de satisfacción coa titulación (Dobre Itinerario)



Grao en Criminoloxía

O Informe final de avaliación para a renovación da acreditación da ACSUG, notificado o 5 de novembro de 2024, establece o seguinte:

“Se aprecia una participación muy baja en las encuestas de satisfacción del título, especialmente en el caso del alumnado y el PDI. Sería necesario incentivar la participación de estos colectivos en las mismas para que pudieran arrojar unos resultados veraces y representativos”.


6.2.2.2.Satisfacción do PDI coa titulación de Mestrado

Máster Universitario en Avogacía

A satisfacción do profesorado da titulación coa docencia impartida mantense nunha franxa elevada, con puntuacións que oscilan entre 4 e 4,48 nos últimos cursos: 4,45 no curso 2019/2020; 4,24 no 2020/2021; 4,07 no 2021/2022 (4,30 en Santiago e 3,84 en Lugo); 4,29 no 2022/2023; e 4,33 no 2023/2024.

Estes resultados reflicten a coherencia coas accións emprendidas para mellorar a coordinación entre o propio profesorado e entre o profesorado e o estudantado.


Satisfacción do PDI coa docencia impartida (MUA)



A taxa de participación do profesorado na enquisa de satisfacción coa docencia impartida mostra unha evolución variable ao longo dos últimos cursos académicos. Destaca un pico significativo no curso

2019/2020 cun 42,30 %, seguido dunha caída considerable en 2022/2023 ao 13,51 %. No curso 2023/2024, a taxa recupera lixeiramente ata o 21,11 %, aínda que permanece por baixo dos valores máis altos.


Participación do PDI na enquisa de satisfacción coa docencia impartida (MUA)



Máster Universitario en Estudos Internacionais


O grao de satisfacción global do PDI coa titulación acadou unha valoración de 4,19 sobre 5, cunha taxa de participación na enquisa do 62,50 %. Tal e como se reflicte no gráfico, ao longo dos catro cursos académicos analizados, o nivel de satisfacción do profesorado **mantívose de forma consistente por riba dos 4,10 puntos**. Dos 20 ítems avaliados, só en tres se rexistraron puntuacións inferiores a 4: a atención prestada polo PTGAS (3,50), as vías para participar na calidade (3,90) e a implicación do estudiantado coa titulación (3,90).

Satisfacción global do PDI coa titulación (MUEI)



A participación do PDI na enquisa de satisfacción coa titulación (INF23) continuou coa súa evolución positiva, pasando do 61,54 % ao 62,50 %, cun incremento de 0,96 puntos porcentuais. Este crecemento confirma a tendencia de mellora iniciada no curso 2021/2022, cando a participación se situaba no 46,15 %. Estes datos evidencian o éxito das iniciativas impulsadas desde a coordinación da titulación, dirixidas a **fomentar unha maior implicación do profesorado** nos procesos de avaliación, e **consolidan un compromiso máis activo e sostido por parte deste colectivo**.

Participación del PDI na enquisa de satisfacción coa titulación (MUEI)



Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais

Dende a ACeMP **non se facilitaron datos** sobre o **nivel de satisfacción global do profesorado da USC** coa titulación, **nin** sobre o seu **porcentaxe de participación** na enquisa correspondente.

6.3. Satisfacción do PTXAS

O **nivel de satisfacción xeral do PTXAS co seu traballo** acadou unha valoración de **4,04 sobre 5** (INF21), o que supón **unha mellora notable respecto ao curso 2022/2023**, no que se situara en **3,67 sobre 5**.



6.4. Queixas e suxestións

As **suxestións e reclamacións** foron xestionadas conforme aos **procedementos vixentes**. O **Sistema de Garantía de Calidade (SGC)** da Facultade conta con **mecanismos específicos** para a **recepción, atención e resposta** a estas achegas. Calquera membro da comunidade universitaria implicado na titulación —**estudantado, PDI e PTGAS**— pode formular **propostas, suxestións ou reclamacións** a través da **Coordinación do título, da Comisión de Docencia e Calidade, das Comisións de Calidade dos mestrados**, ou mediante o **buzón de suxestións e queixas** habilitado na páxina web da Facultade.

Ademais, recentemente tamén se están a recibir **suxestións e queixas a través das mensaxes de chat da conta de Instagram da Facultade**, o que evidencia a necesidade de **adaptar os canais de comunicación institucional aos hábitos actuais do estudantado**.

Grao en Dereito

Conforme ao **Informe sobre os recursos administrativos e reclamacións** rexistrados na Oficina de Análise de Reclamacións (OAR), durante o curso 2023/2024 presentáronse **5 reclamacións, queixas e suxerencias** (que tiveron por obxecto o recoñecemento de estudos (2), bolsas e axudas (1), docencia (1) e datos persoais (1), sendo desestimadas 2 e arquivadas outras 2.

Reclamacións, queixas e suxerencias

Recoñecemento de estudos	2	Desestimadas
Bolsas e axudas	1	Arquivada
Docencia	1	Desestimada
Datos Persoais	1	Arquivada

Asimesmo, formuláronse **5 recursos** (3 de reposición e 2 de alzada), sendo tan so 1 deles estimado.

Recursos

Validacións	1	Desestimado
Modificación matrícula	1	Desestimado
Outros	1	Estimado
Dispensa de asistencia a clase	1	Desistido
Cambios de grupo	1	Desestimado

Trátase dunha cifra de reclamacións, queixas e suxerencias moi baixa, considerando o número de estudantes do título (947 no curso 2023/2024 Grao en Dereito e Dobre Itinerario).

Máster Universitario en Avogacía

Segundo a **Memoria de actividades da OAR correspondente ao curso 2019/2020**, dos **19 recursos** presentados na Facultade de Dereito, ningún corresponde ao MUA. O Área de Calidade e Mellora da Prestación de Servizos (ACyMP) da USC non facilitou datos relativos ao curso 2020/2021.

Pola súa banda, de acordo coa **Memoria de actividades da OAR do curso 2021/2022**, presentáronse **3 reclamacións por parte do estudantado**: dúas delas no **campus de Lugo**, relativas á **anulación de matrícula por incumprimento dos requisitos de admisión**, que foron **resoltas pola propia OAR**; e unha no **campus de Santiago**, relacionada co **Suplemento Europeo ao Título (SET)**, que foi **estimada pola OAR**.

No curso **2022/2023**, a **OAR tampouco facilitou información**, malia as reiteradas solicitudes realizadas.

No que respecta ao curso **2023/2024**, segundo a **Memoria da OAR**, presentouse unicamente **un recurso potestativo de reposición**, relacionado cunha **modificación de matrícula**, que foi **desestimado**; así como **unha queixa dun estudante de nacionalidade cubana**, que fora admitido na titulación **sen dispoñer da homologación de estudos estranxeiros**, a cal foi **estimada**.

En todo caso, trátase dunha **cifra moi baixa de reclamacións, queixas e suxestións**, especialmente se se ten en conta o **elevado volume de estudantado da titulación**.

Neste sentido, os **Informes das Enquisas de Satisfacción do estudantado egresado non achegan información suficiente** para coñecer o **grao de satisfacción coas reclamacións formuladas ante a Dirección do Centro, a UXA ou a OAR**. Tampouco o ACeMP da USC facilita datos ao respecto.

Máster Universitario en Estudos Internacionais

De acordo co **Informe sobre os recursos administrativos e reclamacións** rexistrados na **Oficina de Análise de Reclamacións (OAR)**, durante o **curso académico 2023/2024 non se presentou ningún recurso nin reclamación** en relación co **MUESINT**. Este feito reflicte un **elevado grao de satisfacción do estudantado** e a **ausencia de conflitos formais** vinculados coa titulación.

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (acción de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
 - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
 - Mobilidade.
 - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
 - Avaliación da aprendizaxe
 - Prácticas externas.
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
 - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1. Normativas

A aplicación das distintas normativas axústase ao recollido na Memoria verificada. Neste sentido, cómpre lembrar que a USC dispón de normativas que regulan aspectos fundamentais como a permanencia do estudantado, o sistema de transferencia e recoñecemento de créditos, entre outros.

Así mesmo, a USC conta cun conxunto de normativas de xestión académica que regulan os aspectos máis relevantes do proceso formativo. Algunhas destas normativas teñen carácter xeral e son de aplicación en toda a Universidade, mentres que outras establecen marcos reguladores que poden ser adaptados aos distintos Centros ou títulos. As principais normativas, que se relacionan a continuación, poden consultarse nas seguintes ligazóns web:

- Estatutos USC: <http://hdl.handle.net/10347/31315>
- Repositorio documental da normativa referida ao Estudantado: <https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/normativa/alumnado>
- Repositorio documental sobre normativa referida aos estudos de Doutoramento, Títulos Propios e Programa Universitario de Maiores, Estudos de Cuarto Ciclo: <https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/normativa/estudios-doutoramento-propios-cuarto-ciclo>

Existe tamén, como normativa propia do centro:

- Regulamento de réxime interno da Facultade de Dereito: <https://minerva.usc.gal/rest/api/core/bitstreams/fda5fdd7-51e3-42b8-972e-be9f5bba5d72/content>
- Normativa de exención de docencia: <https://acortar.link/F11m05>
- Regulamento TFG Dereito: <https://acortar.link/WyI236>
- Regulamento TFG Criminoloxía: <https://acortar.link/mZQNxy>
- Memoria para a implantación do Programa integrado de Grao en Dereito e Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos da USC (Xuntas de Facultade de ambos centros de 10/04/2014)

Este marco normativo regula os procedementos e as condicións formais de acceso, progresión e finalización dos programas formativos. No contexto do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Dereito, os procesos máis directamente vinculados coa garantía da aprendizaxe estrutúranse arredor de cinco procesos clave:

1. **PC-01. Análise do perfil de ingreso e captación:** regula a definición e revisión do perfil de ingreso e do plan de captación do alumnado para cada titulación impartida pola Facultade, así como a execución de accións de captación coherentes co perfil definido e coa oferta de prazas dispoñible.
2. **PC-02. Planificación das ensinanzas:** garante que a planificación das ensinanzas oficiais se realice conforme ao previsto nas memorias de verificación dos títulos, tendo en conta a dispoñibilidade de recursos docentes, tanto humanos como materiais.
3. **PC-03. Apoio ao estudantado:** establece os procedementos de acollida, orientación e tutela dirixidos ao alumnado, tanto no momento da súa incorporación á universidade como ao longo do seu percorrido académico, co obxectivo de favorecer a aprendizaxe, o desenvolvemento persoal e a orientación profesional.
4. **PC-04. Desenvolvemento das ensinanzas:** asegura que a impartición das ensinanzas oficiais se axuste á planificación anual, garantindo a súa calidade e promovendo unha aprendizaxe significativa por parte do alumnado.
5. **PC-05. Análise de resultados e mellora dos programas:** regula o procedemento mediante o cal a Facultade analiza os resultados dos programas formativos impartidos e emprega esta información para introducir melloras nas titulacións e contribuír á consecución dos seus obxectivos estratéxicos.

A Comisión de Docencia e Calidade do Centro, así como as Comisións Académicas do Mestrados, analiza anualmente o desenvolvemento destes procesos e dos indicadores que dan conta dos resultados e da satisfacción asociados ao ensino, aprendizaxe e avaliación. A continuación, preséntanse as principais conclusións derivadas da análise dos indicadores e informes correspondentes a ditos aspectos para cada un dos títulos.

2. Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.

Neste apartado, a análise céntrase exclusivamente no **Máster Universitario en Estudos Internacionais**, dado que nas demais titulacións da nosa oferta formativa **non existen complementos formativos nin se constatou a necesidade da súa implementación**. Esta delimitación obedece á particularidade do perfil do alumnado deste máster e á avaliación realizada polos órganos responsables,

que sinalan unha maior heteroxeneidade e diferenzas no nivel de coñecementos previos, especialmente en materias de carácter xurídico, circunstancia que non se reproduce nas outras titulacións. Por iso, resulta pertinente concentrar a atención nas propostas de mellora formativa para este programa en concreto.

Máster Universitario en Estudos Internacionais

No presente curso académico, e tras os cambios introducidos no Plan de Estudos do **Máster Universitario en Estudos Internacionais**, mantívose a **impartición da materia obrigatoria “Organización Internacional e Integración Rexional”**, que vén desempeñando **de facto** a función dun **complemento formativo**, aínda que non teña esta consideración formal.

Grazas ao seu contido, esta materia permite **reforzar os coñecementos básicos do alumnado**, especialmente daqueles estudantes que proceden de titulacións alleas ao ámbito xurídico internacional, contribuíndo así a **nivelar a formación inicial** e facilitar un **mellor aproveitamento das materias específicas do Máster**, de marcado carácter xurídico.

Porén, somos conscientes de que a **diversidade nos perfís de ingreso do alumnado**, derivada da **heteroxeneidade das titulacións de procedencia**, xera inevitablemente **diferenzas significativas no nivel de coñecementos previos**, en particular no relativo aos contidos xurídicos. Esta circunstancia **pode limitar o aproveitamento óptimo das materias de carácter máis especializado**. Ademais, os **indicadores de rendemento académico** suxiren a necesidade de intervir para garantir **unha formación de base máis homoxénea entre o estudiantado**, recomendación que xa se recollía no **Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación do título**, emitido pola ACSUG o 10 de outubro de 2019, e que foi reiterada no **Informe Final de Seguimento da ACSUG de 2025**.

Así mesmo, a conveniencia de **implementar complementos formativos** vese **avalada pola valoración do PDI da titulación**, que manifesta unha **satisfacción moderada respecto ao nivel do alumnado** — en termos de coñecementos e habilidades para afrontar os contidos das materias —, cunha **puntuación de 3,29 sobre 5**, sendo este o ítem **peor valorado**.

3. Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional (véxase directriz 5)

4. Mobilidade

4.1. Participación do alumnado nos programas de mobilidade nos estudos de Grao

4.1.1. Grao en Dereito

Os **egresados do Grao en Dereito** que participaron en programas de mobilidade alcanzaron o **40,68 %**. Dos **57 estudantes** que participaron en mobilidade ao longo do curso **2023/2024**, o **31,58 %** (n = 18) fíxoo a través do **programa SICUE**, o **63,16 %** (n = 36) mediante o **programa Erasmus** —cos principais destinos en **Polonia (30,55 %)** e **Italia (25 %)**—, e o **5,26 %** (n = 3) en programas de convenio con outras universidades.

Estes datos mantéñense en niveis similares aos do curso **2022/2023**, no que participaron un total de **61 estudantes** en programas de mobilidade.

4.1.2. Dobre Itinerario en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos

Polo que respecta ao **Dobre Itinerario**, a porcentaxe de egresados que participaron en programas de mobilidade foi do **50 %**. No curso **2023/2024**, só **1 estudante** participou nos programas de mobilidade, concretamente no **programa SICUE**.

4.1.3. Grao en Criminoloxía

O **Informe final de avaliación para a renovación da acreditación da ACSUG**, notificado o **5 de novembro de 2024**, establece o seguinte:

“La participación del alumnado en programas de movilidad tanto saliente como entrante es muy escasa con un nivel de satisfacción aceptable por parte del alumnado saliente (3,56 en el curso 2022/23 y 4,51 en el curso 2020/21). El autoinforme manifiesta que en el curso 2022/23 únicamente se dispone de convenio vigente con la Universidad de Oporto si bien se han iniciado acciones de mejora en este punto, dirigidas a redoblar los esfuerzos y aumentar los contactos con numerosos posibles partners. Algunas Universidades han desestimado la iniciativa pero se mantienen contactos con las Universidades de Braga y Módena-Reggio Emilia”.

“Igualmente, debe reseñarse que el grado de satisfacción de los alumnos del Grado con los programas de movilidad muestra un ligero descenso del 3,56 en el curso académico 2022/2023, con respecto al 4,51 del Curso anterior, destacándose la dificultad para la realización de nuevos convenios de movilidad”.

E, a tal efecto, **recoméndase**:

“En relación con la movilidad internacional, se recomienda seguir trabajando para mantener el compromiso con la firma de nuevos convenios con universidades extranjeras”.

4.2. Participación do alumnado nos programas de mobilidade nos estudos de Mestrado

4.2.1. Máster Universitario en Avogacía

O **estudantado do Máster** non adoita participar en **programas de mobilidade** durante o período no que cursa a titulación. A **ACSUG**, no seu **Informe final para a Renovación da Acreditación (2020)**, referida ao **Mestrado Universitario en Avogacía (MUA)**, reafirma esta situación, indicando que a escasa mobilidade se debe ás **características propias da titulación**.

Entre os **factores que xustifican esta baixa participación**, destacan:

- o **deseño do propio plan de estudos**,
- a **breve duración da etapa de formación** (apenas dous cuatrimestres),
- as **limitacións dos programas xerais de mobilidade estudantil** no caso desta titulación,
- o **custo económico que supón desprazarse e vivir fóra do fogar familiar** mentres se cursan estudos de posgrao,

- o feito de que **moito estudantado xa participou nun programa Erasmus durante o Grao**,
- a **conveniencia de realizar as prácticas externas en institucións e despachos próximos** ao lugar de residencia do estudantado, para favorecer a súa **posterior inserción laboral**,
- e o **marcado carácter nacional das normas xurídicas e dos procedementos administrativos e xudiciais**, que dificulta a mobilidade internacional neste eido.

4.2.2. Máster Universitario en Estudos Internacionais

O estudantado do Máster ten á súa disposición os programas de mobilidade académica ofertados pola USC (dispoñibles en: <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/internacional>). Non obstante, a **demanda por parte do alumnado foi historicamente reducida**.

Esta situación obedece, segundo se constatou a través do contacto directo co estudantado no marco da correspondente **acción de mellora**, a unha **crecente preocupación pola inserción no mercado laboral**, así como ao feito de que a maioría do alumnado **xa participou previamente en programas de mobilidade como ERASMUS ou SICUE durante os estudos de Grao**, o que leva a **descartar a mobilidade saínte como unha prioridade nesta etapa formativa**.

Neste contexto, durante o **curso 2023/2024**, **unicamente dous estudantes** participaron en programas de mobilidade, concretamente a través do **programa Erasmus**, con destino en **Italia**, nas universidades **Università degli Studi di Milano e Università degli Studi di Pavia**.

5. Prácticas Externas (directriz 5)

6. Traballo Fin de Grao (TFG) e Traballo Fin de Máster (TFM)

6.1. Traballo Fin de Grado (TFG)

6.1.1. Grao en Dereito e Dobre Itinerario en Dereito e en Relacións Laborais

En relación cos **titores dos Traballos de Fin de Grao (TFG)**, son os **departamentos** os encargados de propoñer, en función das **liñas de investigación do profesorado**, un **listado de titores (PDI) por cada liña temática**. Unha vez debidamente convocados, os estudantes proceden á **selección do titor e da liña de traballo** segundo os procedementos establecidos na normativa aplicable (**Regulamento de TFG da Facultade de Dereito** - <https://acortar.link/WyI236>).

A elección do titor e da liña por parte do alumnado realízase en función da **nota media do expediente**, multiplicada polo **número de créditos superados**, ata un máximo de **180 créditos**; este mecanismo de corrección foi aprobado na **Xunta de Facultade do 18 de decembro de 2014**, na que se modificou o artigo 10.2 do Regulamento de TFG.

No ámbito da tutorización dos TFG, o **nivel de satisfacción do profesorado do Grao en Dereito alcanzou os 4,11 puntos no curso 2023/2024**, o que supón un **incremento de 0,2 puntos respecto ao curso 2022/2023**.

Satisfacción do profesorado coa dirección de TFG



Polo que respecta ao profesorado do Dobre Itinerario, o nivel de satisfacción coa titorización dos TFG acadou no curso 2023/2024 unha puntuación de 3,90 sobre 5, o que supón un incremento de 0,2 puntos respecto ao curso anterior e constitúe a valoración máis elevada dos tres últimos cursos académicos.

Satisfacción do profesorado coa dirección de TFG



6.2. Traballo Fin de Máster (TFM)

6.2.1. Máster Universitario en Avogacía

A materia de “**Traballo Fin de Máster**” (TFM), situada no segundo ano do Máster, é tutorizada por diferentes equipos, que como mínimo corresponden ao número de **órdenes xurisdiccionais nas que se elaboran os traballos**. Procúrase que o peso da tutoría recaia, de forma conxunta para cada traballo, nun/ha **profesor/a universitario/a**, un/ha **avogado/a** e un/ha **procurador/a** desde o curso 2023-2024. A incorporación destes profesionais da procura permitiu dotar ao TFM dunha **orientación específica cara aos contidos propios desta profesión xurídica**.

Para facilitar as tarefas do profesorado universitario e profesional encargado da tutoría do TFM, a **comisión académica e a coordinación** estableceron unhas “**Normas Orientativas**” que regulan os contidos e obxectivos básicos da materia, a entrega dos traballos, a defensa pública, o calendario de tutorías, entre outros aspectos. Ademais, redactáronse **Instrucións destinadas principalmente ao estudantado**, sobre como elaborar o traballo e as características do acto de defensa, así como os formularios para a solicitude de defensa do TFM.

Estas **normativas, instrucións e orientacións** permiten aos diferentes tribunais de avaliación coñecer os contidos das directrices dos equipos de tutoría respecto ás temáticas, enfoques, metodoloxías, contidos e bibliografía a empregar polos estudantes. Cada curso académico, os membros de cada equipo de tutoría reúnen coa coordinación para analizar o calendario académico, as actividades previstas e as particularidades da parte académica e profesional do TFM. Así mesmo, a coordinación mantén reunións por separado con presidentes/as, secretarios/as e vogais dos tribunais de TFM para revisar o seu papel

na defensa e avaliación do traballo. Esta coordinación garante unha **actuación máis homogénea dos equipos de tutoría e dos tribunais**.

O profesorado do TFM intégrase en equipos mixtos (universitarios e profesionais), o que permite atender de forma óptima as peculiaridades desta materia, que presenta un **dobte carácter académico-investigador e profesional**. Grazas ás iniciativas da coordinación, como as reunións individuais con cada equipo e a elaboración de guías e normas, logrouse corrixir as dificultades que tiña parte do profesorado universitario para orientar ao estudantado na elaboración dun dictame, en lugar dun traballo académico clásico. Segundo o Informe final de Seguimento 2017/2018 da ACSUG (referido ao MUA), o persoal encargado da tutorización do TFM conta coa **idoneidade adecuada**. No curso 2023/2024, observouse que **case a totalidade do estudantado defendeu o seu TFM no semestre correspondente á impartición da materia**.

En relación co TFM, o seu desenvolvemento é normal, sendo superado pola práctica totalidade do estudantado na **primeira convocatoria**, agás casos moi puntuais derivados de motivos laborais ou persoais que poden obrigar a atrasar a defensa un semestre ou, excepcionalmente, un ano; mais trátase de casos excepcionais. No que atinxe á satisfacción coas tutorías, no curso 2019/2020 foi de **4,51**; no curso 2021/2022 acadou un **4,10** (4,80 en Santiago e 3,40 en Lugo); no 2022/2023 situouse en **4,29 en Santiago**; e no curso 2023/2024, chegou a **4,36**.

Satisfacción do PDI coa titorización do TFM (MUA)




6.2.2. Máster Universitario en Estudos Internacionais

A **distribución das titorías dos Traballos de Fin de Máster (TFM)** realízase de maneira **equitativa entre todo o profesorado**, agás no caso do **persoal docente pertencente á área externa**, que **non asume a dirección destes traballos**.

En canto á **tutorización dos TFM**, o **nivel de satisfacción do profesorado no curso 2023/2024** acadou os **3,57 puntos**, o que supón un **descenso de 0,43 puntos** respecto ao curso 2022/2023.

Satisfacción do PDI coa titorización do TFM (MUEI)




A materia **P3171108 - Traballo de Fin de Máster (TFM)** presenta unha **taxa de rendemento inferior á prevista na Memoria de Verificación**, situándose no **51,52%**, así como unha **taxa de avaliación baixa, do 54,55%**. Esta situación reflicte unha **dificultade específica na finalización e defensa do TFM**, que afecta directamente á **taxa de graduación do máster**, á **duración media da titulación** e á **taxa de abandono**.

O **claustro docente do MUESINT** é plenamente consciente desta problemática e puxo en marcha diversas **estratexias para mellorar a situación**, con **resultados variables segundo o curso académico**.

- Durante o curso **2022/2023**, estas estratexias **non conseguiron reverter a situación**, como demostra a baixa taxa de defensa de TFM, con só **11 traballos defendidos**, traducíndose nunha taxa de rendemento e avaliación do **38,38%**, marcando un **punto crítico neste indicador**.
- Non obstante, no curso **2023/2024**, como resultado da implementación dunha acción de mellora, produciuse unha clara **inversión desta tendencia negativa**. Alcanzouse unha **taxa de rendemento do 51,52%** e unha **taxa de avaliación do 54,55%**, con un total de **17 TFM defendidos**, recuperando niveis similares aos rexistrados no curso **2021/2022**.

Evolución taxa de rendemento e taxa de avaliación TFM (MUEI)



A **eficacia destas medidas** queda reflectida no **notable incremento das defensas de traballos**, o que indica que as intervencións dirixidas están a dar **bos froitos**. Por iso, é **fundamental manter e reforzar estas accións**, garantindo que tanto o **estudiantado** como o **persoal docente** estean plenamente **informados e comprometidos** con elas desde o inicio de cada curso.

En conclusión, aínda que a **finalización do TFM segue a ser o principal desafío** para a mellora global do rendemento e da taxa de graduación do máster, as **estratexias implementadas** evidencian un **camión claro cara á solución**. Continuar aplicando e potenciando estas medidas será **clave para consolidar e aumentar o éxito académico** nesta materia crítica.

7. Resultados da aprendizaxe

Os **resultados de aprendizaxe acadados polos egresados dos estudos de Grao e Mestrado adscritos á Facultade de Dereito** son coherentes co **perfil de egreso**, dan cumprimento, en termos xerais, aos

obxectivos do programa formativo e correspóndense, respectivamente, co nivel 2 e 3 do MECES (Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior). En consecuencia, os egresados acadan as competencias básicas, xerais e específicas previstas na Memoria do título.

Unha información máis exhaustiva con relación a cada título, **analizando os resultados das taxas de rendemento, éxito e avaliación por materias**, pódese atopar nos seus correspondentes **autoinformes de seguimento** (dispoñibles en: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-dereito/calidade/documentacion-sgc>).


7.1. Taxa de rendemento

7.1.1. Taxa de rendemento estudos de Grao

Os resultados de aprendizaxe acadados polos egresados dos estudos de Grao adscritos á Facultade de Dereito son coherentes co perfil de egreso, dan cumprimento, en termos xerais, aos obxectivos do programa formativo e correspóndense co nivel 2 do MECES (Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior). En consecuencia, os titulados acadan as competencias básicas, xerais e específicas previstas na Memoria do título.

A taxa de rendemento —isto é, a porcentaxe de créditos superados en relación cos créditos matriculados— acadou no curso 2023/2024 unha media do 76,60 % nos títulos de grao adscritos á Facultade de Dereito, o que confirma a tendencia ascendente iniciada no curso anterior. Aínda que este resultado se sitúa por debaixo da media da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas (81,31 %) e da media da USC (81,65 %), amosa unha evolución positiva no rendemento académico do alumnado e indica un progresivo achegamento aos valores medios institucionais.


Taxa de rendemento media dos estudos de Grao



Por titulacións, a taxa de rendemento no curso 2023/2024 foi a seguinte:

- **No Grao en Dereito**, acadouse no curso 2023/2024 unha taxa de rendemento do 71,87 %, o que supón unha melloría sostida respecto aos cursos anteriores: 2,84 puntos porcentuais máis ca no curso 2021/2022 (69,03 %) e 2,3 puntos máis ca no 2022/2023 (69,57 %). Este incremento, aínda que moderado, confirma unha tendencia positiva no aproveitamento académico do estudantado. O resultado obtido supera a taxa de rendemento prevista na Memoria de Verificación do título (64 %), o que revela unha evolución favorable respecto das expectativas iniciais. Con todo, a taxa segue por debaixo da media da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas (81,31 %) e da media da USC (81,65 %), o que suxire que cómpre continuar implementando medidas de mellora para achegarse a esas referencias de rendemento global.

- **No Dobre Itinerario** en Dereito e Relacións Laborais, a taxa de rendemento foi do **81,14 %**, o que **confirma unha tendencia ascendente e unha consolidación do rendemento académico do alumnado**. Este valor **sitúase practicamente en liña coa media da Área (81,31 %) e coa media da USC (81,65 %)**, o que permite considerar que a **titulación presenta un bo nivel de eficacia académica, en coherencia co sistema universitario galego e cos estándares da institución**.
- **No Grao en Criminoloxía**, acadouse unha **taxa de rendemento do 91,59 %**, o que **evidencia unha evolución claramente ascendente e altamente positiva**. Este resultado **supera amplamente tanto a estimación recollida na Memoria para a Verificación do título (na que se prevía unha taxa superior ao 80 %) como as medias da Área (81,31 %) e da USC (81,65 %)**. Trátase, por tanto, dun **indicador excelente do rendemento académico do alumnado**, que **reflicte a consolidación da titulación e a súa capacidade para motivar e acompañar con éxito o proceso de aprendizaxe**. Esta evolución permite **avaliar moi positivamente a eficacia do Grao**, tanto desde unha perspectiva interna como en comparación cos referentes externos.




7.1.2. Taxa de rendemento estudos de Mestrado

Os **resultados de aprendizaxe** acadados polo **estudiantado egresado dos másteres adscritos á Facultade de Dereito** son **coherentes co perfil de egreso**, **satisfacen, en termos xerais, os obxectivos do programa formativo e correspóndense co nivel 3 do MECES** (Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior). Así, o alumnado titulado **adquire as competencias básicas, xerais e específicas previstas na Memoria da titulación**.

A **taxa de rendemento** —isto é, a porcentaxe de créditos superados en relación cos créditos matriculados— **acadou no curso 2023/2024 unha media do 80,63 % nos títulos de mestrado adscritos á Facultade de Dereito**, o que **supón un incremento de 9,18 puntos porcentuais respecto ao curso anterior**.

Taxa de rendemento media dos estudos de Mestrado



Por titulacións, a taxa de rendemento no curso 2023/2024 foi a seguinte:

- No **Máster Universitario en Avogacía**, a taxa de rendemento amosa unha evolución practicamente estable, con valores que oscilan entre o 99,60 % no curso 2012/2013 e o 98,87 % no curso 2021/2022 (con datos intercampus: 99,18 % en Santiago e 97,31 % en Lugo). Nos últimos cursos, esta taxa foi de 91,29 % en 2023/2024, 95,66 % en 2022/2023, 98,57 % en 2020/2021, 97,84 % en 2019/2020, e entre 98,27 % e 99,54 % nos cursos anteriores. Estes valores sitúanse sistematicamente por riba da media da USC, o que permite afirmar que a taxa de rendemento da titulación permanece próxima ao 100 %. Cómprese ter en conta que, ao partir de porcentaxes tan elevadas, as marxes de mellora son reducidas, polo que a evolución se considera moi satisfactoria, especialmente tendo en conta o número de estudantes implicados no cálculo deste indicador.
- No caso do **Máster Universitario en Estudos Internacionais**, a taxa de rendemento acadou no curso 2023/2024 un 72,10 %, o que representa unha mellora significativa de 6,85 puntos porcentuais respecto ao curso anterior (67,48 %). Este avance reflicte unha tendencia positiva no aproveitamento académico do estudantado e suxire que as medidas adoptadas para fortalecer o rendemento comezan a dar resultados. Aínda que o dato segue lixeiramente por debaixo da taxa estimada na Memoria de Verificación do título (75 %) e das medias da Área (98,65 %) e da USC (98,68 %), o progreso constatado permite anticipar unha evolución favorable se se continúa nesta liña de mellora.
- Polo que respecta ao **Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías**, a taxa de rendemento foi do 78,57 % no curso 2023/2024, o que supón un notable incremento de 26,57 puntos porcentuais respecto ao curso anterior, evidenciando unha melloría destacada no rendemento académico do estudantado desta titulación.

Taxa de rendemento por título de Mestrado




7.2. Taxa de éxito

7.2.1. Taxa de éxito estudos de grao

A taxa de éxito —é dicir, a porcentaxe de créditos superados en relación cos créditos aos que o estudantado se presentou— acadou no curso 2023/2024 unha media do 86,42 % nos estudos de Grao adscritos á Facultade de Dereito, o que supón un incremento de 1,09 puntos porcentuais respecto ao curso anterior e consolida a liña ascendente iniciada previamente. Este resultado sitúa a Facultade nunha posición próxima ás medias da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas (87,63 %) e da USC (88,09 %), o que reflicte unha evolución positiva no rendemento académico do alumnado e unha boa adaptación ás esixencias dos plans de estudo.

Taxa media de éxito dos estudos de grao



Por titulacións, a taxa de éxito no curso 2023/2024 foi a seguinte:

- No Grao en Dereito, acadouse unha taxa de éxito do 83 %, o que supón un lixeiro incremento de 1,44 e 0,86 puntos porcentuais respecto dos valores rexistrados nos cursos 2021/2022 (81,56 %) e 2022/2023 (82,14 %), respectivamente. Este resultado supera a taxa prevista na Memoria de Verificación do título, fixada no 80 % (apartado 8.1). Con todo, continúa por debaixo da media da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas (87,63 %) e da USC (88,09 %).
- No Dobre Itinerario, a taxa de éxito acadou un 90,24 %, o que representa un incremento de 1,94 puntos porcentuais respecto ao curso anterior e consolida a evolución positiva deste indicador nos últimos anos. Este resultado sitúase por riba tanto da media da Área (87,63 %) como da media da USC (88,09 %), reflectindo un alto nivel de rendemento académico do alumnado deste programa.
- No Grao en Criminoloxía, a taxa de éxito alcanzou o 96,02 %, o que supón un incremento de 1,57 puntos porcentuais respecto ao curso anterior. Este valor supera amplamente tanto a estimación recollida na Memoria de Verificación do título (apartado 8.1, onde se prevía unha taxa superior ao 85 %) como as medias da Área (87,63 %) e da USC (88,09 %), o que confirma unha excelente evolución neste indicador.

Taxa de éxito por título de Grao



7.2.2. Taxa de éxito estudos de mestrado

A **taxa media de éxito** —isto é, a porcentaxe de créditos superados respecto dos créditos aos que se presentou o estudantado— nos estudos de **mestrado adscritos á Facultade de Dereito** foi, no curso **2023/2024**, do **97,43 %**, manténdose en valores moi similares aos do curso anterior. Esta taxa sitúase lixeiramente por debaixo da media da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas (98,65 %) e da media da USC (98,68 %), pero continúa a reflectir un elevado nivel de rendemento académico do alumnado de mestrado que confirma a calidade do ensino impartido e o alto nivel de rendemento do estudantado.

Taxa media de éxito nos estudos de mestrado




Por **titulacións**, a taxa de éxito nos mestrados adscritos á Facultade de Dereito no curso **2023/2024** foi o seguinte:

- No caso do **Máster Universitario en Avogacía**, a taxa de éxito mantense nunha franxa moi elevada e estable, entre o 100 % e o 99,48 %. Así, pasouse do 100 % na primeira edición (2012/2013) ao 99,56 % no curso 2023/2024, cunha taxa Intercampus do 99,42 % (99,37 % en Santiago) no curso 2022/2023, e do 99,92 % Intercampus (99,91 % en Santiago e 100 % en Lugo) no curso 2021/2022. En cursos anteriores mantívose tamén en valores moi elevados: 100 %, 99,48 %, 99,90 %, 99,95 %, 99,95 %, 99,69 % e 99,86 %. Estes resultados son claramente superiores á media da USC (98,68 %), e reflicten unha excelente adaptación do alumnado aos contidos e metodoloxías do programa formativo. Así mesmo, o informe sobre a taxa de éxito por materias mostra que esta se sitúa practicamente no 100 % en todas elas, o que evidencia unha aprendizaxe sólida e transversal.
- Polo que respecta ao **Máster Universitario en Estudos Internacionais**, a taxa de éxito foi do 92,72 %, manténdose estable respecto ao curso 2022/2023 e mellorando en 2,17 puntos

porcentuais respecto ao curso 2020/2021. Esta evolución amosa unha progresión positiva sostida no tempo, froito do esforzo conxunto do profesorado e do estudantado por acadar os obxectivos formativos. Aínda que o dato se sitúa lixeiramente por debaixo da media da Área (98,65 %) e da USC (98,68 %), a tendencia actual permite ser optimistas e recomenda manter e reforzar as medidas que están a dar resultado.

- Finalmente, no Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías, a taxa de éxito foi do 100 %, igual que no curso anterior, o que confirma a excelente evolución deste programa e a alta implicación do alumnado e do cadro docente.

Taxa de éxito por título de Mestrado




7.3. Taxa de avaliación

7.3.1. Taxa de avaliación estudos de grao

A taxa media de avaliación —isto é, a porcentaxe resultante da relación entre os créditos aos que o estudantado se presentou e os créditos nos que estaba matriculado— **acadou no curso 2023/2024 un 86,64 %, manténdose na mesma liña que no curso anterior.** A pesar desta estabilidade, a taxa de avaliación nos graos da Facultade de Dereito continúa por debaixo da media da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas (92,79 %) e da media da USC (92,69 %). Este dato evidencia a necesidade de analizar os factores que poden estar incidindo na menor presentación do alumnado ás probas de avaliación, tales como a planificación docente, o seguimento continuo, ou posibles dificultades de conciliación académica.


Taxa media de avaliación nos estudos de grao



Por titulacións, a taxa de avaliación nos graos adscritos á Facultade de Dereito no curso 2023/2024 foi a seguinte:

- **Grao en Dereito:** A taxa situouse no **86,59%**, cun **incremento de 1,96 e 1,89 puntos porcentuais** respecto aos cursos 2021/2022 (84,63 %) e 2022/2023 (85,70 %), respectivamente. **Con todo, continúa por debaixo da media da Área (92,79 %) e da USC (92,69 %).** A mellora mostra un avance positivo, pero a diferenza respecto ás medias indica que se debe seguir traballando para aumentar a participación do estudantado nas avaliacións, buscando incrementar o rendemento e a implicación no proceso formativo.
- **Dobre Itinerario:** A taxa foi do **89,91%**, con un lixeiro descenso respecto ao curso 2022/2023 (91,42%). Esta cifra está **por baixo da media da Área (92,79 %) e da USC (92,69 %).** A pequena baixada sinala unha posible área de risco que require análise. É importante adoptar medidas para recuperar e superar as medias, reforzando o apoio académico e o seguimento do alumnado.
- **Grao en Criminoloxía:** Acadouose unha taxa do **95,39%**, cun **incremento de 3,36 puntos porcentuais respecto ao ano anterior**, mantendo a tendencia ascendente iniciada a partir do curso 2021/2022. Esta taxa está claramente **por riba da media da Área (92,79 %) e da USC (92,69 %).** Estes datos evidencian un rendemento académico excelente e unha alta participación do estudantado nas avaliacións. Reflicte a eficacia das metodoloxías e o compromiso do alumnado, situando esta titulación como un referente positivo dentro da Facultade.

Taxa de avaliación por título de Grao




7.3.2. Taxa de avaliación estudos de mestrado

A taxa media de avaliación nos títulos de máster adscritos á Facultade de Dereito no curso 2023/2024 foi do **82,65 %**, o que supón un **notable incremento de 9,26 puntos porcentuais** respecto ao curso anterior. Con todo, esta cifra **sitúase por debaixo da media da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas (91,83 %) e da media da USC (90,51 %).**

O importante incremento rexistrado respecto ao curso anterior evidencia unha **mellora significativa na participación do estudantado nos procesos de avaliación**, probablemente asociada a unha maior estabilidade organizativa e melloras na planificación docente. Con todo, a diferenza existente en relación coas medias da Área e da USC suxire que **aínda queda marxe para seguir avanzando**, especialmente mediante medidas orientadas a mellorar o seguimento do alumnado, a orientación académica e a

adaptación metodolóxica dos másteres. A evolución é claramente positiva, pero cómpre consolidala e reforzala nos vindeiros cursos.


Taxa media de avaliación estudos de mestrado



Por titulacións, a **taxa de avaliación nos mestrados adscritos á Facultade de Dereito** no curso **2023/2024** foi a seguinte:

- **No caso do Máster Universitario en Avogacía**, a taxa de avaliación foi do **91,62 % (campus de Santiago)**, unha lixeira diminución respecto aos cursos anteriores: **94 % en 2022/2023**, **99,27 % en 2021/2022**, **98,57 % en 2020/2021** e **98,35 % en 2019/2020**. En anos anteriores, tamén se situou en valores moi elevados: **98,59 %**, **98,32 %**, **99,38 %** e **99,86 %**. Aínda que a **taxa continúa por riba da media da USC (90,51 %)**, neste curso **sitúase lixeiramente por debaixo da media da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas (91,83 %)**, o que invita a facer un seguimento atento da evolución desta tendencia.
- **No Máster Universitario en Estudos Internacionais**, a taxa de avaliación acadou o **77,75 %**, o que representa **un incremento significativo de 5,04 puntos porcentuais respecto ao curso anterior**. Este avance evidencia **un maior grao de implicación do estudantado no proceso avaliador** e suxire **unha tendencia positiva cara a unha participación máis activa na súa formación**. Aínda que o valor segue **por debaixo da media da Área (91,83 %) e da USC (90,51 %)**, a **progresión rexistrada é alentadora e amosa o impacto positivo das medidas adoptadas para fomentar a asistencia e a presentación ás convocatorias de avaliación**. De manterse esta evolución, será posible **achegarse progresivamente aos estándares desexables**.
- **No Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais**, a taxa de avaliación foi do **78,57 %**, o que supón **un incremento moi relevante de 26,57 puntos porcentuais respecto ao curso anterior**. A pesar deste avance notable, o valor **aínda se sitúa por debaixo da media da Área (91,83 %) e da USC (90,51 %)**, polo que cómpre consolidar esta mellora nos próximos cursos e afondar nas accións de motivación e seguimento académico do alumnado.

Taxa de avaliación estudos de mestrado



8. Queixas, suxestións e reclamación

Na intranet da páxina web de Dereito habilitouse unha caixa de “Suxerencias, queixas e parabéns”: <https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-dereito>, como un dos cauces específicos para que os distintos grupos de interés poidesen aportar as súas suxerencias de mellora, as súas queixas ou, no seu casos, os parabéns por accións acometidas.

As **suxestións e reclamacións** foron xestionadas de acordo co establecido nos procedementos vixentes. O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade inclúe mecanismos específicos para a recepción, atención e resposta destas achegas. Calquera membro da comunidade universitaria implicado na titulación —estudantado, PDI e PTXAS— pode formular propostas, suxestións ou reclamacións a través da coordinación do Grao, da Comisión de Docencia e Calidade ou mediante o buzón de suxestións e queixas habilitado na páxina web da Facultade.

Conforme ao **Informe sobre os recursos administrativos e reclamacións** rexistrados na Oficina de Análise de Reclamacións (OAR), durante o curso 2023/2024 presentáronse **5 reclamacións, queixas e suxerencias** (que tiveron por obxecto o recoñecemento de estudos (2), bolsas e axudas (1), docencia (1) e datos persoais (1), sendo desestimadas 2 e arquivadas outras 2.

Reclamacións, queixas e suxerencias

Reconocimiento de estudios	2	Desestimadas
Bolsas e axudas	1	Arquivada
Docencia	1	Desestimada
Datos Persoais	1	Arquivada

Asimesmo, formuláronse **5 recursos** (3 de reposición e 2 de alzada), sendo tan so 1 deles estimado.

Recursos

Validacións	1	Desestimado
Modificación matrícula	1	Desestimado
Outros	1	Estimado
Dispensa de asistencia a clase	1	Desistido
Cambios de grupo	1	Desestimado

Trátase dunha cifra de reclamacións, queixas e suxerencias moi baixa, considerando o número de estudantes do título (947 no curso 2023/2024 Grao en Dereito e Dobre Itinerario).

En canto ao MUA, os datos correspondentes ao curso **2023/2024** (Memoria da **OAR**) amosan a presentación dunicamente dun **recurso potestativo de reposición** relativo a unha cuestión de **modificación de matrícula**, que foi **desestimado**; e dunha **queixa dun estudante de nacionalidade cubana**, admitido na titulación **sen cumprir o requisito de homologación de estudos estranxeiros**, que foi **estimada**. En todo caso, trátase dunha **cifra moi baixa de reclamacións, queixas e suxestións**, tendo en conta o **volumen de estudantado da titulación**.

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

9. Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - a. Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - b. Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - c. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
 - d. Formación do profesorado e mobilidade.
 - e. Actividade investigadora.
 - f. Detección de necesidades de persoal académico.
10. Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - a. Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - b. Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - c. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
 - d. Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1. Perfil do PDI

1.1. PDI en función da categoría

1.1.1. Estudos de Grao


1.1.1.1. Grao en Dereito e Dobre Itinerario en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos

O persoal docente e investigador (PDI) que imparte docencia no **Grao en Dereito** está composto polos seguintes perfís:

- **Catedrático/a de Universidade:** 29 (28,43 %)
- **Titular de Universidade:** 33 (32,35 %)
- **Profesor/a Contratado/a Doutor:** 11 (10,78 %)
- **Profesor/a Axudante Doutor:** 6 (5,88 %)
- **Profesor/a Interino:** 7 (6,86 %)
- **Profesor/a Asociado:** 5 (4,9 %)
- **Profesor/a Lector/a:** 2 (1,96 %)

En total, o número de PDI que imparte docencia no Grao en Dereito é de **102 persoas**.

Categoría PDI do Grao en Dereito



O persoal docente e investigador do Grao en Dereito conta cun total de 236 sexenios de investigación recoñecidos, dato que reflicte a súa sólida traxectoria e elevada produtividade científica. No curso **2023/2024**, acumulaba ademais 364 quinquenios de docencia, o que amosa a súa ampla experiencia e compromiso coa calidade académica.


1.1.1.2. Grao en Criminoloxía

O persoal docente e investigador (PDI) que imparte docencia no **Grao en Criminoloxía** está composto polos seguintes perfís:

- **Catedrático/a de Universidade:** 14 (21,88%)
- **Titular de Universidade:** 17 (26,56%)
- **Profesor/a Contratado/a Doutor:** 7 (10,94%)
- **Profesor/a Axudante Doutor:** 10 (15,62%)
- **Profesor/a Interino:** 4 (6,25%)
- **Profesor/a Asociado:** 6 (9,38%)
- **Posdoutoral:** 1 (1,56%)
- **Predoutoral:** 5 (7,81%)

En total, o número de PDI que imparte docencia no Grao en Dereito é de **64 persoas**.

Categoría PDI do Grao en Criminoloxía



O persoal docente e investigador do Grao en Criminoloxía conta cun total de **117 sexenios de investigación recoñecidos**, dato que reflicte a súa **sólida traxectoria e elevada produtividade científica**. No curso **2023/2024**, acumulaba ademais **192 quinquenios de docencia**, o que amosa a súa **ampla experiencia e compromiso coa calidade académica**.

1.1.2. Estudos de Mestrado


1.1.2.1. Máster Universitario en Avogacía

O persoal docente e investigador (PDI) que imparte docencia no **Máster Universitario en Avogacía** está composto polos seguintes perfís:

- **Catedráticos/as de Universidade:** 3 (4,84%)
- **Titulares de Universidade:** 7 (11,29%)
- **Profesores/as Contratados/as Doutores/as:** 6 (9,68%)
- **Profesores/as Axudantes Doutores/as:** 1 (1,61%)
- **Profesores/as Interinos/as:** 1 (1,61%)
- **Profesionais externos/as:** 43 (69,35%)

En total, o número de PDI que imparte docencia no **MUA** é de **62 persoas**.

Categoría PDI do MUA



O persoal docente e investigador do **Máster Universitario en Avogacía** conta cun total de **40**


sexenios de investigación recoñecidos. No curso **2023/2024**, acumulaba ademais **65 quinquenios de docencia**.

1.1.2.2. Máster Universitario en Estudos Internacionais

O persoal docente e investigador (PDI) que imparte docencia no **Máster Universitario en Estudos Internacionais** está composto polos seguintes perfís:

- **Catedráticos/as de Universidade:** 3 (20 %)
- **Titulares de Universidade:** 5 (33,33 %)
- **Profesores/as Contratados/as Doutores/as:** 1 (6,67 %)
- **Profesores/as Axudantes Doutores/as:** 3 (20 %)
- **Profesores/as Interinos/as:** 1 (6,67 %)
- **Profesionais externos/as:** 2 (13,33 %)
- **Profesores/as Lectores/as:** 2 (1,96 %)

En total, o número de PDI que imparte docencia no MUEI é de **17 persoas**.



O persoal docente e investigador do **Máster Universitario en Estudos Internacionais** conta cun total de **42 sexenios de investigación recoñecidos**. No curso **2023/2024**, acumulaba ademais **72 quinquenios de docencia**.


1.1.2.3. Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais

O persoal docente e investigador (PDI) da Universidade de Santiago de Compostela que imparte docencia no **Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais** está composto polos seguintes perfís:

- **Catedráticos/as de Universidade:** 3 (75 %)
- **Profesores/as Contratados/as Doutores/as:** 1 (25 %)

En total, o número de PDI da USC que imparte docencia no MUDTETD é de **4 persoas**.

Categoría PDI da USC MUDTETD



O persoal docente e investigador do Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e da Tecnoloxía Dixital conta cun total de **15 sexenios de investigación recoñecidos**. No curso 2022/2023, acumulaba ademais **18 quinquenios de docencia**.

1.2. PDI con sexenios sobre PDI total


1.2.1. PDI con sexenios sobre PDI total: estudos de grao

No curso 2023/2024, o **93,81 %** do profesorado que imparte docencia nos estudos de grao adscritos á Facultade de Dereito conta con sexenios de investigación recoñecidos, o que supón **un lixeiro incremento respecto aos cursos anteriores** (1,44 puntos porcentuais en relación co curso 2022/2023 (92,37 %) e 1,88 puntos en comparación co 2021/2022).

Esta porcentaxe supera amplamente a media da USC, situada no **86,46 %**, e mantense por riba do **90 %** desde o curso 2020/2021, o que reflicte **un elevado nivel de traxectoria investigadora do cadro docente** da Facultade de Dereito.


Estes datos poñen de manifesto **a consolidación dunha masa crítica de profesorado cunha actividade investigadora recoñecida**, que repercute positivamente na calidade da docencia, especialmente nos graos. A estabilidade da porcentaxe por riba do 90 % nos últimos anos, así como a progresiva tendencia ascendente, evidencian **un compromiso sostido coa excelencia académica e coa actualización científica do persoal docente**. Esta fortaleza posiciona á Facultade nun lugar destacado dentro da USC e constitúe un activo clave para a mellora continua da formación do estudantado.

Porcentaxe media do PDI con sexenios sobre PDI total nos estudos de grao



Centrándonos nos datos das titulacións concretas, cómpre destacar o seguinte:

- No **Grao en Dereito**, o **97,30 %** do PDI conta con sexenios de investigación recoñecidos, o que supón un lixeiro incremento de **0,38 puntos porcentuais** respecto ao curso anterior (**96,92 %**), e consolida a **tendencia positiva** mantida desde o curso **2019/2020**, período no que esta porcentaxe non descendeu do 95 %. Este dato **supera amplamente a media da USC (86,46 %)**, situando ao Grao nunha **posición destacada no contexto universitario**, tanto en termos de **producción científica** como de **transferencia do coñecemento**.
- No caso do **Dobre Itinerario**, a porcentaxe de PDI con sexenios recoñecidos foi do **94,12 %**, o que representa un **incremento de 1,71 puntos porcentuais** respecto ao curso **2022/2023** e confirma a **continuidade dunha tendencia ascendente iniciada no curso 2020/2021**. Esta cifra **sitúase tamén claramente por riba da media da USC (86,46 %)**, evidenciando un **alto nivel de actividade investigadora** entre o profesorado que participa neste programa.
- Finalmente, no **Grao en Criminoloxía**, a porcentaxe de profesorado con sexenios recoñecidos ascendeu ao **90 %**, o que supón un **aumento de 2,2 puntos porcentuais** respecto ao curso anterior. A pesar de tratarse dunha titulación máis recente, este dato **sitúase igualmente por riba da media da USC**, reflectindo un **perfil docente crecente en termos de capacidade investigadora e implicación académica**.



1.2.2. PDI con sexenios sobre PDI total: estudos de mestrado

No curso 2023/2024, o **100 %** do profesorado que imparte docencia nos estudos de mestrado adscritos á **Facultade de Dereito** conta con sexenios de investigación recoñecidos, mantendo así a excelente dinámica xa constatada nos dous cursos anteriores. Esta cifra é **notablemente superior á media da USC (91,06 %)** e á da **Área de Ciencias Sociais e Xurídicas (85,28 %)**, o que pon de manifesto o **alto nivel de cualificación investigadora** do **cadro docente dos programas de posgrao da Facultade**.

Centrándonos nos datos das titulacións concretas, cómpre salientar o seguinte:

- No **Máster Universitario en Avogacía**, a porcentaxe de PDI con sexenios recoñecidos mantense entre o **62,50 %** e o **100 %** ao longo dos últimos cursos. Nos anos **2023/2024**, **2022/2023** e **2021/2022**, acádase o **100 %**, o que reflicte unha **sólida cualificación docente** e

investigadora, así como unha evolución positiva na traxectoria científica do profesorado. Este valor está moi por riba da media da USC (91,06 %) e da área de Ciencias Sociais e Xurídicas (85,28 %).


- No caso do **Máster Universitario en Estudos Internacionais**, no curso **2023/2024**, a **totalidade do profesorado (100 %)** conta cun mínimo dun sexenio de investigación recoñecido, dato que se mantén invariable desde o curso **2019/2020 (IN24C)**. Esta estabilidade pon de manifesto un elevado nivel de excelencia académica, superando tamén as medias institucionais e de área.
- Polo que atinxe ao **Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e as Tecnoloxías Dixitais**, nos dous cursos desde a súa implantación, o **100 % do PDI** dispón de sexenios recoñecidos, o que constitúe un indicador claro da calidade e do potencial investigador dun programa novo cun cadro docente altamente cualificado.



1.3. PDI doutor sobre PDI total

1.3.1. PDI doutor sobre PDI total: estudos de grao


A **taxa media de PDI doutor** sobre o total do profesorado que imparte docencia nos **títulos de Grao** adscritos á **Facultade de Dereito** acadou no curso **2023/2024 o 84,40 %**, o que supón un **incremento de 2,69 puntos porcentuais** respecto ao curso anterior. Esta porcentaxe sitúase **por riba da media da USC (83,26 %)**, o que evidencia o **elevado nivel de cualificación académica do cadro docente** da Facultade.



Por titulacións de grao, cómpre salientar os seguintes datos:

- No caso do **Grao en Dereito**, o **84,54 % do profesorado é doutor**, o que supón un incremento de **1,21 puntos porcentuais** respecto ao curso anterior (83,33 %) e sitúase **por riba da media da USC (83,26 %)**. Este dato **evidencia un cadro docente cunha elevada cualificación académica**, fundamental para **garantir a calidade da docencia e un adecuado acompañamento investigador ao estudantado**.
- En relación co **Dobre Itinerario**, a porcentaxe de profesorado doutor foi do **80,31 %**, o que implica un **incremento de 2,89 puntos porcentuais** respecto ao curso 2022/2023. Aínda que lixeiramente inferior á media da USC, o dato mantense **moi próximo á referencia xeral (83,26 %)**.
- No que atinxe ao **Grao en Criminoloxía**, a porcentaxe de profesorado doutor acadou o **88 %**, o que representa un **notable incremento de 3,62 puntos porcentuais** respecto ao curso anterior e sitúase **claramente por enriba da media da USC**. Este resultado **reforza a calidade e o prestixio da titulación**, consolidando o seu compromiso coa excelencia académica.

PDI doutor sobre o total de PDI título de grao



1.3.2. PDI doutor sobre PDI total: estudos de mestrado

A **taxa media de PDI doutor** sobre o total do profesorado que imparte docencia nos **títulos de mestrado adscritos á Facultade de Dereito** acadou no curso **2023/2024 o 97,62 %**, mantendo así os excelentes resultados do curso anterior. Esta cifra **supera amplamente a media da USC (90,78 %) e a media da área de Ciencias Sociais e Xurídicas (81,84 %)**, o que **evidencia o elevado nivel de cualificación académica e investigadora do cadro docente** encargado da formación de posgrao na Facultade.


Porcentaxe media PDI doutor sobre PDI total estudos de mestrado



Por titulacións de mestrado, cómpre salientar os seguintes datos:

- No caso do **Máster Universitario en Avogacía (MUA)**, a porcentaxe de **PDI doutor sobre o total do profesorado** experimentou unha evolución progresivamente positiva, situándose nos cursos 2021/2022 e 2022/2023 nun 95,24 %, e acadando o 100 % no curso 2023/2024. Este dato **evidencia un nivel máximo de cualificación do profesorado**, o que resulta fundamental para unha formación profesional de calidade.
- No **Máster Universitario en Estudos Internacionais**, o 92,86 % do profesorado é doutor/a, superando tanto a **media da USC (90,78 %)** como a **da área de coñecemento (81,84 %)**. Este indicador **reforza o prestixio académico do mestrado** e garante un corpo docente altamente especializado nun ámbito marcadamente interdisciplinar.
- No **Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais**, a **totalidade do profesorado é doutor** dende a súa implantación, mantendo así un **nivel de excelencia constante** e reafirmando o seu compromiso cunha formación avanzada e rigorosa.

PDI doutor sobre PDI total título de mestrado




1.4. PDI funcionario sobre PDI total

1.4.1. PDI funcionario sobre PDI total: estudos de grao

A presenza de **profesorado funcionario** nos títulos de grao adscritos á Facultade de Dereito acadou no curso 2023/2024 unha media do **59,62 %**, o que **reflicte unha estrutura docente estable e consolidada**. Esta porcentaxe supón unha **mellora respecto ao curso anterior (57,08 %)**, cun incremento de **2,54 puntos porcentuais**, e **sitúase claramente por riba da media da USC (52,80 %)** nos cinco cursos académicos analizados.

Este dato pon de manifesto un **cadro docente cunha vinculación institucional sólida**, elemento que resulta **clave para garantir a continuidade da docencia, a planificación estratéxica do título e o reforzo da súa identidade académica**. A estabilidade que achega o profesorado funcionario **contribúe directamente á calidade da formación e á proxección a medio e longo prazo dos estudos xurídicos da Facultade**.

Porcentaxe media PDI funcionario sobre PDI total estudos de grao




Por titulacións de grao, cómpre salientar os seguintes indicadores relacionados coa presenza de PDI funcionario, que reflicten unha estrutura docente consolidada e unha tendencia positiva:

- No caso do **Grao en Dereito**, a porcentaxe de PDI funcionario sobre o total acadou no curso 2023/2024 o **64,95 %**, o que **evidencia unha estrutura estable e consolidada**. Esta cifra supón **un incremento de 1,62 puntos porcentuais respecto ao curso anterior (63,33 %)** e **sitúase claramente por riba da media da USC (52,80 %)**, reforzando así o compromiso coa estabilidade e a calidade do cadro docente.
- No **Dobre Itinerario**, a porcentaxe foi do **55,91 %**, o que representa **un incremento de 2,68 puntos porcentuais respecto ao curso anterior**. Este dato **sitúase tamén por riba da media da USC (52,80 %)**, o que resulta significativo tendo en conta a complexidade organizativa desta titulación.
- En canto ao **Grao en Criminoloxía**, a porcentaxe de PDI funcionario acadou o **56,67 %**, cun **incremento de 1,98 puntos porcentuais respecto ao curso 2022/2023**, superando igualmente a media da USC (52,80 %).

Estes datos confirman unha **tendencia positiva na consolidación do profesorado funcionario nas titulacións da Facultade de Dereito**, o que repercute directamente na **calidade, continuidade e planificación estratéxica da docencia**, así como na **fortalecemento institucional dos estudos ofrecidos**.

PDI funcionario sobre PDI total títulos de grao



1.4.2. PDI funcionario sobre PDI total: estudos de mestrado

A porcentaxe media de PDI funcionario nos estudos de mestrado adscritos á Facultade de Dereito acadou no curso 2023/2024 o **88,09 %**, o que supón un **incremento notable de 9,88 puntos porcentuais respecto ao curso anterior**. Este valor resulta **significativamente superior á media da USC (47,29 %)** e á da área de coñecemento correspondente (**32,57 %**), situando á Facultade como referente en estabilidade e consolidación do cadro docente nos estudos de posgrao.

Porcentaxe media PDI funcionario sobre PDI total estudos de mestrado




Por titulacións de mestrado, cómpre salientar os seguintes datos:

- No **Máster Universitario en Avogacía**, a porcentaxe de **PDI funcionario sobre o total de PDI** oscilou entre o **40 % e o 63 % nos últimos cursos**, evidenciándose unha **tendencia progresiva e favorable ao incremento desta categoría**, ata acadar o **100 % no curso 2023/2024**.
- No caso do **Máster Universitario en Estudos Internacionais**, o **64,29 % do profesorado é persoal funcionario**.
- No **Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais**, a **porcentaxe de PDI funcionario foi do 100 % nos dous cursos académicos desde a súa implantación**, o que confirma unha **aposta decidida pola excelencia e continuidade institucional do profesorado**.

Todos estes mestrados presentan porcentaxes de PDI funcionario claramente por riba da media da Área (**32,57 %**) e da USC (**47,29 %**), o que reflicte a **solidez e estabilidade do seu cadro docente**.

PDI funcionario sobre PDI total títulos de mestrado



2. Plan de Formación e Innovación Docente (PFID): participación do PDI

A Universidade de Santiago de Compostela ofrece, a través do **Plan de Formación e Innovación Docente (PFID)**, diversas oportunidades de formación para o profesorado, entre elas cursos específicos dirixidos aos docentes do Grao en Dereito.

Dispoñible

en:

<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/formacion/pfid/programacion>.


Diante das múltiples posibilidades que ofrecen as **novas tecnoloxías** e a **intelixencia artificial** para transformar a docencia, faise **imprescindible intensificar a formación do profesorado en novas metodoloxías docentes**. Esta formación non só permite **manterse ao día coas ferramentas e técnicas máis innovadoras**, senón que tamén contribúe a **adaptar a ensinanza ás necesidades e hábitos actuais do alumnado**, mellorando a súa participación e aprendizaxe.

En definitiva, **apostar pola actualización constante mediante cursos de formación e innovación docente é clave para garantir unha educación de calidade e eficaz nun contexto educativo en continuo cambio**.

2.1. Participación do PDI no PFID: estudos de grao

A porcentaxe media de participación do PDI que imparte docencia nos estudos de Grao adscritos á Facultade no Plan de Formación e Innovación Docente foi, no curso **2023/2024**, do **29,36 %**, o que supón un **incremento de 13,12 puntos porcentuais** respecto ao curso anterior. Trátase da **segunda porcentaxe máis elevada dos últimos catro cursos académicos**, o que evidencia un **crecemento significativo no compromiso do profesorado coa mellora continua da calidade docente**.

Porcentaxe media de participación do PDI no PFID estudos de grao




Por **titulacións**, cómpre salientar os seguintes datos:

- No curso **2023/2024**, o **25,96 %** do PDI adscrito ao Grao en Dereito participou nalgunha actividade formativa, o que supón un **incremento significativo** respecto ao **16 % rexistrado no curso 2022/2023**.
- No caso do **Dobre Itinerario**, a porcentaxe de participación foi do **28,80 %**, cun **aumento de 12,97 puntos porcentuais** respecto ao curso anterior.
- En canto ao **Grao en Criminoloxía**, a participación alcanzou o **33,33 %**, o que representa un **incremento de 16,43 puntos porcentuais**, sendo a **máis elevada das tres titulacións**.

Estes datos evidencian **unha tendencia crecente e positiva na implicación do profesorado nas actividades de formación e innovación docente**, clave para a mellora continua da calidade educativa.

Participación do PDI no PFID títulos de grao




2.2. Participación do PDI no PFID: estudos de mestrado

A porcentaxe media de participación do PDI que imparte docencia nos estudos de Mestrado adscritos á Facultade no Plan de Formación e Innovación Docente foi, no curso 2023/2024, do 18,47 %.

Por titulacións, cómpre salientar os seguintes datos:

- No caso do **Máster Universitario en Avogacía**, a porcentaxe de profesorado universitario que participou en accións formativas foi do 16,67 % no curso 2023/2024, fronte ao 4,17 % no curso 2022/2023 e ao 30,43 % no curso 2021/2022. Nos cursos anteriores, a participación foi aínda máis destacada: case o 50 % no curso 2019/2020 e superou o 50 % no curso 2020/2021. Estes valores son superiores aos rexistrados nas restantes titulacións de grao e mestrado da Facultade, agás no curso 2022/2023.
- No **Máster Universitario en Estudos Internacionais**, no curso 2023/2024 o 18,75 % do PDI adscrito participou nalguna das actividades formativas do Plan de Formación e Innovación Docente (PFID), o que supón un incremento de 4,46 puntos porcentuais respecto ao curso anterior. Desde o curso 2021/2022, obsérvase unha tendencia ascendente na participación do profesorado en actividades de formación, superando os niveis previos á pandemia.
- No que atinxe ao **Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais**, a porcentaxe de participación do profesorado en accións formativas foi do 20 % no curso 2023/2024.

Participación do PDI no PFID títulos de mestrado




3. Programas de mobilidade: participación do PDI

Á marxe doutros programas de mobilidade (convocatorias estatais e europeas), **o profesorado da Facultade participa activamente nos programas de mobilidade xestionados pola USC**, como Erasmus Docente ou os **convenios bilaterais**, seguindo os **calendarios e convocatorias oficiais establecidos pola propia Universidade** no seu portal da Área Internacional: <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/internacional>.

3.1. Participación do PDI nos programas de mobilidade: estudos de grao

A **porcentaxe media de participación do PDI que imparte docencia nos estudos de Grao adscritos á Facultade de Dereito** foi, no curso **2023/2024**, do **6,95 %**, o que **supón un incremento de 3,08 puntos porcentuais respecto ao curso anterior**. Este dato reflicte unha **tendencia positiva cara a unha maior implicación do profesorado** nas actividades de mobilidade académica, aspecto clave para fortalecer a dimensión internacional da docencia.

Porcentaxe media participación do PDI nos programas de mobilidade estudos de grao




A **porcentaxe de PDI do Grao en Dereito que participou en programas de mobilidade**, sobre o total do profesorado do título, foi do **10,78 %**, o que **supón un incremento de 8,74 puntos porcentuais respecto ao curso anterior**.

No caso do **Grao en Criminoloxía**, esta porcentaxe situouse no **3,12 %**, **prolongando a tendencia descendente observada xa no curso 2022/2023**. A este respecto, indicábase no **Informe final de avaliación da renovación da acreditación emitido pola ACSUG o 4 de novembro de 2024**, o seguinte:

“Respecto a la movilidad internacional, el profesorado participa escasamente en los diversos programas de movilidad gestionados por la Universidad de Santiago con calendarios y convocatorias oficiales. En el curso 2022/23, el porcentaje de profesores del Grado que participó en programas de movilidad (sobre el total de profesores del título) fue únicamente de un 5,71%, algo inferior al 8.33% del curso 2021/22, si bien por encima del 1.64% del curso 2020/21”.

Participación do PDI nos programas de mobilidade estudos de grao




3.2. Participación do PDI nos programas de mobilidade: estudos de mestrado

No **Máster Universitario en Avogacía (MUA)**, a **participación do PDI en programas de mobilidade** acadou no curso **2023/2024 o 8,06 %**, o que **supón un incremento de 6 puntos porcentuais** respecto ao curso anterior. Este dato reflicte unha **evolución positiva** cara á internacionalización do profesorado neste mestrado.

No caso do **Máster Universitario en Estudos Internacionais**, a porcentaxe de participación do PDI foi do **6,67 %**, o que **implica un lixeiro descenso de 1,02 puntos porcentuais** respecto ao curso 2022/2023. A pesar desta baixada, mantense un **nivel estable de mobilidade**, que cómpre consolidar nos vindeiros cursos.

Pola súa parte, no **Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais**, a participación do profesorado en programas de mobilidade foi do **25 %**, un **dato moi destacado** que sitúa este mestrado como un referente na **proxección internacional do PDI**.

Participación do PDI nos programas de mobilidade estudos de mestrado



4. Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizo (PTXAS)

4.1. Perfil PTXAS

A USC conta con servizos centralizados de Xestión Académica, entre os que se atopa a **Unidade de Xestión de Centro e Departamentos**, encargada de **coordinar toda a actividade administrativa** derivada da xestión académica, económica e de recursos humanos do centro. Esta unidade tamén presta **apoio fundamental ás autoridades académicas na planificación e programación docente**.

Dentro desta estrutura enmárcanse os **servizos de administración e xestión propios da Facultade de Dereito**.

Cómpre sinalar que, ao persoal adscrito a esta unidade na Facultade, **debe engadirse o persoal de apoio presente no centro**, aínda que **non preste servizos directos a ningunha das titulacións oficiais adscritas á Facultade de Dereito**, como sucede no caso do Técnico Superior de Información do CEDE.

Persoal adscrito á Unidade de Xestión de Centro e Departamentos da Facultade de Dereito

Nº de efectivos	Denominación do posto
1	Responsable da Unidade
1	Responsable de Asuntos Económicos
1	Secretaría de Decanato
2	Secretaría de Departamentos
1	Posto base da Unidade
1	Responsable do Punto de Atención, Información e Servizos
3	Postos base do Punto de Atención, Información e Servizos

Outro persoal de apoio Facultade de Dereito

Nº de efectivos	Denominación do posto
1	Negociado Instituto de Criminoloxía
1	Técnico Superior de Información CEDE
1	Negociado Facultade Dereito


Todo o **PTXAS conta co nivel de cualificación esixido**, cumprindo así cos requisitos establecidos para o desempeño das súas funcións. **Cómpre subliñar**, non obstante, que **o proceso de selección do persoal de administración e servizos, así como o seu destino, non é competencia do Centro**, polo que **non procede valorar directamente a súa contratación ou mellora**, máis aló de reiterar a **necesidade de dotar a Unidade de Xestión do persoal suficiente para facer fronte á súa elevada carga de traballo**.

Segundo o documento “**E-16 Información sobre o persoal de apoio – Facultade de Dereito**”, o centro conta con **13 persoas do PTXAS**, repartidas entre o persoal adscrito á Unidade de Xestión e outro persoal de apoio do centro. **Delas, só 7 teñen unha experiencia superior aos 6 anos no seu posto**, o que incide na **necesidade de consolidación e continuidade no cadro de persoal**.

4.2. Participación do PTXAS nos plans de formación

A Universidade de Santiago de Compostela ofrece **oportunidades formativas ao PAS**, favorecendo a súa actualización profesional. No curso académico 2023/2024, **o 53,85 % do PTXAS adscrito á Facultade de Dereito realizou algún curso de formación**, mantendo a mesma porcentaxe que no curso anterior. **Aínda que este nivel de participación é aceptable**, resulta **notablemente inferior ao rexistrado no curso 2019/2020**, cando acadou o **83,33 %**.

Porcentaxe de participación do PTXAS nos plans de formación



En canto á valoración destas accións formativas, a **media de satisfacción global do PTXAS foi de 7,98 puntos**, un dato que **reflicte unha percepción positiva da oferta formativa dispoñible**.


4.3. Satisfacción do PTXAS co seu traballo

O **PTXAS da Facultade de Dereito amosa un alto nivel de satisfacción co seu traballo**, cunha puntuación media de **4,04 sobre 5**, o que **supón un incremento notable respecto ao curso anterior**, no que a valoración se situaba en **3,67 puntos sobre 5**.

Os ítems nos que se **detecta unha menor satisfacción** son os referidos ás **condicións laborais** —como o **salario, os horarios ou a organización do traballo**— e ás **condicións do posto de traballo**, ambos cunha puntuación de **3,88 sobre 5**, así como o **sistema de reparto de cargas de traballo**, cunha valoración de **3,93 sobre 5**.

Estes datos evidencian **un clima laboral xeralmente positivo**, pero tamén **poñen de relevo áreas susceptibles de mellora**, especialmente en materia de organización e benestar laboral.

Satisfacción do PTXAS co seu traballo



4.4. Detección de necesidades PTXAS

4.4.1. Máster Universitario en Avogacía

No **Informe de Seguimento do Máster Universitario en Avogacía (MUA)** correspondente ao curso **2023/2024** constátase que **o apoio administrativo directo ao título é asumido, na práctica, pola Xefatura de Negociado da EPX (posto unipersoal) e pola persoa de apoio administrativo dependente do ICA Santiago. Este equipo resulta claramente insuficiente** para atender o conxunto de tarefas de xestión académica, administrativa e de apoio á coordinación, atopándose na actualidade **totalmente desbordado**, especialmente desde **abril de 2024**, data na que **o posto de Xefatura de Negociado da EPX quedou sen cubrir**, malia o esforzo e compromiso que amosa o persoal en activo.

Se a situación descrita xa evidencia **a precariedade en materia de recursos humanos**, debe destacarse que **entre maio e novembro de 2023 e, novamente, desde mediados de abril de 2024 ata a actualidade, a situación agravouse notablemente debido á falta do apoio directo que viña prestando, de forma interina, a persoa que ocupaba a Xefatura de Negociado da EPX.**

As **solucións improvisadas pola USC**, consistentes en **delegar as funcións de apoio na Unidade de Xestión a Centro e Departamentos da Facultade**, non resultaron satisfactorias por diversos motivos: principalmente, **insuficiencia de persoal (varios postos sen cubrir) e sobrecarga de traballo coas súas propias funcións habituais. As consecuencias da situación descrita están a afectar negativamente ás labores de coordinación e xestión do máster.**

En conclusión, tanto **as horas asignadas á coordinación académica como o persoal de apoio dispoñible resultan claramente insuficientes** para atender axeitadamente as esixencias de carácter académico, administrativo e organizativo do Máster. **A propia ACSUG xa recollía esta necesidade de reforzo no Informe final de Seguimento 2017/2018, recomendando a dotación de máis persoal de apoio para a xestión ordinaria do Máster, recomendación que reiterou no Informe final de Avaliación para a Renovación da Acreditación (2020).**

4.4.2. Máster Universitario en Estudos Internacionais

No **Autoinforme de renovación da acreditación do Máster Universitario en Estudos Internacionais**, correspondente ao curso **2023/2024**, sinalouse expresamente que os títulos oficiais de máster adscritos á Facultade de Dereito non contan con persoal administrativo específico asignado, coa única excepción do Máster Universitario en Avogacía e Procura, dada a súa configuración histórica como **Escola de Práctica Xurídica** e en virtude do convenio subscrito co **Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela**.

Esta carencia representa a principal dificultade para a xestión ordinaria destes programas, xa que a ausencia de persoal de apoio administrativo recae directamente sobre a figura da persoa coordinadora, quen se ve obrigada a asumir en solitario a práctica totalidade das tarefas académicas e administrativas vinculadas á titulación.

Resulta imprescindible que todas as titulacións oficiais da USC, incluídos os másteres, conten co respaldo administrativo necesario para garantir unha xestión e seguimento adecuados dos aspectos relativos á calidade do título, en condicións equiparables ás que se proporcionan aos estudos de Grao.

Trátase dunha reivindicación reiterada desde o inicio da impartición do Máster, hai xa quince anos, que, porén, continúa sen recibir a atención necesaria por parte da Universidade.

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

11. Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - a. Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - b. Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - c. Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencia e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - d. Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
12. Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
13. Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
14. Os programas de acollida e apoio ao alumnado oríéntano no funcionamento da institución.
15. No caso de que os títulos contemplen a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
16. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1. CALIDADE NOS RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

1.1. Instalacións da Facultade de Dereito

As instalacións da Facultade de Dereito son compartidas polas titulacións adscritas ao centro (Grao en Dereito, Grao en Criminoloxía, Mestrado Universitario en Avogacía e Procura, Mestrado Universitario en Estudos Internacionais, e Mestrado Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais). Ademais, parte das súas aulas están cedidas, con carácter temporal, á Facultade de Farmacia mentres non conclúan as obras do novo edificio previsto no proxecto Cidade da Saúde.

A) Aulas de propósito xeral

- A planta baixa e a primeira planta dispoñen de **6 aulas tipo anfiteatro** (salón de actos e aulas 1, 2, 3, 4 e 5), cunha capacidade que varía entre os **440 postos da aula 1** e os **100 postos das aulas 2 e 3**.

- No semisoto localízanse **2 aulas con asentos fixos** (aulas 6 e 7), con **120 postos cada unha**, e **3 máis na planta baixa** (aulas 9, 10 e 11), cunha capacidade que oscila entre os **120 e os 66 postos**.
- A planta baixa conta tamén con **4 aulas con asentos móbiles** (aulas 16, 17, 18 e 19), cunha capacidade de entre **70 e 80 postos**.

Todas estas aulas dispoñen de **luz natural, enchufes, calefacción** e están equipadas con **encerado, proxector fixo e pantalla de proxección ou TV, ordenador de sobremesa, equipo de videoconferencia e conexión Wi-Fi**.

B) Aulas seminario

A Facultade dispón de espazos axeitados para o desenvolvemento de actividades docentes interactivas. Na planta baixa sitúanse as aulas 12 e 13 (con aproximadamente **35 postos cada unha**), ademais doutras catro aulas de características semellantes nas áreas de **Dereito Civil, Economía, Filosofía do Dereito e Historia do Dereito**.

A estes espazos engádense a **Aula Seminario 0** (aproximadamente **50 postos**) e a **Aula “Profesor José Manuel Lete del Río”** (uns **100 postos**), configuradas para a realización de seminarios e videoconferencias, e dotadas cos medios necesarios para o seu desenvolvemento.

Estas aulas tamén contan con **luz natural, enchufes, calefacción, encerado, proxector fixo, pantalla de proxección ou TV, ordenador de sobremesa e Wi-Fi**. Cando carecen de equipo de videoconferencia fixo, este pode ser facilitado de forma portátil.

C) Aula de informática

A Facultade conta cunha **aula de informática**, situada na segunda planta, con **58 postos dispoñibles**.

D) Espazos para o traballo individual ou en grupo do estudantado

A Facultade de Dereito dispón dunha **Sala de Lectura** con aproximadamente **175 postos**. Xunto a esta sitúanse as **aulas 14 e 15 (con 25 e 35 postos, respectivamente)**, destinadas á realización de traballos en grupo por parte do estudantado.

Ademais, o alumnado pode facer uso, previa solicitude, das aulas que non estean ocupadas por outras actividades para a preparación de clases prácticas, seminarios ou traballo colaborativo.

E) Outros espazos

A Facultade de Dereito conta con dúas **aulas habilitadas como aulas de idiomas** (Aula de Dereito Eclesiástico e Aula Ático). Dispón tamén dun **Salón de Graos** con capacidade para **142 persoas**, dotado de **megafonía, pantalla fixa, proxector, ordenadores e equipo de videoconferencia**, empregado para conferencias, relatorios e outras actividades vinculadas aos graos e mestrados.

O **Informe Final de Avaliación para a renovación da acreditación** sinala que "cómpre valorar positivamente a acción de mellora emprendida en materia de infraestruturas, actualmente en fase de

execución, consistente na impermeabilización e limpeza da fachada e na eliminación de filtracións e humidades nas aulas".

Nos últimos anos acometéronse melloras como:

- instalación de **aire acondicionado** e renovación de **mobiliario na biblioteca**,
- mellora das **conexións Wi-Fi** e **aumento de enchufes** para a carga de portátiles,
- **habilitación de espazos para traballo en grupo**,
- **mellora da iluminación** e da prevención do **estrés térmico**.

Durante o curso **2023/2024** rematáronse as obras de **reparación das filtracións de auga** detectadas nas **aulas 4 e 5** e no **salón de actos**, en cumprimento das correspondentes accións de mellora. Ademais, executouse a acción de mellora, consistente na instalación de **bombas de calor** para resolver os problemas de calefacción da terceira planta.

Por último, en aplicación dunha acción de mellora, leváronse a cabo as obras de **acondicionamento do acceso á Facultade pola zona da Biblioteca Concepción Arenal**. A intervención veu motivada por deficiencias estruturais e de accesibilidade, como: desnivelación do pavimento por desgaste ou reformas mal executadas, acumulación de auga por falta dun sistema de drenaxe eficiente, dificultades de acceso para persoas con mobilidade reducida, incompatibles coa normativa vixente en materia de accesibilidade universal. A conxunción destes factores comprometía a **seguridade** e a **inclusión**, facendo imprescindible unha actuación inmediata.

1.2. Biblioteca Concepción Arenal

A **Biblioteca Universitaria “Concepción Arenal”**, integrada na Biblioteca Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela (BUSC), reúne os fondos bibliográficos imprescindibles no ámbito das **Ciencias Xurídicas e Sociais**.

Trátase dun edificio moderno, anexo á **Facultade de Dereito** e á **Escola de Práctica Xurídica de Santiago**, cunha superficie de **7.410 m²**, distribuída en **seis plantas** organizadas en dúas zonas diferenciadas: unha **zona de estudo** e outra de **investigación**.

A biblioteca pon ao dispor das persoas usuarias os seguintes espazos:

- **Sala de lectura:** Distribuída en tres plantas, alberga as coleccións actuais de libros e manuais de uso máis frecuente, en **acceso libre**, e conta con **952 postos de lectura**. Na planta de acceso sitúanse unha **aula de formación con 30 postos** e unha **zona de descanso e traballo en grupo**, que pode adaptarse como **sala de conferencias**.
- **Sala de investigación:** Localizada nunha única planta, está destinada á consulta de fondos especializados, incluíndo o **fondo de investigación** e a **hemeroteca**. Conta con **49 postos individualizados para investigadoras e investigadores**, que poden ser reservados e dispoñen de **taquillas para efectos persoais, tomas de corrente e conexión fixa a Internet**. Ademais, ofrece **24 postos adicionais** para consultas puntuais dos fondos.

- **Depósito:** Na planta superior almacénanse os fondos de menor uso e máis antigos, **revistas pechadas, publicacións de investigación e teses doutorais.**

Na planta 1 da biblioteca atópase a Oficina de Información e Servizos, á que pode acudir calquera persoa que precise orientación sobre a localización de recursos ou asesoramento no uso dos servizos bibliotecarios (competencias informacionais, metodoloxía de busca en bases de datos, préstamo interbibliotecario, obtención de documentos, uso do repositorio institucional da USC, etc.). Na planta 2 sitúase a Oficina de Proceso Técnico, que dispón de catro postos destinados prioritariamente a tarefas de investigación, incluída a elaboración de Traballos de Fin de Grao. Distribuídos ao longo das diferentes áreas da biblioteca, hai terminais para o acceso ao catálogo automatizado (Capel), lectores de microformas e ordenadores con conexión a internet e ás bases de datos.

As coleccións bibliográficas, case integramente de libre acceso, inclúen máis de 190.000 volumes de monografías e preto de 5.000 títulos de revistas (4.782 pechadas e arredor de 200 en curso). Estes fondos cobren principalmente os ámbitos de coñecemento vinculados á docencia e á investigación das facultades de Relacións Laborais, Dereito e Ciencias Políticas e Sociais. Diferéncianse dous grandes bloques: os libros de apoio á docencia, localizados nos pisos inferiores da Sala de Lectura, e os fondos de investigación, distribuídos entre os pisos 1º e 2º. O único fondo bibliográfico que se conserva en depósito é o fondo antigo e de especial valor (con obras dende o século XVI). A Hemeroteca ofrece acceso aos números máis recentes das revistas en formato papel e, a través dos ordenadores, á consulta de revistas electrónicas e das principais bases de datos académicas.

A páxina web da Biblioteca Universitaria da USC (<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/biblioteca-universitaria>) ofrece ampla información sobre a BUSC, así como acceso ao catálogo automatizado, ás coleccións dixitais e a diversos servizos en liña. A comezos de cada curso académico, a Biblioteca Concepción Arenal organiza sesións formativas dirixidas ao alumnado de novo ingreso, nas que se presentan os principais servizos bibliotecarios. Ademais, ao longo do ano académico, impártense cursos máis especializados a petición do profesorado ou dos propios usuarios.

A Biblioteca aposta tamén pola difusión dos seus recursos a través das redes sociais, nas que mantén unha presenza activa con contidos dirixidos á comunidade universitaria e, en particular, ao estudantado da Facultade de Relacións Laborais. Estes son os seus principais canais de comunicación:

- **Web oficial:** <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/biblioteca-universitaria>
- **Blog “Fonte Limpa”:** <https://carenal.wordpress.com/>
- **Facebook:** <https://www.facebook.com/biblioteca.concepcion.arenal>
- **Instagram:** https://www.instagram.com/busc_usc/
- **Pinterest:** <https://www.pinterest.es/buscarenal/> (con sección específica de novas adquisicións sobre relacións laborais e recursos humanos: <https://www.pinterest.es/buscarenal/relacions-laborais/>)
- **Flickr:** <https://www.flickr.com/photos/concepcion-arenal/>
- **Issuu:** <https://issuu.com/biblioteca.concepcion.arenal>, plataforma para a visualización de materiais dixitalizados como libros e revistas.

Horario de apertura:

1. Horario habitual:

- De luns a venres: de 8:30 a 21:30 h

- Fins de semana e festivos: de 10:00 a 19:30 h

2. Horario extraordinario:

- Durante os períodos de exames, o horario amplíase para facilitar o estudo.

Por outra banda, a Biblioteca Concepción Arenal ofrece formación específica en competencias informacionais ao alumnado de Grao e de Dobre Itinerario. Esta formación abrangue dende o nivel básico ata o avanzado e ten como obxectivo mellorar as capacidades do estudantado no uso dos servizos bibliotecarios, os recursos TIC da USC, a busca de información académica, a elaboración de traballos académicos (como o TFG/TFM) e a aplicación de estilos de citación, entre outros aspectos clave para a aprendizaxe autónoma e a investigación.

Pódese consultar información máis detallada na súa páxina web oficial: <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/biblioteca-universitaria/biblioteca-concepcion-arenal>

1.3. Repositorio Institucional Minerva

A Universidade de Santiago de Compostela, sumándose ás iniciativas de **acceso aberto (Open Access)**, ofrece a través deste repositorio —xestionado pola **Biblioteca Universitaria**— o acceso á súa **colección bibliográfica dixitalizada**, así como á **producción científica e docente** do seu persoal investigador e docente. Dispoñible en: <https://minerva.usc.es/home>

Como **recurso de apoio ao alumnado**, destacan especialmente as seguintes comunidades no ámbito das **Ciencias Sociais e Xurídicas** (<https://minerva.usc.es/communities/7fc177ec-9ea2-4275-a46d-edec500136fa>):

- **Proxectos e Traballos do Alumnado – Ciencias Sociais e Xurídicas**
- **Recursos Docentes – Ciencias Sociais e Xurídicas**
- **Traballos de Fin de Grao – Ciencias Sociais e Xurídicas**
- **Traballos de Fin de Máster – Ciencias Sociais e Xurídicas**

Na colección de Traballos de Fin de Grao (TFG) do Grao en Dereito están depositados actualmente 45 traballos, e na do Grao en Criminoloxía, 5; en ambos casos trátase de traballos seleccionados polas correspondentes Comisións Académicas en función da súa calidade, especialmente aqueles cualificados con Matrícula de Honra (<https://minerva.usc.es/collections/566aa592-cdf9-43df-ae42-dddf320a911f> e <https://minerva.usc.es/collections/b46dec98-a656-44e4-b293-1ab792cfac9d>). Na colección de Traballos de Fin de Máster (TFM) do Máster Universitario en Estudos Internacionais (MUEI) hai actualmente depositados 17 traballos, tamén escollidos segundo criterios de excelencia académica (<https://minerva.usc.es/collections/1db757eb-0716-4df6-9b5c-1dcadef2c041>).

2. Acollida, Orientación académica e profesional

2.1. Grao en Dereito, Dobre Itinerario e Grao en Criminoloxía

A **Facultade de Dereito carece de servizos propios** de orientación académica e profesional. Estes servizos son prestados con carácter xeral pola **Universidade de Santiago de Compostela**, a través de

distintas unidades como a [Oficina de Información ao Universitario \(OIU\)](#) e a [Área de Orientación Laboral e Emprego](#). Todo isto **sen prexuízo da atención** que ofrecen os membros do equipo decanal, o persoal da Unidade de Xestión e do Punto de Atención, Información e Servizos do centro.

2.1.1. Orientación académica

Durante a **primeira semana do curso académico**, celebrouse unha **Xornada de Benvida para o alumnado de primeiro curso** do Grao en Dereito e do Dobre Itinerario en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos (11 de setembro de 2023). Nesta actividade participaron membros do equipo decanal, a responsable do Plan de Acción Titorial (PAT), o director da Biblioteca Concepción Arenal, a directora do Centro de Linguas Modernas e persoal da sección de Deportes.

Non obstante, **non se organiza ningunha xornada específica de acollida para o alumnado de intercambio**, que presenta carencias similares ás do alumnado de novo ingreso no que respecta ao coñecemento do funcionamento do centro. Como **acción de mellora, propónse a organización dunha xornada de benvida específica para este colectivo**, co obxectivo de facilitar a súa integración académica e social e proporcionar información clara sobre recursos, servizos e procedementos do centro.

Desde o ano **2019 está en vigor o Plan de Acción Titorial (PAT)**, coordinado pola profesora **Silvia Fernández Martínez**. Este plan artículase arredor de tres eixos principais:

- **a) Acollida ao alumnado de novo ingreso**, mediante a xornada de presentación da Facultade;
- **b) Acompañamento ao longo dos estudos**, con sesións sobre mobilidade, guías sobre prácticas externas, TFG/TFM e participación no Programa de Apoio Titorial Extraordinario da USC para materias con maior dificultade;
- **c) Orientación para a toma de decisións ao remate dos estudos**, con conferencias sobre busca de emprego, emprendemento e formación de posgrao.

No curso **2023/2024**, as **catro prazas asignadas ao Grao en Dereito foron cubertas** polos seguintes estudantes participantes no PAT: **María Eduarda Santana Cardoso, Sabela Alfonsín Crujeiras, Elena Barja Caride e Mario Pazos Alvite**.

[Máis información dispoñible aquí.](#)

2.1.2. Orientación profesional

A **Área de Orientación Laboral e Emprego da USC** ten como misión **mellorar a empregabilidade do estudantado e titulados**, facilitando a transición ao mercado laboral mediante accións de información, formación e acompañamento.

Durante o curso **2023/2024**, organizáronse as seguintes actividades, difundidas a través da aula da Coordinación do Grao en Dereito no Campus Virtual:

- **“3 estratexias para potenciar as competencias na procura de emprego”** (6 de novembro);
- **X Edición do Proxecto Mentoring. Desenvolvemento profesional da USC**, que ofrece apoio individualizado en tarefas como a elaboración do CV, perfil en LinkedIn, entrevistas de traballo e orientación sobre saídas profesionais;
- **Feira Virtual do Emprego da USC**, celebrada os días **24 e 25 de abril**.

Ademais, a **Facultade de Dereito organiza anualmente as Xornadas de Saídas Profesionais**, con distintas sesións distribuídas ao longo do curso. O obxectivo é ofrecer ao alumnado unha **visión ampla e actualizada das saídas profesionais**, favorecendo o contacto directo con **egresados e profesionais en activo**.

Entre as sesións desenvolvidas no curso 2023/2024, destacan as seguintes intervencións:

- **Despacho Uría Menéndez** (carreira profesional na avogacía)
- **Jesús Aneiros Rodríguez** (acceso á Garda Civil)
- **José Ángel Vázquez Yáñez** (acceso Institucións Penitenciarias)
- **Noemi Veiga Novas** (Corpo de Xestión da Administración Civil do Estado)
- **Ana María Rodríguez Torres** (Corpo Superior da Xunta de Galicia)
- **Agustín Pigni Giraud** (Letrados da Xunta de Galicia)
- **Juan José Vázquez-Portomeñe Seijas** (Avogacía do Estado)
- **Cecilia Garza González** (Inspección de Traballo)
- **Jesús Saavedra Carballido e Alberto Escobar Rivas** (prácticas e emprego nas institucións da UE)


Estas iniciativas contribúen significativamente á **orientación profesional do estudantado** e ao **acercamento entre o ámbito académico e o profesional**.

2.1.2.1. Satisfacción dos egresados coa orientación profesional

A valoración da orientación laboral nos **Graos en Dereito e en Criminoloxía** sitúase arredor dos **2,7 puntos sobre 5**, mentres que no caso do **Dobre Itinerario** acada os **2 puntos**. Estes datos **poñen de manifesto a necesidade de seguir reforzando este ámbito**, especialmente mediante a **programación de actividades específicas que conecten o estudantado co mundo profesional e laboral**.

Resulta especialmente salientable esta puntuación se se ten en conta que o estudantado **dispón da posibilidade de realizar Prácticas Externas Curriculares e Extracurriculares**, precisamente coa finalidade de **favorecer a súa inserción laboral**. De feito, no caso do **Grao en Criminoloxía**, a materia de **Prácticas Externas é obrigatoria**, o que evidencia o compromiso do título coa preparación profesional do alumnado.

Satisfacción dos egresados coa orientación profesional



2.2. Máster Universitario en Avogacía

En relación cos servizos de orientación académica e profesional, así como de atención ao estudantado, os recursos dispoñibles resultan **axeitados para guiar e acompañar ao alumnado en**

cuestións relativas á matrícula, necesidades especiais, cualificacións, certificacións, recoñecementos e traslados, entre outros.

2.2.1. Orientación académica

Ademais dos **servizos xerais da USC** que xestionan este tipo de funcións (como a **Oficina de Información ao Universitario – OIU** ou as **UXAs**), a **Escola de Práctica Xurídica (EPX) de Santiago** proporciona unha atención **complementaria, específica e máis próxima** nestes ámbitos. Tanto desde a **coordinación do título** como por parte do **persoal administrativo asignado ao Máster**, ofrécense os servizos de orientación demandados polo alumnado de forma **satisfactoria e eficaz**.


É frecuente que o estudantado **acuda á coordinación e ao persoal administrativo en busca de orientación académica**, que lle é proporcionada de maneira **inmediata**. Así mesmo, a titulación conta con **programas propios de acollida e apoio ao estudantado**, que ofrecen orientación sobre o funcionamento do Centro e do Máster, como a **xornada de benvida**, as **entrevistas periódicas individuais** coa coordinación, entre outras accións mencionadas noutro apartado deste informe.

Non obstante, cómpre salientar que **no campus de Santiago existe a dificultade engadida de que, durante as datas de matrícula, as instalacións da Facultade de Dereito e da EPX permanecen pechadas por resolución reitoral**, o que **impide ofrecer unha atención máis especializada nun momento clave para o alumnado**.

2.2.1.1. Satisfacción dos egresados coa orientación académica

A **orientación académica** recibiu no curso **2018/2019** unha valoración de **4,27 no campus de Santiago, moi superior á media da USC**, situada en **3,4**. No curso **2019/2020**, a valoración foi de **3,79 (Intercampus)**; de **4,34 no curso 2020/2021**; **4,10 en 2021/2022**; **3,79 en 2022/2023**; e **3,87 en 2023/2024**. Obsérvase unha **tendencia á baixa na satisfacción do estudantado nos últimos anos**, o que, como xa se indicou, podería estar relacionado coa **redución do persoal administrativo que atendía especificamente a titulación**.

Satisfacción dos egresados coa orientación académica (MUA)



2.2.2. Orientación profesional

A titulación colabora activamente coa **Facultade de Dereito na organización de actividades de orientación profesional** relacionadas co exercicio da avogacía e da procura. Ademais, dá a coñecer

entre o estudantado todas as accións promovidas pola **Área de Orientación Laboral da USC**, como os **módulos de orientación para a empregabilidade**, dirixidos ao alumnado do último curso de graos e másteres da área de Ciencias Sociais e Xurídicas.


O obxectivo destes módulos é **preparar ao estudantado para a transición ao mundo laboral**, ofrecéndolle información práctica sobre aspectos como a **elaboración do CV**, a **creación dun perfil profesional en LinkedIn**, os **programas de prácticas**, a **preparación de entrevistas de traballo** ou as **posibilidades de inserción profesional**.

Finalmente, importa subliñar que, durante os cursos **2022/2023 e 2023/2024**, a EPX de Santiago recibiu unha **axuda económica do Vicerreitorado de Titulacións e Internacionalización**, destinada a **potenciar o servizo de orientación profesional**, mediante o **seguimento telefónico periódico das persoas egresadas das últimas promocións**, a **captación de ofertas laborais** e a **derivación do estudantado e das persoas tituladas cara a esas oportunidades**.

2.2.2.1. Satisfacción dos egresados coa orientación profesional

A **satisfacción coa orientación profesional e laboral recibida** foi valorada cun **3,73 no caso de Santiago no curso 2018/2019**, superando a media da USC. No curso 2019/2020, esta valoración **descendeu a un 3,05**, se ben a **taxa de resposta do estudantado non acadou o 20 %**. No curso 2020/2021, a **satisfacción aumentou ata un 3,98**; acadou un **4,48 no curso 2021/2022**; baixou a un **3,96 en 2022/2023**; e **descendeu significativamente a un 2,93 en 2023/2024**, coincidindo coa ausencia de persoal administrativo específico de apoio á titulación.

Satisfacción dos egresados coa orientación profesional e laboral (MUA)



2.3. Máster Universitario en Estudos Internacionais

2.3.1. Orientación académica

Desde a **Coordinación do Máster** complétase a labor desenvolvida pola **Oficina de Información ao Universitario (OIU)**, ofrecendo unha **atención personalizada e unha orientación específica** ao estudantado en cuestións vinculadas coa titulación que requiren un **enfoque máis especializado**.

En canto aos **programas de acollida e apoio**, durante a **primeira semana do curso académico (setembro)**, o **coordinador do Máster realiza unha presentación xeral da titulación**, na que se facilita información clave sobre o funcionamento do programa e se resolven as dúbidas iniciais do estudantado. Esta sesión informativa inclúe cuestións como:

- o **procedemento de presentación e defensa do Traballo de Fin de Máster (TFM)**,

- as **actividades académicas programadas ao longo do curso**,
- os **mecanismos de tutorización do alumnado**,
- e outros aspectos de interese para a organización e seguimento dos estudos.

2.3.2. Orientación profesional

Desde a **Coordinación do título**, e coa **implicación activa do profesorado**, organízanse de forma regular **actividades de orientación profesional**, moi ben valoradas polo estudantado.

No presente curso académico, e seguindo a **experiencia positiva das edicións 2021/2022 e 2022/2023**, celebrouse novamente a charla-coloquio titulada:

“Despois do Máster en Estudos Internacionais da USC: a miña experiencia profesional”.

Nesta actividade, **exalumnos e exalumnas do Máster comparten as súas traxectorias laborais** e ofrecen ao estudantado unha **visión realista e práctica sobre as posibles saídas profesionais** trala finalización dos estudos. Entre as opcións expostas destacan:

- postos en **institucións internacionais** (como a **Unión Europea**, as **Nacións Unidas** ou outras),
- traballo en **organizacións da sociedade civil (ONGs)**,
- e empregos na **Administración pública estatal**.


Ademais, este curso celebrouse por vez primeira unha **conferencia no marco do programa Back to School/Back to the University da Comisión Europea**, centrada nas **saídas profesionais no ámbito da Unión Europea**. A sesión foi impartida por un **exalumno do Máster, actualmente funcionario nesta institución**, e, ao igual que en anos anteriores, contou cunha **notable participación estudantil** e recibiu **valoracións moi positivas**.

Por último, desde a **materia optativa “Economía da Solidariedade”**, organizouse a conferencia: **“Saídas profesionais no ámbito das Nacións Unidas”**, que tamén **espertou gran interese entre o alumnado** e foi **moi ben acollida**.

2.3.2.1. Satisfacción dos egresados coa orientación profesional

Este ítem relativo á orientación profesional e laboral recibida foi valorado polos egresados **coa puntuación máxima no curso 2023/2024**, o que supón **un incremento de 1,8 puntos respecto ao curso anterior**.

Satisfacción dos egresados coa orientación profesional e laboral



3. Prácticas Externas

3.1. Prácticas externas nos estudos de Grao

3.1.1. Grao en Dereito e Dobre Itinerario en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos

3.1.1.1. *Prácticas externas curriculares e extracurriculares*

A) Prácticas externas curriculares

As **prácticas académicas externas** son actividades formativas **supervisadas por un coordinador externo á titulación e por un coordinador académico** (Vicedecano/a de Organización Académica), que o alumnado pode realizar co obxectivo de **aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica**. Estas prácticas teñen como finalidade **favorecer a adquisición de competencias que preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento**.

As prácticas externas poderán realizarse tanto na **propia Universidade de Santiago de Compostela** como en **entidades colaboradoras públicas ou privadas**. O listado de entidades públicas ou privadas nas que o estudantado pode realizar prácticas externas curriculares é o seguinte:

- Rexistros de Galicia
- Notarías de Galicia
- Unión de Consumidores de Galicia
- Parlamento de Galicia
- Colexio de Avogados de Santiago de Compostela
- Valedor do Pobo
- Deputación de Pontevedra
- Consello Consultivo de Galicia
- Asesoría Xurídica da USC
- Aluminios Cortizo
- Despacho Garrigues Abogados

A información sobre a convocatoria de prácticas externas curriculares está dispoñible en: <https://www.usc.gal/es/centro/facultad-derecho/practicas>

Ao alumnado que as **complete satisfactoriamente** recoñeceránselle **créditos de natureza optativa (Prácticas Externas I, 4,5 ECTS e Prácticas Externas II, 4,5 ECTS)**. No **curso académico 2023/2024**, matricularóñse na materia optativa **Prácticas Externas I**, do primeiro semestre, **38 estudantes**; e na materia **Prácticas Externas II**, do segundo semestre, **26 estudantes**.

B) Prácticas externas extracurriculares

1. *Consello Social*

Ademais, tamén se **ofertan prácticas externas extracurriculares**, tanto no ámbito do **Consello Social da USC** como da **propia Facultade de Dereito**, sendo a coordinadora a **Secretaría da Facultade**. Estas prácticas **realízanse de forma voluntaria durante o período de formación e non forman parte do**

plan de estudos. Con todo, **serán incluídas no expediente académico e no Suplemento Europeo ao Título** sempre que se completen antes da finalización dos estudos.

En concreto, no **curso 2023/2024, 4 estudantes do Grao en Dereito** matricularonse en **prácticas extracurriculares**, que realizaron nas seguintes institucións ou empresas: **PIN y Del Pino Abogados y Asesores Tributarios SLP, Go People and Talent (consultora), Ana María Varela Meizoso Avogada e Unións Agrarias-UPA.**

No marco destas prácticas, o estudante do **Dobre Itinerario Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos, Kevin Oliveira Quiroga**, foi **galardoadado como o estudante mellor valorado nas prácticas xestionadas polo Consello Social.**

2. *Prácticas servizos centrais do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación e nas Embaixadas, Consulados e Representacións Permanentes de España no Exterior.*

O **Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación (MAUC)** ofrece a **estudiantes de grao e posgrao** a oportunidade de realizar **prácticas formativas non remuneradas** nos seus **servizos centrais**, así como en **Embaixadas, Consulados e Representacións Permanentes de España no exterior**. Estas prácticas **permiten ao estudiantado coñecer de primeira man o labor diplomático e adquirir experiencia en asuntos internacionais.**


A elas poden optar aqueles estudantes que estean matriculados en universidades que teñan **subscrito un Convenio de Colaboración de Prácticas Formativas co MAUC**, como é o caso da **Universidade de Santiago de Compostela.**

No **curso académico 2023/2024, unha estudante do Grao en Dereito** realizou estas prácticas no **Consulado Xeral de España en Oporto (Portugal).**

3.1.1.2. *Porcentaxe de participación dos egresados que realizan prácticas en empresas e institucións*


A porcentaxe de estudantes egresados do Grao en Dereito no curso 2023/2024 que realizaron prácticas en empresas e institucións ao longo dos seus estudos foi do **46,15% (IN22G)**, supoñendo un incremento de **2,09 puntos porcentuais** respecto ao curso anterior.

Egresados do Grao en Dereito que realizaron prácticas en empresas e institución



No caso do Dobre Itinerario, a porcentaxe de estudantes egresados no curso 2023/2024 que realizaron prácticas en empresas e institucións ao longo dos seus estudos foi do **75%**, supoñendo un incremento de **25 puntos porcentuais** en comparación cos cursos anteriores.

Egresados do Dobre Itinerario que realizaron prácticas en empresas e institución




3.1.1.3. Satisfacción cos programas de prácticas externas

3.1.1.3.1. Satisfacción do titores de prácticas externas

O nivel de satisfacción dos titores de prácticas externas é moi elevado, cunha puntuación media de **4,43** sobre 5 putnos, o que supón un **incremento de 0,30 puntos** respecto ao curso 2022/2023.


Satisfacción dos titores de prácticas externas



3.1.1.3.2. Satisfacción do estudantado cos programas de prácticas externas


O nivel de satisfacción do estudantado do Grao en Dereito cos programas de prácticas externas é moi alto, cunha puntuación media de **4,24** sobre 5, o que representa un incremento de **0,38 puntos** respecto á valoración do curso 2022/2023.

Satisfacción do estudantado do Grao en Dereito cos programas de prácticas externas



No caso do estudantado do Dobre Itinerario, o nivel de satisfacción no curso 2023/2024 foi de **4,04 sobre 5**, supoñendo unha diminución de **0,55 puntos** respecto ao curso 2022/2023.

Satisfacción do estudantado do Dobre Itinerario cos programas de prácticas externas



3.1.2. Grao en Criminoloxía

O Informe final de avaliación para a renovación da acreditación da ACSUG, notificado o 5 de novembro de 2024, establece o seguinte:

“La asignatura obligatoria de Practicum permite a los estudiantes aproximarse a las diversas actividades profesionales relacionadas con el perfil profesional del título. La asignatura ha sido objeto de una reconfiguración ofreciendo actualmente un diseño de 16,5 ECTS que obedecen al siguiente esquema: Seminarios/conferencias/actividades de formación previa a las prácticas: 8.5 créditos. Prácticas externas: 6 créditos. Memoria de prácticas: 2 créditos. El autoinforme ofrece un listado de entidades privadas e instituciones públicas seleccionados por el alumnado para realizar sus prácticas, entre una oferta de destinos más amplia. Dicha oferta se considera suficiente para el número de alumnos matriculados. A lo largo de la implantación del título se ha contemplado la posibilidad de cursar el Practicum de modo anticipado, cumpliendo ciertos requisitos académicos y sin perjudicar las expectativas y derechos del alumnado de cursos anteriores”.

E, no mesmo, **recoméndase**:

“En relación con las prácticas externas, se debe modificar la memoria publicada con la finalidad de incluir las modificaciones no sustanciales efectuadas en la asignatura "Prácticum" y la existencia de requisitos académicos para poder formalizar la matrícula. Se debe realizar un seguimiento de la materia de prácticas por si estuviera sobredimensionada en cuanto a número de créditos ECTS y procediera reducir este número a través de una modificación sustancial. En cualquier caso, se recomienda valorar si se puede aumentar el número de horas de estancias en centros de prácticas”.

“Los convenios existentes con empresas e instituciones para las realización de las prácticas

externas obligatorias son suficientes, pero puede trabajarse en su ampliación en otros ámbitos vinculados a la justicia y a la seguridad”.

3.2. Prácticas externas nos estudos de Mestrado

3.2.1. Máster Universitario en Avogacía

No que respecta ao *Máster Universitario en Avogacía*, a súa duración é dun **ano e medio (90 ECTS)**, distribuídos en **tres semestres**: un primeiro curso académico completo e o primeiro semestre dun segundo curso. Deste total, **60 créditos** corresponden ao denominado “**curso de formación**” (**54 créditos en materias obrigatorias e 6 créditos destinados ao Traballo de Fin de Máster**).

Os **30 créditos restantes** concéntranse nas **prácticas externas obrigatorias**, de acordo coa **normativa reguladora do título**.

O estudantado ten a posibilidade de establecer un **primeiro contacto co ámbito profesional** a través da realización dun **período inicial de prácticas externas (Prácticas Externas I – 6 ECTS)** en **servizos xurídicos de administracións públicas e en órganos xurisdiccionais**, podendo tamén desenvolverse, con carácter excepcional, noutras institucións e despachos profesionais.

Esta nova materia (**Prácticas Externas I**) xorde da **fusión das anteriores asignaturas** “Prácticas externas en administracións públicas” (3 ECTS) e “Prácticas externas en órganos xurisdiccionais” (3 ECTS), co obxectivo de **dar resposta a eventuais dificultades derivadas da falta puntual de títulos/as** procedentes das administracións públicas ou da carreira xudicial. Esta modificación **permite unha maior flexibilidade na xestión dos convenios de colaboración** asinados.

Mediante esta **primeira experiencia profesional obrigatoria**, preténdese que o estudantado **coñeza o funcionamento interno da Administración**, o labor do seu **persoal asesor xurídico** e os procedementos empregados na resolución de conflitos legais dentro dos entes públicos. Así mesmo, **permite presenciar in situ a tramitación dos procesos xudiciais e o desenvolvemento do traballo diario dos órganos xurisdiccionais**. Trátase de ámbitos que, con moita probabilidade, **se converterán en saídas profesionais para o estudantado**.

No **terceiro semestre (30 ECTS)**, **poténciase a aplicación práctica das competencias adquiridas durante o curso de formación**, mediante a realización dun **período prolongado de prácticas externas en despachos profesionais da avogacía e da procura**. O obxectivo é que o estudantado **aplique, consolide e desenvolva os coñecementos, técnicas, habilidades e actitudes adquiridas** nos dous semestres anteriores.

Para a realización destas prácticas existen **convenios asinados con diversas administracións públicas, órganos xurisdiccionais e despachos profesionais**. A partir do curso **2023/2024**, inclúense tamén **convenios con despachos de procuradores/as dos tribunais**, como consecuencia da implantación do novo **Máster Universitario en Avogacía e Procura**. As prácticas desenvolvense nas **instalacións das entidades colaboradoras**, procurando garantir que o estudantado dispoña dun **espazo axeitado** para o seu labor (escritorio, ordenador, acceso á información non reservada, etc.), co fin de **favorecer a adquisición das competencias previstas**.

Con todo, como consecuencia dos **cambios nos hábitos profesionais derivados da pandemia** e das **normativas sobre conciliación da vida persoal e profesional**, existe a posibilidade de que **determinadas prácticas se realicen parcialmente de forma virtual**, especialmente cando o/a titor/a **teletraballa** ou cando o/a estudante **presenta dificultades puntuais para asistir presencialmente**.

3.2.1.1. Satisfacción co programa de prácticas externas

3.2.1.1.1. Satisfacción dos titores de prácticas externas

O grao de satisfacción dos/as titores/as profesionais co desenvolvemento das prácticas externas tamén é elevado, con valores como 4,51 no curso 2018/2019, 4,66 no 2020/2021, 4,7 no 2021/2022 e 4,41 no 2022/2023. Non se dispoñen datos relativos ao curso 2023/2024, ao non seren proporcionados pola Área de Calidade e Mellora Permanente da USC (ACeMP).

3.2.1.1.2. Satisfacción do estudantado co programa de prácticas externas

Neste contexto, cómpre salientar o elevado e progresivo grao de satisfacción do estudantado cos **programas de prácticas externas da titulación**. Dita satisfacción sitúase, con lixeiras oscilacións segundo o curso académico, entre o 4,48 e o 4,87, acadando neste último curso (2023/2024) unha cualificación de 4,87 sobre 5.

Outro dato salientable é a valoración da formación práctica recibida por parte das persoas egresadas, que foi de 5 sobre 5 no curso 2018/2019, 3,67 no curso 2019/2020, e 4,30 no curso 2023/2024. Non se dispón de datos relativos aos cursos 2020/2021 e 2021/2022, e a valoración no curso 2022/2023 situouse en 3,57.

3.2.2. Máster Universitario en Estudos Internacionais

No Informe de seguimento correspondente ao curso 2022/2023 informouse de que o convenio suscrito entre a Deputación da Coruña e a USC, que outorgaba anualmente dúas prazas exclusivas para egresados do MUEI na oficina EuropeDirect da Deputación, con prácticas externas retribuídas durante doce meses, deixou de estar vixente. Por este motivo, na actualidade o MUEI non dispón dun programa propio de prácticas externas dirixido exclusivamente ao seu estudantado.

Non obstante, desde o curso 2022/2023 está vixente un Convenio de colaboración educativa entre o Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación e a Universidade de Santiago de Compostela, que permite a realización de prácticas externas ao alumnado tanto de Grao como de Máster. Estas prácticas desenvólvense nas representacións diplomáticas no estranxeiro e nos Servizos Centrais do Ministerio en Madrid, cunha duración inicial de catro meses, prorrogables por dous meses adicionais.

Este programa proporciona unha experiencia formativa de carácter eminentemente práctico, está moi ben valorado, e varios estudantes da nosa titulación xa realizaron prácticas en Consulados, Misións Diplomáticas españolas e distintas dependencias ministeriais en Madrid. Ademais, estas prácticas complementan de forma directa e eficaz os contidos de materias como Diplomacia Internacional e Organización Internacional e Integración Rexional, consolidándose como unha

alternativa relevante para o alumnado do Máster, especialmente ante a ausencia dun programa propio de prácticas externas.

A difusión desta oferta realízase a través da aula da Coordinación do título no Campus Virtual e tamén mediante as redes sociais da Facultade de Dereito.

En definitiva, aínda que o Mestrado non conta cun programa exclusivo de prácticas, esta alternativa institucional garante unha oferta formativa práctica e de calidade, que contribúe significativamente ao desenvolvemento profesional do alumnado e ao cumprimento dos obxectivos formativos do programa.

3.2.3. Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais

No curso 2023/2024, único do que se dispoñen datos ata o de agora, o 100 % do estudantado egresado participou en prácticas externas no marco da asignatura obrigatoria “Prácticas externas en Dereito transnacional da empresa e das tecnoloxías dixitais”, cunha carga lectiva de 5 ects.

3.2.3.1. Satisfacción co programa de prácticas externas

3.2.3.1.1. Satisfacción do estudantado co programa de prácticas externas

O nivel medio de satisfacción do estudantado co desenvolvemento das prácticas externas foi de 2,93 sobre 5, o que indica unha valoración global moderadamente baixa. Os ítems peor puntuados foron: a satisfacción co período de realización das prácticas externas (2), a adecuación das actividades desenvolvidas ás expectativas do estudantado (2,67) e a utilidade das prácticas como primeiro contacto co mercado laboral (2,67).

4. Satisfacción do estudantado e do PDI cos recursos e servizos


4.1. Recursos educativos

4.1.1. Satisfacción do estudantado cos recursos educativo

4.1.1.1. Satisfacción cos recursos educativos: estudos de Grao

No curso 2023/2024, a satisfacción media do estudantado dos Graos adscritos á Facultade de Dereito cos recursos educativos acadou os 3,33 puntos sobre 5, superando notablemente a puntuación do curso anterior (2,82 puntos) e situándose como o valor máis alto dos últimos catro cursos académicos. Este incremento reflicte unha mellora significativa na percepción da calidade docente e da experiencia académica por parte do estudantado.


Satisfacción alumnado recursos educativos estudos de Grao



Se analizamos os datos por titulación, cómpre salientar o seguinte:

- No Grao en Dereito, obsérvase un incremento progresivo na valoración dos recursos educativos, cunha mellora de 1 punto entre os cursos 2020/2021 e 2023/2024, o que evidencia un avance sostido na percepción positiva do estudantado.
- No Dobre Itinerario, tras a notable caída rexistrada no curso 2022/2023, para a cal non se identifica unha causa clara, no curso 2023/2024 alcanzouse a súa valoración máis alta, igualando os niveis do Grao en Dereito, o que indica unha recuperación significativa.
- No Grao en Criminoloxía, a valoración supera os 3 puntos de forma constante desde o curso 2021/2022, mantendo un nivel estable e positivo na opinión do estudantado.


Satisfacción alumnado recursos educativos por título de Grao



4.1.1.2. Satisfacción cos recursos educativos: estudos de Mestrado

No curso 2023/2024, a satisfacción media do estudantado dos mestrados adscritos á Facultade de Dereito cos recursos educativos foi de 3,4 puntos sobre 5, o que supón un lixeiro descenso de 0,43 puntos respecto da valoración acadada no curso anterior (3,83 puntos en 2022/2023). A pesar desta diminución, a puntuación mantense nun nivel positivo, o que reflicte unha percepción xeralmente satisfactoria da calidade dos estudos de posgrao.


Satisfacción alumnado recursos educativos estudos de Mestrado



En relación coas titulacións de mestrado, salientamos o seguinte:

- No Máster Universitario en Avogacía e Procura (MUA), a satisfacción cos recursos educativos **presenta unha tendencia descendente desde o curso 2022/2023**, acadando en **2023/2024 a súa valoración máis baixa**. Con todo, a **puntuación mantense por riba dos 3,6 puntos** en todos os catro cursos analizados, o que indica **un nivel aceptable de satisfacción** a pesar da baixada.
- No Máster Universitario en Estudos Internacionais (MUEI), desde o curso 2020/2021 rexístrase **un incremento progresivo na valoración**, que se viu interrompido no curso 2023/2024, ano no que se produciu un leve descenso de 0,13 puntos respecto ao curso anterior. Aínda así, **mantense unha valoración positiva**, o que suxire **estabilidade na percepción do estudantado**.

Satisfacción alumnado recursos educativos por título de Mestrado



Polo que respecta ao **Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais**, o **nivel de satisfacción do estudantado cos recursos educativos dispoñibles foi de 3,67 puntos sobre 5**, o que revela **unha valoración intermedia e mellorable** neste ámbito.


4.1.2. Satisfacción do PDI cos recursos educativo

4.1.2.1. Satisfacción PDI cos recursos educativos: estudos de Grao

No curso 2023/2024, a **satisfacción media do PDI nos Graos adscritos á Facultade de Dereito cos recursos educativos foi de 4,26 puntos sobre 5**, manténdose nos mesmos niveis que no curso anterior. Nos catro cursos analizados, a **valoración supera consistentemente os 4,1 puntos**, o que

reflicte unha percepción moi positiva e sostida por parte do profesorado respecto da súa experiencia docente.


Satisfacción PDI recursos educativos estudos de Grao



Se analizamos os datos por titulación, cómpre salientar o seguinte:

- **No Grao en Dereito**, a satisfacción cos recursos educativos **presenta unha tendencia ascendente**, que se estabiliza nos dous últimos cursos nunha valoración de **4,3 puntos sobre 5**, o que evidencia **unha percepción sólida e positiva por parte do profesorado**.
- **No Dobre Itinerario**, a evolución mostra **flutuacións ao longo dos cursos**, aínda que **sen descender en ningún momento por debaixo dos 4 puntos**. No curso **2023/2024**, a valoración foi de **4,22 puntos**, o que supón un **incremento de 0,12 puntos** respecto ao curso anterior, reflectindo **unha mellora na percepción do PDI**.
- **No Grao en Criminoloxía**, obsérvase **unha lixeira tendencia descendente nos dous últimos cursos académicos**, cunha puntuación de **4,23 puntos no curso 2023/2024**, o que representa un **descenso de 0,16 puntos** respecto ao curso anterior, aínda que se mantén dentro dun nivel alto de satisfacción.

Satisfacción PDI recursos educativos por título de Grao




4.1.2.2.Satisfacción PDI cos recursos educativos: estudos de Mestrado

No curso 2023/2024, a satisfacción media do PDI nos mestrados adscritos á Facultade de Dereito

cos recursos educativos foi de 4,36 puntos sobre 5, o que supón un incremento de 0,2 puntos respecto ao curso anterior. Nos catro cursos analizados, a valoración mantense sempre por riba dos 4,1 puntos, o que reflicte unha valoración consistentemente alta por parte do profesorado e unha percepción positiva da actividade docente nos estudos de posgrao.


Satisfacción PDI recursos educativos estudos de Mestrado



En relación coas titulacións de mestrado, cómpre salientar o seguinte:

- No Máster Universitario en Avogacía e Procura (MUA), obsérvase unha clara tendencia ascendente desde o curso 2021/2022, acadando no curso 2023/2024 a súa valoración máis alta, con 4,42 puntos sobre 5, o que reflicte unha evolución moi positiva na percepción do profesorado.
- No Máster Universitario en Estudos Internacionais (MUEI), tamén foi no curso 2023/2024 cando se alcanzou a puntuación máis elevada, con 4,3 puntos, o que supón un incremento de 0,17 puntos respecto ao curso anterior e evidencia unha mellora significativa na satisfacción do PDI.

Satisfacción PDI recursos educativos por título de Mestrado



4.2. Infraestrucuras


4.2.1. Satisfacción do estudantado coas infraestruturas

4.2.1.1. Satisfacción do estudantado coas infraestruturas: estudos de Grao

No curso 2023/2024, a satisfacción media do estudantado dos graos adscritos á Facultade de Dereito coas infraestruturas foi de 3,27 puntos sobre 5, o que supón un incremento de 0,18 puntos respecto da valoración acadada no curso anterior (3,09 puntos en 2022/2023). Esta evolución pon

de manifesto **unha mellora na percepción global do estudiantado en relación coa súa experiencia académica**, aínda que **a marxe de mellora segue a ser significativa para acadar niveis máis altos de satisfacción**.


Satisfacción estudiantado infraestructuras estudos de Grao



Por titulación, os datos de satisfacción do estudiantado no curso 2023/2024 coas infraestruturas permiten facer as seguintes observacións:

- No **Grao en Dereito**, rexistrouse un **lixeiro descenso de 0,22 puntos respecto ao curso anterior**, situándose a valoración en **3,05 puntos sobre 5** en relación ás infraestruturas. Aínda que esta puntuación se mantén nun rango moderado, indica **a necesidade de mellorar e reforzar a calidade das infraestruturas para optimizar a experiencia do estudiantado**.
- No **Dobre Itinerario**, experimentouse un **notable incremento na satisfacción coas infraestruturas**, pasando de **2,50 a 3,22 puntos**, o que supón un **aumento significativo de 0,72 puntos**. Este avance reflicte **unha mellora considerable na percepción do alumnado sobre as condicións físicas e os recursos dispoñibles para a súa formación**.
- No **Grao en Criminoloxía**, mantense unha **tendencia ascendente desde o curso 2020/2021**, acadando no 2023/2024 unha puntuación de **2,53 puntos en satisfacción coas infraestruturas**. Aínda que a valoración segue sendo relativamente baixa, esta evolución positiva evidencia **un proceso de mellora continuo que cómpre consolidar para garantir unhas condicións adecuadas de aprendizaxe**.


Satisfacción estudiantado infraestructuras título de Grao



4.2.1.2. Satisfacción do estudantado coas infraestruturas: estudos de Mestrado

No curso 2023/2024, a satisfacción media do estudantado dos mestrados adscritos á Facultade de Dereito coas infraestruturas foi de 3,73 puntos sobre 5, manténdose estable e equivalente á valoración acadada no curso anterior. Esta estabilidade reflicte un nivel de satisfacción consolidado, aínda que con marxe para seguir mellorando a experiencia do alumnado.


Satisfacción estudantado infraestruturas estudos de Mestrado



En relación coas titulacións de mestrado, salientamos o seguinte:

- No Máster Universitario en Avogacía e Procura (MUA), a satisfacción coas infraestruturas presenta unha tendencia descendente desde o curso 2022/2023, acadando en 2023/2024 a súa valoración máis baixa, con 3,14 puntos sobre 5.
- No Máster Universitario en Estudos Internacionais (MUEI), desde o curso 2020/2021 rexístrase un incremento progresivo na valoración das infraestruturas, que se traduce nun crecemento total de 2 puntos entre o 2020/2021 e o 2023/2024, reflectindo unha mellora constante na satisfacción do estudantado ao longo destes anos.

Satisfacción estudantado infraestruturas título de Mestrado




Polo que respecta ao Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais, o nivel de satisfacción do estudantado coas infraestruturas foi de 4 puntos sobre 5.

4.2.2. Satisfacción do PDI coas aulas e o seu equipamento

4.2.2.1. Satisfacción do PDI coas aulas e o seu equipamento: estudos de Grao

No curso **2023/2024**, a **satisfacción media do PDI nos graos adscritos á Facultade de Dereito coas aulas e o seu equipamento foi de 4,14 puntos sobre 5**, descendendo lixeiramente (0,14 puntos) respecto ao dato no curso anterior. **Nos catro cursos analizados, a valoración superou consistentemente os 4,1 puntos**, o que reflicte **unha percepción moi positiva e constante do profesorado sobre as condicións materiais para a docencia**.


Satisfacción PDI aulas e equipo docente estudos de Grao



Análise da satisfacción do PDI coas aulas e o seu equipamento por titulación:

- No **Grao en Dereito**, a satisfacción do PDI oscila entre **4,4 e 4,24 puntos**, alternando anualmente estes valores, o que indica **un nivel alto e estable de satisfacción coas condicións das aulas e equipamentos**.
- No **Dobre Itinerario**, obsérvase unha **tendencia descendente desde o curso 2022/2023**, situándose en **4,14 puntos no curso 2023/2024**, o que suxire a necesidade de prestar atención para evitar un maior descenso.
- No **Grao en Criminoloxía**, rexístrase un **descenso no nivel de satisfacción**, acadando a **súa puntuación máis baixa no curso 2023/2024 con 4,05 puntos**, aínda que continúa sendo unha valoración moderadamente positiva.


Satisfacción PDI aulas e equipo docente títulos de Grao



4.2.2.2. Satisfacción do PDI coas aulas e o seu equipamento: estudos de Mestrado

No curso 2023/2024, a satisfacción media do PDI cos recursos das aulas e o seu equipamento nos Mestrados adscritos á Facultade de Dereito alcanzou os 4,49 puntos sobre 5, o que supón un notable incremento de 0,43 puntos respecto ao curso anterior. Esta subida reflicte unha mellora significativa na percepción do profesorado sobre as condicións materiais para a docencia nos programas de mestrado.


Satisfacción PDI aulas e equipo docente estudos de Mestrado



En relación coas titulacións de mestrado, salientamos o seguinte:

- No caso do **Máster Universitario en Avogacía**, o nivel de satisfacción coas aulas e o seu equipamento incrementouse notablemente no curso 2023/2024 respecto ao anterior, con un aumento de 0,50 puntos, situándose en 4,58 puntos sobre 5. Este dato reflicte unha mellora significativa na percepción do profesorado sobre as condicións materiais de docencia.
- En canto ao **Máster en Estudos Internacionais**, o nivel de satisfacción presenta unha tendencia ascendente desde o curso 2022/2023, situándose actualmente en 4,4 puntos, o que indica unha evolución positiva e sostida na valoración das infraestruturas docentes.

Satisfacción PDI aulas e equipo docente títulos de Mestrado



5. Satisfacción do PTXAS coa contorna de traballo

O Informe 21 recolle información sobre o nivel de satisfacción do **PTXAS** en relación con catro ítems fundamentais:

- nivel de accesibilidade** e a ausencia de dificultades para acceder ao lugar de traballo
- o **nivel de seguridade** do lugar de traballo
- as **condicións do lugar de traballo** en termos de mobiliario e mantemento das instalación


d) os **recursos (equipamento)** dispoñibles para o desempeño das funcións laborais

A puntuación media destes ítems, que valora a satisfacción coa contorna de traballo, situouse no curso 2023/2024 en **4,05 puntos sobre 5**, reflexando un nivel xeralmente positivo.

No entanto, o aspecto que recibiu a **peor valoración foi o relativo ás condicións do lugar de traballo**, especialmente no que atinxe ao **mobiliario e ao mantemento das instalacións**, sinalando unha área que require melloras urxentes.

En contraste, o ítem con **maior satisfacción foi a accesibilidade**, coa ausencia de dificultades para acceder ao posto de traballo, o que indica unha correcta xestión neste aspecto.

Satisfacción PTXAS contorna de traballo



Directriz 6. Información pública

Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..

Aspectos a contemplar:

4. Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
- 4.1. Recollida, análise e utilización da información.
- 4.2. Publicación da información
- 4.3. Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1. Información pública

1.1. Información pública xeral Facultade de Dereito

De acordo co establecido no proceso **PS-06 «Información pública»** do Manual de Procesos do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) (<https://acortar.link/4m21Wg>), a **Facultade de Dereito garante a difusión pública da información relevante** sobre as titulacións que imparte, así como a **revisión e actualización periódica** desta información. Esta práctica ten como finalidade manter informados os distintos grupos de interese vinculados ao centro, asegurando a **transparencia** e a **accesibilidade** dos datos académicos.

En cumprimento deste procedemento, a Facultade proporciona, a través da súa **páxina web institucional** (<https://www.usc.es/gl/centro/facultade-dereito>), de acceso universal, **información detallada, actualizada e accesible** sobre todas as titulacións adscritas ao centro. Esta información é fundamental tanto para a toma de decisións do futuro estudantado como para o seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe. Nas seccións **“Estudos”** e **“Información académica”** recóllese documentación específica relativa aos **plans de estudos, programas das materias, calendarios, horarios, plan de acción tutorial, programas de prácticas, mobilidade, traballos de fin de grao e de fin de máster**.

A páxina web foi sometida a unha **reforma integral durante o curso 2020-2021**, que deu lugar a unha nova estrutura dividida en dúas áreas: unha **web pública** e unha **intranet**, accesible exclusivamente para os membros da comunidade universitaria. Esta nova versión, lanzada o **4 de maio de 2021**, supuxo unha **mellora substancial en termos de accesibilidade, transparencia e usabilidade**. Para facilitar a difusión e o dominio deste novo espazo web, organizáronse **xornadas formativas específicas** dirixidas ao estudantado, ao persoal docente e investigador (PDI) e ao persoal de administración e servizos (PAS), que se celebraron nos meses de **decembro de 2022 e marzo de 2023**.

Desde entón, implementáronse modificacións adicionais co obxectivo de optimizar a organización e o acceso á información, en aplicación da correspondente acción de mellora. En todo caso, a **mellora continua da páxina web** constitúe un **obxectivo estratéxico prioritario**, que deberá incorporarse ao novo **Plan Estratéxico da Facultade**. Esta prioridade xustifícase pola necesidade de dispoñer dunha ferramenta de comunicación **eficaz, accesible e permanentemente actualizada**, que permita dar resposta ás necesidades informativas da comunidade universitaria e do público externo. Nun contexto

crecente de dixitalización, contar cun sitio web ben estruturado contribúe a reforzar a **transparencia**, a **proxección institucional** e a **interacción cos distintos grupos de interese**. Así mesmo, facilita a difusión das actividades do centro e a súa conexión co tecido social e profesional.

No marco da **política de transparencia**, as actas dos órganos colexiados da Facultade están dispoñibles na **intranet do centro**, por considerarse de interese para a comunidade universitaria. Os enlaces directos a estas actas son os seguintes:

- **Xunta de Facultade:**
<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-dereito/SitePages/Goberno-e-Xesti%C3%B3n-Xunta-de-Facultade.aspx>
- **Comisión Permanente da Xunta de Facultade:**
<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-dereito/SitePages/Goberno-e-Xesti%C3%B3n-Comisi%C3%B3n-Permanente.aspx>
- **Comisión de Docencia e Calidade:**
<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-dereito/SitePages/Comisi%C3%B3ns-Comisi%C3%B3n-de-Docencia-e-Calidade.aspx>
- **Comisión de Asuntos Económicos, Infraestruturas e Biblioteca:**
<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-dereito/SitePages/Comisi%C3%B3ns-Comisi%C3%B3n-de-Asuntos-econ%C3%B3micos,-infraestruturas-e-biblioteca.aspx>
- **Comisión de Igualdade:**
<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-dereito/SitePages/Comisi%C3%B3ns-Comisi%C3%B3n-de-Igualdade.aspx>

Ademais, a intranet da Facultade dispón dun buzón de “**Suxestións, queixas e parabéns**” (<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-dereito>), habilitado como canle específica para a recepción de achegas por parte dos diferentes grupos de interese.

Complementariamente, a Facultade mantén **perfis institucionais activos en redes sociais** que funcionan como canles de conexión coa comunidade universitaria e para a difusión de contidos de interese para estudantado, egresados/as, PDI e PAS. Estes perfis resultan especialmente útiles para o alumnado de novo ingreso, ao facilitar información sobre o **acto de benvida**, a **vida académica e institucional do centro**, **convocatorias**, **eventos e experiencias do estudantado**:

- **Facebook:** <https://www.facebook.com/FacultadeDereitoUSC>
- **X (Twitter):** https://twitter.com/Dereito_USC
- **Instagram:** https://www.instagram.com/dereito_usc/

Así mesmo, empregase o sistema de “**Anuncios da Coordinación**” no Campus Virtual das titulacións como canle habitual de comunicación co estudantado e profesorado. Cada anuncio xera unha notificación automática por correo electrónico a todos os membros da titulación correspondente.

Por último, a Facultade conta con **pantallas dixitais e taboleiros físicos** de anuncios onde se publica regularmente información de interese, como prazos de convocatorias, celebración de cursos, xornadas ou obradoiros. Ademais, a Escola de Práctica Xurídica de Santiago dispón dunha pantalla de televisión propia situada na entrada das súas instalacións, a través da cal se ofrece información actualizada sobre

todas as actividades diarias relacionadas co Mestrado: calendario de clases, reunións titoriais, actos de defensa do TFM, períodos de prácticas externas, distribución do estudantado, entre outros.

Todos estes canais de comunicación utilízanse para a difusión de información relativa a todas as titulacións adscritas á Facultade de Dereito. Con todo, o **Grao en Criminoloxía** e o **Máster Universitario de Avogacía** dispoñen de espazos web propios.

1.2. Espazos web propios

1.2.1. Grao en Criminoloxía

En concreto, a web do **Instituto de Criminoloxía** complementa a información publicada na páxina institucional da Facultade de Dereito e conta cun apartado específico dedicado ao Grao, onde se inclúe información especialmente relevante para a elección destes estudos e para o correcto desenvolvemento de certas materias, como as convocatorias para a elección de liña e tutor do Traballo Fin de Grao ou as prácticas externas (<https://www.usc.gal/es/institutos/criminoloxia/grao-en-Criminoloxia.html>). Esta dobre presenza responde á tendencia detectada no alumnado de buscar información directamente na web do Instituto, dada a súa tradición na organización destes estudos en Galicia. A implicación do Instituto na coordinación do Grao potencia a capacidade da Facultade para facilitar información e atender consultas relacionadas.

1.2.2. Máster Universitario en Avogacía

Pola súa banda, a web da **Escola de Práctica Xurídica** ofrece información detallada, completa e actualizada periodicamente sobre o **Máster Universitario de Avogacía**, tal como recollen os informes da ACSUG na Avaliación para a Renovación da Acreditación do Máster (2016) e no Informe Final de Seguimento 2017/2018. Actualmente, esta páxina constitúe o canal de información máis completo e actualizado sobre calquera aspecto relacionado co Mestrado, especialmente no que atinxe á participación do profesorado externo (<https://epxsantiago.org/>). Nela recóllese toda a información necesaria tanto para persoas interesadas en inscribirse como para alumnado matriculado e outros grupos de interese. Por este motivo, establecéronse ligazóns directas desde as webs da USC, da Facultade de Dereito, do ICA Santiago e do ICP Santiago, co fin de facilitar o acceso á información a calquera persoa interesada. Dende a coordinación do Mestrado, en colaboración cos servizos da USC, elaborouse un vídeo de difusión con información sobre a titulación aloxado na canle de Youtube da EPX. Dispoñible en: <https://www.youtube.com/watch?v=aP1VSYI9gv4>


2. Satisfacción dos grupo de interese coa información pública

2.1. Satisfacción do alumnado coa información pública

2.1.1. Satisfacción do alumnado coa información pública: estudos de grao

A valoración media do alumnado dos estudos de grao adscritos á Facultade de Dereito respecto da información pública dispoñible sobre as titulacións foi, no curso 2023/2024, de 3,2. Esta puntuación consolida a tendencia positiva iniciada no curso anterior e mellora de maneira significativa os resultados do curso 2021/2022, no que a valoración foi de 2,95. En conxunto, os datos reflicten unha percepción favorable por parte do estudantado, aínda que tamén sinalan márxes de mellora para avanzar na claridade, accesibilidade e actualidade da información ofrecida.


Satisfacción alumnado información pública estudos de grao



Centrándonos en cada unha das titulacións de grao adscritas á Facultade de Dereito, cómpre salientar o seguinte:

- No caso do **Grao en Dereito**, obsérvase unha tendencia ascendente sostida dende o curso 2020/2021, que se consolidou nos cursos 2022/2023 e 2023/2024, cunha valoración practicamente estable nestes dous últimos anos. Esta evolución pon de manifesto unha **mellora progresiva na percepción do estudantado** respecto da información pública dispoñible sobre a titulación.
- En relación co **Dobre Itinerario**, a situación é inversa. Desde o curso 2020/2021 evidénciase unha tendencia descendente, cunha **diminución acumulada de 1,56 puntos** ata o curso 2023/2024. Esta evolución aconsella unha revisión e posible mellora dos mecanismos de difusión e transparencia da información vinculada a esta titulación.
- Polo que respecta ao **Grao en Criminoloxía**, a evolución é claramente positiva. Desde o curso 2021/2022 mantense unha tendencia ascendente, alcanzando no curso 2023/2024 a súa mellor valoración histórica, cun 3,46. Estes resultados evidencian un **crecemento sostido na satisfacción do alumnado** en relación coa información pública ofrecida.


Satisfacción alumnado información pública títulos de grao



2.1.2. Satisfacción do alumnado coa información pública: estudos de mestrado

A **valoración media do alumnado dos estudos de mestrado adscritos á Facultade de Dereito** respecto da **información pública dispoñible sobre as titulacións** foi, no **curso 2023/2024**, de **3,93**, o que supón un **incremento de 0,43 puntos** con respecto ao curso 2021/2022. Esta evolución **confirma a tendencia ascendente** iniciada nese período e **reflicte un nivel de satisfacción notable por parte do estudantado**. En conxunto, os datos permiten **valorar moi positivamente os esforzos realizados en materia de transparencia e accesibilidade da información**, ao tempo que animan a **manter e reforzar as boas prácticas institucionais nesta área**.

Satisfacción alumnado información pública estudos de mestrado




Centrándonos en cada unha das **titulacións de mestrado adscritas á Facultade de Dereito**, cómpre salientar o seguinte:

- No caso do **Máster Universitario en Avogacía**, a **satisfacción do alumnado respecto da información pública dispoñible incrementouse lixeiramente no curso 2023/2024** con respecto ao curso anterior, **acadando unha puntuación de 3,87**. Esta evolución **reflicte unha percepción positiva e estable** por parte do estudantado, aínda que **se identifica marxe de mellora** para alcanzar os niveis máis altos de excelencia.
- En canto ao **Máster Universitario en Estudos Internacionais**, obsérvase unha **clara tendencia ascendente dende o curso 2020/2021**, cun **incremento acumulado de 1,33 puntos** ata acadar, no **curso 2023/2024**, unha **valoración de 4 puntos**. Estes datos **poñen de manifesto unha mellora significativa na percepción do alumnado e evidencian o acerto das accións orientadas a reforzar a calidade e transparencia da información sobre a titulación**.

En conxunto, os resultados permiten **valorar de forma positiva a evolución das titulacións de mestrado neste ámbito**, consolidando **un nivel de satisfacción alto e unha tendencia cara á excelencia informativa**.

Satisfacción alumnado información pública títulos de mestrado



Polo que respecta ao **Máster Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais**, o nivel de satisfacción do estudantado coa información dispoñible sobre a titulación foi de **3 puntos sobre 5**, o que revela unha valoración intermedia e mellorable neste ámbito.


2.2. Satisfacción do PDI coa información pública

2.2.1. Satisfacción do PDI coa información pública: estudos de grao

A valoración media do PDI dos estudos de grao adscritos á Facultade de Dereito respecto da información pública dispoñible sobre as titulacións foi, no curso **2023/2024**, de **4,25 puntos**. Esta cifra supón un incremento de **0,16 puntos** respecto ao curso **2022/2023** e constitúe a segunda mellor valoración dos últimos catro cursos académicos, nos cales se superou sempre a puntuación de **4 puntos**.

Estes resultados **reflicten unha percepción moi positiva por parte do profesorado** sobre a calidade, claridade e accesibilidade da información ofrecida, e **confirman a consolidación dun nivel elevado de transparencia institucional** neste eido.

Satisfacción PDI información pública estudos de grao



Polo que respecta a cada unha das **titulacións de grao adscritas á Facultade de Dereito**, cómpre salientar o seguinte:


- No caso do **Grao en Dereito**, a **valoración do profesorado respecto da información pública dispoñible sobre a titulación** mantense estable ao longo dos catro cursos académicos **analizados**, con puntuacións arredor dos **4,32 puntos**. No curso **2023/2024**, a valoración foi de **4,29**, o que **confirma a boa percepción consolidada** nesta área.
- En canto ao **Dobre Itinerario**, a valoración amosa un **comportamento máis oscilante**, aínda que no curso **2023/2024** acadáronse os **4 puntos**, o que **supón unha mellora de 0,17 puntos**

respecto ao curso anterior, pero aínda **0,39 puntos por debaixo da puntuación rexistrada no curso 2021/2022**. Esta evolución indica **certa inestabilidade na percepción do PDI**, que convida a **analizar posibles áreas de mellora**.

- Polo que respecta ao **Grao en Criminoloxía**, a valoración **supera os 4 puntos en todos os cursos**, destacando especialmente o **curso 2023/2024**, no que se acadou a **máxima puntuación histórica con 4,45 puntos**. Este resultado **representa un incremento de 0,39 puntos respecto ao curso anterior e reflicte unha evolución moi positiva na percepción do profesorado**.

En conxunto, os datos **evidencian un nivel xeral de satisfacción elevado por parte do PDI**, especialmente no Grao en Criminoloxía e no Grao en Dereito, ao tempo que sinalan a **necesidade de estabilizar e reforzar a percepción no Dobre Itinerario**.

Satisfacción PDI información pública títulos de grao




2.2.2. Satisfacción do PDI coa información pública: estudos de mestrado

A **valoración media do PDI dos estudos de mestrado adscritos á Facultade de Dereito respecto da información pública dispoñible sobre as titulacións** foi, no **curso 2023/2024**, de **4,46 puntos**, unha puntuación **idéntica á do curso anterior**. Este resultado **reflicte un alto nivel de satisfacción mantido no tempo**, que **consolida a percepción positiva do profesorado** sobre a calidade, accesibilidade e transparencia da información institucional ofrecida nas titulacións de mestrado.

En termos globais, esta estabilidade en niveis elevados é **indicativa dun bo funcionamento dos mecanismos de comunicación e difusión**, aínda que tamén **anima a continuar afondando nas boas prácticas para asegurar a excelencia informativa**.

Satisfacción PDI información pública estudos de mestrado




Polo que respecta a cada unha das **titulacións de mestrado adscritas á Facultade de Dereito**, cómpre salientar o seguinte:

- No caso do **Máster Universitario en Avogacía**, a **valoración do PDI respecto da información pública dispoñible** acadou no **curso 2023/2024 os 4,42 puntos**, o que **supón unha recuperación dos valores alcanzados no curso 2020/2021**. Esta evolución **reflicte unha percepción favorable e consolidada** por parte do profesorado.
- En canto ao **Máster Universitario en Estudos Internacionais**, a **puntuación media dos últimos catro cursos sitúase en 4,55 puntos**, exactamente o mesmo valor acadado no **curso 2023/2024**. Este dato evidencia unha **estabilidade elevada e sostida no nivel de satisfacción do PDI**, que **confirma a solidez e continuidade nas boas prácticas de comunicación e transparencia informativa**.

En conxunto, os datos permiten **valorar moi positivamente a percepción do profesorado nas titulacións de mestrado**, tanto pola súa **estabilidade en niveis elevados**, como pola **capacidade de recuperación e mellora sostida**.

Satisfacción PDI información pública títulos de mestrado



5 Plan de Melloras do centro

O novo **Plan de Melloras 2024-2026 da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela** constitúe unha continuación do proceso de **mellora continua** iniciado nos plans anteriores, enmarcado no desenvolvemento e consolidación do **Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC)** do Centro. O seu deseño parte dunha **análise exhaustiva dos resultados obtidos no curso 2023/2024**, das **recomendacións formuladas pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)** e da **avaliación dos distintos indicadores de rendemento, éxito, satisfacción e información pública**.

Este novo plan responde á necesidade de **avanzar cara a unha xestión máis eficiente, participativa e transparente**, reforzando a **cultura da calidade como eixo vertebrador** da actividade docente, investigadora e de servizo. A Facultade asume o compromiso de **integrar a planificación da mellora nos seus procesos ordinarios**, establecendo **obxectivos concretos, medibles e temporalizados**, que contribúan á **excelencia académica e institucional**. O plan incorpora tamén accións orientadas a **optimizar os recursos humanos e materiais**, **actualizar procedementos** e **fortalecer a proxección social e internacional do Centro**.

A nivel global, o Plan de Melloras estrutúrase arredor das **liñas estratéxicas (LEC)** e **obxectivos específicos (OE)** do **Plan Estratéxico da Facultade**, asegurando a **coherencia entre a planificación estratéxica e a operativa**. Entre os eixos prioritarios destacan a **modernización das infraestruturas e dos espazos de traballo (LEC 3)**, a **actualización dos contidos e metodoloxías docentes (LEC 2)**, o **fortalecemento da proxección institucional e internacional (LEC 5)**, a **optimización da unidade de xestión (LEC 4)** e o **asentamento dunha cultura sólida de calidade (LEC 6)**.

No ámbito das **infraestruturas e dos recursos materiais**, o plan prevé actuacións concretas como o **redeseño da intranet da Facultade** para mellorar a usabilidade e o acceso á información, a **habilitación do Seminario 0 como sala de reunións con equipo de videoconferencia**, a **elaboración dun regulamento para o uso e xestión dos espazos**, e a **mellora da accesibilidade para persoas con discapacidade visual**. Estas accións permitirán dotar o Centro de **recursos máis modernos, accesibles e acordes coas necesidades do persoal e do alumnado**.

No ámbito **docente e académico**, destacan a **reforma do plan de estudos do Dobre Itinerario en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos**, orientada á súa **actualización e adecuación á realidade profesional**, así como o **fortalecemento da visibilidade e promoción das prácticas externas**, co obxectivo de estreitar vínculos co tecido profesional e institucional. Así mesmo, prevese o **lanzamento dunha**

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE DEREITO	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 186 de 224

campaña informativa sobre a oferta de mestrados adscritos á Facultade, destinada a mellorar a orientación académica e a captación de alumnado de posgrao.

No plano da **proxección internacional e da visibilidade científica**, o Plan contempla o **fortalecemento da internacionalización mediante a presenza de investigadores visitantes**, potenciando a **difusión da actividade académica do Centro** a través das **redes sociais e eventos científicos**. Ademais, reforzase a **participación dos distintos grupos de interese** mediante **campañas de sensibilización orientadas a incrementar a resposta nas enquisas de avaliación da calidade**, o que permitirá **dispor de información máis completa para a toma de decisións**.

Finalmente, o Plan recolle actuacións dirixidas a **optimizar o funcionamento da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos**, tanto mediante a **revisión da distribución de tarefas** como pola **cobertura das prazas vacantes**, e a **actualización dos documentos do SGIC do Centro (Manual do Sistema e Manual de Procesos)**, adaptándoos á realidade actual e ás esixencias da ACSUG.

Obxectivo a conseguir: Redesenñar a intranet da páxina web da Facultade		
Responsable do obxectivo: Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos		Data fin: 31/07/2026
Obxectivo estratéxico relacionado	LEC 3. Mellora das infraestructuras, dos entornos de traballo e da páxina web da Facultade	
	OE 3.3. Optimización da páxina web da Facultade	
Procesos clave relacionados	PE-02 Revisión e mellora	
	PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades	
	PS-05 Información Pública	

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE DEREITO	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 187 de 224

Indicador/es de medición	Satisfacción do estudantado e do PDI coa información pública.	Meta a conseguir	Redeseñar a intranet para facela máis intuitiva e accesible, priorizando a navegación sinxela e a localización rápida de información.
Accións de mellora relacionadas (Código)	FD-AM-02 (Curso 2023/2024)		

Obxectivo a conseguir: Campaña informativo sobre a oferta dos mestrados adscritos á Facultade de Dereito			
Responsable do obxectivo: Secretaría Académica		Data inicio: 09/09/2024	Data fin: 31/07/2025
Obxectivo estratéxico relacionado	LEC 5. Proxección social, institucional e internacional OE 5.1. Fomentar a ampliación e o fortalecemento das relacións sociais e institucionais, promovendo a visibilidade e o impacto da Facultade no ámbito académico, profesional e comunitario.		
Procesos clave relacionados	PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación PS-06 Información pública		
Indicador/es de medición	Nº de egresados matriculados en cada un dos mestrados	Meta a conseguir	Incremento do estudantado do Grao en Dereito e do Dobre Itinerario en Dereito

 FACULTADE DE DEREITO	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 188 de 224

	ofertados pola Facultade de Dereito		e en Relacións Laborais e Recursos Humanos que se matriculan nalgúns dos mestrados ofertados pola Facultade de Dereito. Meta: 40% dos matriculados egresados da Facultade de Dereito.
Accións de mellora relacionadas (Código)	FD-AM-07 (Curso 2023/2024)		

Obxectivo a conseguir: Reforma do plan de estudos do Dobre Itinerario en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos			
Responsable do obxectivo: Decana / Vicedecano de Organización Docente		Data inicio: 01/04/2025	Data fin: 31/03/2026
Obxectivo estratéxico relacionado	LEC 2. Actualización dos contidos, dos métodos docente e da formación do PDI e do PTXAS OE 2.2. Revisión do plan de estudos do dobre itinerario Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos		
Procesos clave relacionados	PE-02 Revisión e mellora PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades		
Indicador/es de medición	1. Creación dun grupo de traballo para a revisión do	Meta a conseguir	Aprobación polas Xuntas de Facultade de Dereito e

	plan de estudos do dobre itinerario Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos. 2. Presentación dunha proposta de novo plan de estudos para o Dobre Itinerario en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos		de Relacións Laborais e Recursos Humanos dunha reforma para o Dobre itinerario Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos.
Accións de mellora relacionadas (Código)	FD-AM-01 (Curso 2024/2025)		

Obxectivo a conseguir: Visibilizar e promover de forma eficaz a oferta de prácticas externas curriculares e extracurriculares do centro e da USC			
Responsable do obxectivo: Secretaria académica		Data inicio: 09/09/2024	Data fin: 31/07/2025
Obxectivo estratéxico relacionado	LEC 2. Actualización dos contidos, dos métodos docente e da formación do PDI e do PTXAS OE 2.4. Acercar a práctica profesional as aulas mediante a colaboración con profesionais externos		
Procesos clave relacionados	PS-06 Información Pública		
Indicador/es de medición	Taxa de participación dos egresados en prácticas externas curriculares e extracurriculares	Meta a conseguir	1. Incrementar nun 10% a taxa de participantes egresados que realizan

			prácticas externas curriculares. 2. Completar o 80% das prazas que se ofertan á Facultade de Dereito para realizar prácticas externas extracurriculares.
Accións de mellora relacionadas (Código)	FD-AM-02 (Curso 2024/2025)		
Obxectivo a conseguir: Elaboración dun regulamento para o uso e xestión dos espazos da Facultade de Dereito			
Responsable do obxectivo: Decana / Vicedecano de AA.EE e Infraestructuras		Data inicio: 03/02/2025	Data fin: 30/05/2025
Obxectivo estratéxico relacionado	LEC 3. Mellora das infraestructuras, dos entornos de traballo e da páxina web da Facultade OE 3.1. Elaborar unhas directrices para a regulación do uso dos espazos e renovación das instalacións da Facultade conforme a dispoñibilidade orzamentaria.		
Procesos clave relacionados	PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos		
Indicador/es de medición	- Constitución dun grupo de traballo para a elaboración dunha proposta de Regulamento para o uso e	Meta a conseguir	Aprobación pola Xunta de Facultade de Dereito dun Regulamento para o uso e xestión dos espazos da Facultade de Dereito

	xestión dos espazos da Facultade de Dereito. - Actas das reunións do grupo de traballo creado para a elaboración dunha proposta de Regulamento para o uso e xestión dos espazos da Facultade de Dereito. - Proposta de Regulamento para o uso e xestión dos espazos da Facultade de Dereito.		
Accións de mellora relacionadas (Código)	FD-AM-03 (Curso 2024/2025)		

Obxectivo a conseguir: Habilitar o Seminario 0 como sala de reunións con equipo de videoconferencia

Responsable do obxectivo: Vicedecano de AA.EE e Infraestructuras

Data inicio: 01/10/2024

Data fin: 20/12/2024

Obxectivo estratéxico relacionado

LEC 3. Mellora das infraestructuras, dos entornos de traballo e da páxina web da Facultade

OE 3.2. Actualización e modernización tecnolóxica da Facultade conforme á dispoñibilidade orzamentaria

Procesos clave relacionados

PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos

Indicador/es de medición

